

Xornadas celebradas o 26 e 27 de xuño de 2008
EGAP, Santiago de Compostela

A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIDADÁN



A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIDADÁN

3



A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIDADÁN

Escola Galega de Administración Pública

Xornadas celebradas o 26 e 27 de xuño de 2008. A Coruña

Edita_

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)
Rúa de Madrid 2 – 4, Polígono das Fontiñas
15707 Santiago de Compostela

Tradución e revisión lingüística_

Ibáñez Pena, María
Mayer Mayer, Iria
Núñez Rouco, Rebeca

Diseño e maquetación_

Krissola diseño, S.L.

Imprime_

Agencia Gráfica Gallega, S.L.

ISBN_

978-84-453-4789-8

Depósito legal_

C 1269-2009

ÍNDICE

Presentación Carlos Suárez-Mira Rodríguez	7
Inauguración das xornadas Carlos Suárez-Mira Rodríguez	9
Conferencia inaugural. Gobernanza e Administración de Xustiza Joan Prats i Catalá	15
Mesa redonda. O Papel das Comunidades Autónomas na Administración de Xustiza Begoña Santos Fernández	25
Mesa redonda. O Papel das Comunidades Autónomas na Administración de Xustiza Joan Mauri Majós	33
Mesa redonda. Relacións entre xurisdicción constitucional e xurisdicción ordinaria José Ricardo Juan Sánchez	43
Mesa redonda. Relacións entre xurisdicción constitucional e xurisdicción ordinaria Jacobo López Barja de Quiroga	51
Mesa redonda. Algunhas cuestións da orde penal: a investigación e a dobre instancia Juan José López Ortega	57

Conferencia.	
El recurso de casación penal y el derecho del condenado a someter a revisión su condena	
Mercedes Pérez Manzano	65
1. Introducción	67
2. La jurisprudencia constitucional	70
2.1. Hasta el Dictamen del Comité de Derechos Humanos de Naciones Unidas de 11 de agosto de 2000, caso Gómez Vázquez c. España	70
2.2. La jurisprudencia constitucional posterior	74
3. El fundamento del derecho al doble grado de jurisdicción y los modelos de segunda instancia	77
4. La compatibilidad del recurso de casación con el derecho al doble grado de jurisdicción	82
 Mesa redonda.	
O Consello Xeral do Poder Xudicial e a carreira xudicial	
Juan Carlos Campo Moreno	85
 Mesa redonda.	
O Consello Xeral do Poder Xudicial e a carreira xudicial	
Félix Pantoja García	91
 Mesa redonda.	
O Consello Xeral do Poder Xudicial e a carreira xudicial	
Manuel Almenar Belenguer	97
 Mesa redonda.	
A oficina xudicial	
Alberto Palomar Olmeda	105
 Mesa redonda.	
A oficina xudicial	
Ricardo Bodas Martín	113
 Conferencia de clausura.	
Poder Xudicial e principios constitucionais	
Tomás Salvador Vives Antón	121
 Clausura das xornadas	
José Luís Méndez Romeu	129

PRESENTACIÓN

A publicación que o lector ten nas súas mans trae a súa causa das Xornadas “A Administración de Xustiza como servizo ao ciudadán” que a Escola Galega de Administración Pública, dentro da súa programación, organizou durante os días 26 e 27 de xuño de 2008 na Coruña. Nela recompílanse a maior parte das intervencións que tiveron lugar ao longo deses dous días na cidade herculina. A cuestión da xustiza era entón e segue sendo no momento presente unha cuestión aberta e sensible. A recente folga de xuíces, primeira na historia deste país (e esperemos que a última), as reivindicacións das asociacións xudiciais, a dimisión do ministro de Xustiza e outra serie de acontecementos constitúen só unha breve mostra do movemento de fondo que está a padecer a nosa maltreita Administración de xustiza. Medios decimonónicos, ausencia de tecnoloxías da información e a comunicación, competencias compartidas entre varias administracións e poderes, formación deficiente de certos funcionarios, interinidade, illamento de unidades xudiciais, planta obsoleta, complexidade procedemental, soldos mellorables, excesiva carga de traballo dos xuíces, etc., etc. debuxan un panorama que provoca certo desalento e obriga a todos, Ministerio de Xustiza, CXPX e Comunidades Autónomas, e obviamente, a xuíces, fiscais, avogados, procuradores e persoal ao servizo da Administración de xustiza, a poñer cada un da súa parte para situar a Xustiza no lugar que lle corresponde.

Neste libro contéñense algunas reflexións moi interesantes sobre o particular que, espero, contribúan ao debate público e á construción dun modelo de Administración de xustiza que estea á altura da España do século XXI.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2009

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da Escola Galega de Administración Pública

INAUGURACIÓN DAS XORNADAS

Autor

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da EGAP

9

m

A ADMINISTRAÇÃO DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIUDADÁN

Ola, bos días a todos e benvidos a estas xornadas da Administración de Xustiza como servizo ao cidadán.

A Xustiza pronunciada con maiúsculas constitúe, como saben vostedes, un valor superior do ordenamento xurídico español, xunto a outros valores tan importantes como a liberdade, a igualdade ou o pluralismo político, que son fundamentos do Estado social e democrático de Dereito, e aparecen recollidos no artigo 1 da Constitución Española, que é o artigo más importante, precisamente pola súa posición preeminente. Esa é a importancia que lle atribuímos, o noso país e todos os demais, a esta institución, mais non estamos aquí para falar do valor xustiza senón para falar da xustiza como entramado organizativo; unha concepción más prosaica da xustiza, como organización ao servizo do cidadán para resolver os conflitos sociais que o seu desenvolvemento na vida en sociedade poida producir. Trataremos pois da xustiza como administración, como unha administración peculiar, non é exactamente igual que outro tipo de administracións, como a administración local ou a administración xeral do Estado, senón que ten certos componentes singulares, empezando, en primeiro lugar, pola condición dos seus propios e principais servidores, os xuíces e maxistrados que o componen, e que integran nada menos que un dos poderes do Estado que é o Poder Xudicial. O seu estatuto de independencia, de inamovibilidade, de responsabilidade e de sometemento únicamente ao imperio da Lei, garante precisamente unha satisfactoria resposta ás demandas dos cidadáns.

Xunto aos titulares dese Poder Xudicial, administradores da xustiza, servindo en xulgados e tribunais con competencia exclusiva para xulgar e para facer executar o xulgado, achamos tamén outros importantes actores no escenario xudicial, principiando polo Ministerio Fiscal, que ten un papel principal de promotor da acción da xustiza en defensa da legalidade, os dereitos dos cidadáns e o interese público tutelado pola Lei, e ademais coa misión tamén fundamental de velar pola independencia dos tribunais. Xunto aos membros da xudicatura e da fiscalía, outros actores ou protagonistas esenciais son precisamente os secretarios xudiciais, verdadeiros directores da oficina xudicial e daquelles que a integran, os funcionarios dos corpos de xestión e de tramitación procesual e os funcionarios de auxilio xudicial; do seu funcionamento harmónico, sincronizado e eficaz vai depender o bo fin dos procedementos, que cheguen a bo porto e tamén a percepción que os propios cidadáns teñan dese servizo seu da Administración de Xustiza, ben directamente cando participan como testemuñas, ou ben como partes nos procedementos xudiciais, e dun xeito indirecto cando ao ler o xornal ou ao escoitar a radio, ou ver a televisión pois se alarmen, máis ou menos ou nada, dos presuntos males que ten a xustiza nestes momentos e en momentos tamén anteriores.

Non esquezo aos avogados e aos procuradores, lexítimos defensores e representantes dos intereses xurídicos de quen os contrata, que son tamén principais sufridores das carencias dun sistema xudicial lento, desfasado, e sen dúbida, necesitado de reformas na súa propia autoorganización e nas súas técnicas de xestión. Tampouco esquezo aos que fan posible que día tras día todo este entramado funcione mellor ou peor, como é a administración do Estado e a administración das Comunidades Autónomas que teñen transferidas as materias de xustiza como é o caso de Galicia, aos que se lles demanda constante e reiteradamente unha serie de recursos humanos, de recursos materiais, edificacións, tecnoloxía informática, incremento da planta, etc., e non obstante, malia o esforzo e malia os inxentes investimentos que se van facendo, o certo é que existe un xeneralizado sentimento de insatisfacción, xa que ningún está contento co funcionamento da xustiza e nas enquisas que se fan á poboación sempre resulta moi mal parada esta organización.

Ante este panorama, que desde logo en absoluto é apocalíptico, áinda que poida derivarse outra cousa da análise que fan os medios de comunicación, na Escola Galega de Administración Pública pareceunos oportuno organizar estas xornadas para abrir un debate público e para reflexionar sobre esta realidade. Nelas contamos coa presenza duns relatores de excepción, bos coñecedores da temática que nos ocupa. Quixéronse tratar temas que agora mesmo están ou recentemente teñen estado nos medios e no discurso público e tamén aqueles outros que de seguro nesta lexislatura que acabamos de principiar, van estalo. Falarase de temas tan importantes como a gobernanza na Administración de Xustiza, peculiar, tamén, e distinta doutras clases de gobernanza noutras institucións públicas e tamén no eido da empresa privada. Falarase do papel que teñen as Comunidades Autónomas, competentes nalgúnsas materias, mais non competentes en todas as materias, o que produce situacións disfuncionais que leva ós conselleiros de xustiza das distintas comunidades a exporlle ao Estado unha reformulación da distribución de competencias porque se producen certos desaxustes importantes con atribucións de responsabilidades a quen moitas veces non as ten. Falarase tamén ao longo desta mañá da relación entre a xurisdición constitucional e a xurisdición ordinaria, que duns anos a esta parte foi certamente controvertida cando non abertamente conflictiva, con acusacións incluso sonoras de invasión de competencias e de cuestionar o papel que constitucionalmente lle corresponde a cada un dos altos tribunais. Xa pola tarde abordaranse algunas cuestións da orde penal, como a instrución, e a dobre instancia, instrución que como saben hai un debate que non é de hoxe, que vén de moitos anos atrás sobre quen debe ser o principal promotor, se o xuíz, como está sucedendo actualmente en España, ou o Ministerio Fiscal, como sucede noutros moitos países. E tamén, o tema polémico da dobre instancia na orde penal, tralas reiteradísimas condenas a España por parte de instancias internacionais. Finalizaremos a primeira xornada coa mesa relativa ao Consello Xeral do Poder Xudicial e carreira xudicial onde se pasará revista a cuestións que teñen xerado polémica nesta lexislatura pasada, como o sistema de maiorías nos nomeamentos de cargos xudiciais, o bloqueo dalgúns deles, do que aquí nesta comunitade sufrimos xa durante máis dun ano e medio a interinidade na presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a revisión do sistema de acceso á carreira xudicial, sobre todo tralas declaracións do ministro de xustiza, propondo que quizais haxa fórmulas alternativas ao puro sistema de oposición memorística, etc. Xa no día de mañá, analizarase a oficina xudicial, presuposto básico para un correcto funcionamento da organización xudicial e remataremos cunha conferencia de altura titulada "Poder xudicial e principios constitucionais" a cargo de quen foi maxistrado durante moitos anos e vicepresidente na súa última etapa do Tribunal Constitucional e bo coñecedor da dogmática penal e procesual-penal, como é o profesor Vives Antón.

Remato xa esta breve presentación agradecendo á Fundación Caixa Galicia as facilidades que nos brindou para a celebración destas xornadas, ao profesor Orts, que me acompaña na mesa, que aceptou coordinarlas e a todos os relatores e moderadores, começando polo profesor Prats, que

tamén me acompaña na mesa e vai iniciar estas xornadas, pola súa xenerosa contribución desaten-dendo por unhas horas as súas importantes obrigas e que está aquí para ilustrarnos, o que lle agradezo de todo corazón.

O persoal da EGAP e eu mesmo estamos á súa enteira disposición para aquelas cousas que poidan precisar e desexamos que esta actividade formativa sexa de interese e supoña pois un melloramento na súa formación como profesionais da xustiza, que son a maioría de todos vostedes, e tamén como cidadáns.

Moitas grazas.

CONFERENCIA INAUGURAL. GOBERNANZA E ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Autor

Joan Prats i Catalá
Presidente da Asociación Internacional
para a Gobernanza e a Cidadanía

15

m

A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIUDADÁN

Bos días a todos. Querido Carlos Suárez Mira, grazas á Escola Galega de Administración Pública, á Xunta de Galicia, ao persoal da EGAP pola amabilidade e a atención de que nos fixeron obxecto, grazas a ti, querido Enrique, que creo que a amizade e o afecto... xa verán vostedes como si que en efecto lle traizoa un pouco polo menos.

Eu, en primeiro lugar, teño que pedirles desculpas a todos porque estou nunhas condicións físicas case deplorábeis; veranme vostedes suar e é dun forte arrefriado porque aterrei onte de Bolivia e na Europa ainda non se deron conta de que alí hai un virus terríbel que se chama o *evolococcus* e a min deume con moita forza, así que se me ven respirar non crean vostedes que se debe a ningunha outra razón.

Que é isto de gobernanza e Administración de Xustiza? O que me atraeu destas xornadas é que se expoña a Administración de Xustiza como servizo ao ciudadán. Podemos ver a Administración de Xustiza desde dúas perspectivas diferentes: como exercicio dun poder público, mais tamén como un servizo ao ciudadán nun estado democrático. Non é o mesmo. A perspectiva que se adopte, a mirada levanta unha realidade diferente. Este é un vello tema do dereito administrativo. A administración pública en xeral é poder ou servizo? Un debate entre Hauriou e Duguit. Para Duguit, era servizo porque a chave está en procurar cohesión social e a cohesión social depende, fundamentalmente, non tanto do poder como dos servizos. Mais case toda a construción do dereito administrativo e, en xeral do dereito público moderno, fíxose a partir da idea de poder, e de someter o poder ao dereito e con iso o feito de garantir a liberdade e a propiedade fundamentalmente dos cidadáns.

Non en todo o mundo é así. Isto que nos parece a nós como a concepción normal, en moitos países soa raro isto, porque nalgúns países, especialmente os de tradición de *common law*, con máis forte sociedade civil e que primeiro se apuntaron aos movementos democráticos, non necesariamente liberais... Non confundir o liberal co democrático. A democracia loitou co liberalismo con todas as forzas, e non por métodos pacíficos precisamente ao longo de todo o século XIX en moitísimos países. Desde unha perspectiva democrática, desde unha perspectiva de sociedade civil, a verdade é que os funcionarios públicos foron vistos case sempre como servidores civís, esta é a expresión que se emprega no mundo angloamericano, e nós utilizamos a expresión funcionarios públicos, exercemos unha función asignada pola Constitución e as leis ao poder. Non é exactamente o mesmo.

Nun caso é a sociedade civil a que se autoorganiza, a que acode a través de mecanismos que despois se mitifican no contrato social, acode realmente a asignar unhas funcións a unha serie de persoas, entre as que están os xuíces. É ben curioso: os xuíces... eu... isto custoume moitos anos enten-

delo. Nas concepcións más angloamericanas, non son tanto órganos do Estado, así Ilo lía a García de Enterría unha vez, e custoume moitos anos entendelo, como órganos do dereito e por extensión, do pobo. Esta é unha idea que realmente nos choca a nós, como case nunca entendemos como se poden escoller os xuíces. Claro, é que se os xuíces son órganos do pobo, e o pobo é o que produce o dereito, parece tamén, é lóxico que polo menos, nalgúns niveis, non sexa unha idea disparatada, a que os xuíces poidan escolllerse. E, porén, a nós todo isto asústanos, parécenos politicización, paréce-nos risco de manipulación social dos xuíces, atentados á súa independencia, á súa imparcialidade, mais non se vive así en moitos países do mundo.

É máis, actualmente hai estudos, isto xa pertence ao campo da economía das institucións públicas, que se preguntan e analizan e tratan de responder empíricamente que sistema ofrece mellor seguridade xurídica e conseguintemente mellores perspectivas de previsibilidade e de desenvolvemento económico a longo prazo, se o sistema continental do *Civil Law* ou o sistema más angloamericano do *Common Law*. A resposta é claramente a favor do *Common Law*. E é que no mundo continental, a nós fáisenos más difícil entender unha distinción fundamental, que é a distinción entre dereito e lei. A pesar de que temos avanzado moito nese sentido, mais o dereito non é lexislación, o dereito non só é a lei. Nós pertencemos a unha tradición moi influída por Francia, e pertencemos a un mundo onde en realidade non é a sociedade a que articulou o Estado, senón que na nosa historia constitucional e institucional, más ben é o Estado o que articulou a sociedade. E articulo una a base de lexislador, e por iso para nós ten sido un tema case dramático sobre se a xurisprudencia era fonte do dereito; son problemas que noutras culturas xurídicas, quero comezar con esta grande imaxe, noutras culturas xurídicas exponse doutra maneira.

Claro, se un mira desde o punto de vista do cidadán, se un pon na camisa de cidadá e cidadán, e non na lóxica dun poder do Estado, en que consiste este servizo que podemos chamar... que ten que prestar a Administración de Xustiza? Que me resolve a min como sociedade? Por que? Por que é necesario este servizo? Ás veces, non podemos dar as respostas por obvias, temos que propolas constantemente. Ben, pois a resposta é que, efectivamente, eu pediría que un servizo de xustiza me vai dar servizos que os clásicos chamaban *uti singuli*, é dicir, personalizados. Cando teño un conflito necesito acudir a unha instancia que vai ademais ser a que dite a última decisión, que me dá garantías de que o meu conflito se resolva conforme a dereito, e entón vivo algo menos ansioso, nunha sociedade onde rexe a legalidade.

Rousseau dicía que o gran salto civilizador é pasar do goberno das persoas ao goberno das leis. Entón, saber que a miña sociedade está gobernada polas leis rebaixa tensión, rebaixa ansiedade. Conseguintemente, incrementa diminuír os medos e incrementa a felicidade. Mais, ademais, hai unha función moi importante: se a xustiza funciona, non existen incentivos para que nos metamos nunha conflitivididade excesiva porque sabemos que ao final haberá un criterio legal e razoábel que se acabará impoñendo, e os individuos temos comportamentos razoábeis e tendemos a adaptarnos a aquilo que o deseño institucional incentiva como máis convinte para todos nós. É dicir, temos que esperar que un bo sistema do servizo de xustiza pensado para os cidadáns diminúa o comportamento oportunista dos cidadáns, é dicir, o buscar vantaxes desde a nosa posición de posibel abuso, no uso dos servizos da Administración de Xustiza en relación a cidadáns que se encontran en clara desvantaxe fronte a eses servizos. Hai tamén iso de que o servizo da cidadanía non só é un servizo *uti singuli*, a cidadáns concretos que teñen un problema, tamén é un servizo *uti universitate*, é dicir, é un servizo xeral para a sociedade, pasa o mesmo co servizo de saúde, a prestación pola que sando unha persoa, non ten nada que ver coa prestación pola que impido que se propague unha epidemia. Ben, se nós conseguimos un bo servizo de xustiza para os cidadáns e as empresas, loxicamente incrememos o nivel de seguridade xurídica que existe nun país, e hoxe en día isto os economistas da eco-

onomía institucional o conectan claramente coas perspectivas de desenvolvemento económico dun país a longo prazo. É dicir, non só está en xogo o problema individual, está en xogo un valor social, un ben xurídico, político e económico importantísimo que por comodidade da linguaxe, imos chamar certeza ou seguridade xurídica. Entón, que a xustiza funcione como un servizo aos cidadáns, representa valores políticos, sociais, económicos moi importantes, non estamos falando da broma, só do drama ou do capricho dos preteantes; estamos falando dun valor de organización social.

Ben, pois, como estamos en España? Desde a perspectiva da Administración de Xustiza como servizo aos cidadáns? Podería dar máis datos, límítome aos seguintes. En primeiro lugar, ben, como di un amigo meu cando lle preguntan como estás e el responde sempre 'comparado con quen?'. Entón pois aquí... con quen nos comparamos? Tomemos un índice xeral que agrega diversos indicadores que miden até onde os cidadáns, empresas e organizacións teñen confianza e se senten vinculados polas normas xurídicas, como perciben a incidencia da criminalidade, da efectividade e previsibilidade da xustiza do cumprimento efectivo dos contratos. A través de agregar diversos indicadores, constrúese como se encontra o país comparado con outros. Ben, pois en España, se nos comparamos coa Europa dos vinte e sete, estamos más ou menos á metade, aquí non teríamos unha brecha ou un déficit, mais se nos comparamos cos mellores da Europa dos vinte e sete, ou sexa, a antiga Europa dos quince, só están por detrás nosa Grecia e Italia. Estamos, digamos, á metade do pelotón mais á cola dos mellores. E por diante nosa está... ben, pois a moi lixeira vantage, Portugal, non moi lonxe Francia e despois Bélgica. Imaxínense vostedes... Alemaña está no 7º-8º posto. Estes son indicadores subxectivos. É dicir, como aprecian a situación diversas persoas que teñen unha relación cotiá cos servizos da Administración de Xustiza. Son indicadores que se van afinando progresivamente e que son bastante considerados e respectados na comunidade internacional. É dicir, se agora facemos outra comparación, e dicimos en que lugar estamos considerando o noso *pib per cápita* ou se vostedes queren, o noso IDH, que é o Indicador de Desenvolvemento Humano, que xunta *pib per cápita* con lonxevidade e con tempo de escolarización, pois ben, institucionalmente, estamos por detrás, tanto do lugar que nos correspondería por *pib per cápita* e por IDH, é dicir, podemos falar con razón de que en España temos unha brecha institucional, unha de cujas dimensións más notorias é a brecha do Estado de dereito, de seguridade xurídica... dito nun sentido non técnico... nun sentido amplo. E isto é inquietante porque a teoría económica do benestar hoxe nos di que o índice máis importante para o benestar a longo prazo dunha sociedade, é o seu nivel de institucionalidade. Non só temos pois unha necesidade de converxencia real coa Unión Europea dos quince, temos tamén unha suxestión seria que é a necesidade dunha converxencia institucional e concretamente en materia de seguridade xurídica de estado de dereito.

Carlos Suárez Mira facía referencia a outro indicador cívico chave que é a confianza dos cidadáns na súa Administración de Xustiza. Ben, as enquisas que Joan Mauri amabelmente me pasou sobre como está isto en Cataluña pois amosan tamén algúns temas preocupantes... en fin, que deben facernos reflexionar. Un 34,2% da ciudadanía valora negativamente a Administración de Xustiza e un 20,6% valórana positivamente. Preguntados sobre se teñen confianza na súa Administración de Xustiza, un 53,3% manifesta pouca ou ningunha confianza e un 31,9% manifesta moita ou bastante. Á pregunta de se os cidadáns cren que as leis garanten a igualdade, a súa igualdade ante a lei, un 62,6% contesta que non, que non cre que as leis garantan a igualdade fronte á lei, e un 76,8% cre que a Administración de Xustiza non aplica as leis de igual modo para todos.

Os nosos concidadáns perciben a Administración de Xustiza como profesional e rigorosa, mais cando se lles pregunta se a consideran moderna, eficaz, independente, xusta, comprensíbel, transparente ou rápida, a suspenden. Só a aproban en relación á profesionalidade e rigorosidade. En todas as demás dimensións que se inclúen nesta enquisa, suspenden o servizo da xustiza. Entón, a pregunta é: cal é o

problema? Estará o problema, tendo en conta os custos, en facer a xustiza máis eficiente, estará o problema na planta, no mapa, na mellor distribución da carga? Na mellor ordenación e xestión dos recursos humanos, nos diferentes niveis? haberá un problema serio de comunicación? haberá un problema de linguaxe? Problema de claridade? Un problema de tempos? Un problema de garantías?

Sen dúbida, todo isto son problemas inherentes ao deseño e ao funcionamento de todo servizo e tamén da xustiza... mais teño a sensación de que se pode ir avanzando en todo isto e esta é unha primeira cousa que lles propoño para conversar, pódese ir avanzando en todo isto, que son propostas, da orientación e resultados da xestión burocrática, agora despois falarei disto, ou incluso da nova xestión pública, e é irrenunciábel ir avanzando en todo isto. Mais ao final, igual avanzamos en todo isto e non melloramos o nivel de confianza dos cidadáns no servizo da xustiza. E é que aquí quero advertir dúas cousas: en primeiro lugar, que... igual que a escola do século XX non serve para formar os cidadáns e os traballadores do século XXI, porque outra é a sociedade, outros os desafíos, hai un título dun libro de Felipe González que se chama *El futuro no es lo que era*, mais o futuro nunha sociedade dinámica nunca é o que era, sempre nos sorprende.

E querer probabelmente gobernar o servizo cidadán da xustiza, coas pautas dos constituyentes e incluso dos lexisladores da Constitución española e da Lei Orgánica do Poder Xudicial, pois probabelmente os problemas sexan outros, e quizais esteamos ante o más difícil que é un cambio de paradigma. Resulta que á vez que vamos á casa, que vemos que non acaba de funcionar, vamos pois tapando unha humidade, apuntalando un muro, redistribuíndo os cuartos, mellorando a circulación, mais ás veces, non nos demos de conta de que por debaixo da casa se formou un inmenso río. Juan Antonio Chiol dicía que nin o dereito nin a xustiza dunha sociedade global altamente tecnolóxica suxeita a unhas taxas de cambio sen precedente na historia pode gobernarse polas pautas da xustiza nunha sociedade industrial, nunha sociedade basicamente estatal. Non estamos en sociedades basicamente estatais. Xa. Eu aprendín cun profesor da Universidade Ebrea de Xerusalén, [Yehezel Dror], que isto da xestión pública leva un perigo terríbel, que é conseguir facer máis eficientemente o incorrecto, o que xa non toca facer. Isto é un risco moi grave. Por iso creo que hai un problema, que xa é hora de que sen dogmatismos, probabelmente os profesionais da xustiza, e do dereito e os líderes políticos e sociais, teñamos que discutir unha certa reconceptualización da xustiza como o servizo ao cidadán, nunha sociedade global altamente tecnolóxica, con altas taxas de cambio.

Ben, se aceptamos que a xustiza é un servizo ao cidadán teremos que pensar en que é un servizo, que non é un servizo público como os demais, ten unhas especificidades. Carlos Suárez Mira, indicábaas antes, eu vounas reiterar por iso mesmo con bastante rapidez. Nós temos unha Constitución da que nos sentimos orgullosos, é unha Constitución que nos trouxo paz e progreso e un benestar sen precedentes na nosa historia, e esa Constitución expresa que a nación española desexa establecer a xustiza, consolidar un estado de dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular, establecer unha sociedade democrática avanzada, hai que preguntarse en que colabora ou pode colaborar o servizo cidadán á xustiza para crear esa sociedade democrática avanzada que é un imperativo constitucional, e é un bo imperativo para non acomodarnos no *status quo* dos distintos servizos públicos. Para todo isto, constituímos un estado social e democrático de dereito, que proclama como un dos valores superiores do seu ordenamento, a xustiza; proclamamos que a soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan todos os poderes do Estado. E despois temos, que a xustiza emana do pobo. Mais que consecuencias ten esa expresión?

Esa expresión resultaño difícil de encaixar cando vemos a xustiza como poder, e cando a nosa tradición democrática é unha tradición democrática feble; teñan vostedes en conta que nós só vivimos a democracia espasmódica e lentamente até 1978, e que toda estrutura do noso Estado e non só o poder xudicial, é unha estrutura centralista, autoritaria e de base extraordinariamente corporativa. A

idea de que o poder emana do pobo, e que ante o pobo respondemos, non é unha idea que estea así como no celme dos manuais que estudamos nas facultades de dereito. Cústanos. Mais ben, o que procedemos a partir da Constitución de 1978 foi a unha certa... a unha certa bebedeira democrática da besta autoritaria corporativa que foi o Estado, o noso Estado, que expresou unha institucionalidade non arbitaria mais si suxeita a un sistema de legalidade que dubidosamente podemos chamar legalidade democrática, e isto comezou a construílo desde 1978. Desde 1978 até hoxe pasaron trinta anos. Os que temos unha certa idade comprendemos que nada hai más certo que o tango, que vinte anos non é nada, en termos de construcción constitucional e cultural, e claro, hai moitas tarefas democráticas realmente pendentes. Aí recórdanolo ese artigo 9, cos seus parágrafos 2º e 3º da Constitución, como creamos as condicións no servizo da xustiza para que a igualdade e a liberdade sexan reais e efectivas, e como removemos os obstáculos que impidan a súa realización. Isto é un mandato a todos os poderes do Estado: insistimos máis nunha idea que é más liberal que democrática, que é o dereito á tutela xudicial efectiva, o artigo 24, e o dereito ao xuíz ordinario, etc. Ben, hai unha loita pouco posta de relevo pola doutrina, entre os elementos democráticos e os elementos liberais da nosa Constitución. Mais non me corresponde agora, se non deixar enunciado o tema.

A xustiza emana do pobo e adminístrase por xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovíbeis, responsábeis e sometidos únicamente ao imperio da lei. Esta é a chave; aquí está a especificidade do servizo do cidadán á xustiza. Estes non son de xuíces e maxistrados. Son valores da cidadanía democrática. Eu quero que os meus xuíces sexan independentes, teñan a inmobildade esixida pola independencia: quero un xuízo imparcial, quero un xuízo competente, quero que sexan responsábeis e quero que se sometan únicamente ao imperio da lei. Isto é o que quere a cidadanía democrática. Non é un principio de ordenación do Estado desde o que eu no Estado vouche administrar unha boa xustiza. Non, eu como cidadán quero que vostede sexa así. É parecido, é converxente, mais non é o mesmo se adoptas a mirada da construcción de institucións desde a cidadanía, para a cidadanía, pola cidadanía. Entón, o exercicio da potestade xurisdiccional en todo tipo de procesos, facendo xulgar o xulgado corresponde exclusivamente aos xulgados xudiciais determinados polas leis, que non exercerán máis función que as sinaladas no apartado anterior, e as que expresamente lles sexan atribuídas pola lei.

É dicir, parece coma se a Administración de Xustiza fose unha administración para o exercicio da potestade xurisdiccional. Fose unha administración do exercicio de potestades. Claro se o tema é exercer potestades, a cousa é moito más sinxela que se é prestar servizos. Porque se eu quero prestar servizos, teño que informarme de cal é o potencial de conflitividade nunha zona territorial determinada, de como chocan as condicións de vida ou o cambio das condicións de vida, por exemplo da estrutura de producción, ou da estrutura de familias, ou da inmigración, sobre o potencial delituoso ou de conflitividade existentes nunha determinada comunidade ou territorio. Claro, non é o mesmo, que eu diga: eu pertenco ao Estado e son un poder independente e organízome da mellor maneira posible para que vostedes veñan e me propoñan as súas cuestións, ou o Ministerio Fiscal lles cite a miña actuación e eu interveño..., que o dato de gobernar un servizo público que require coñecer como é a sociedade, que riscos ten, que desafíos enfrenta, como pode resolverse un conflito, e que fago para contribuir precisamente á pacificación dessa sociedade, á confianza da sociedade nas súas institucións, á mellora do nivel de seguridade. O segundo é moito más complexo que o primeiro.

Mais, non entanto, o deseño da Constitución e o deseño da Lei Orgánica do Poder Xudicial, é o deseño e como gobernamos un poder xudicial entendido fundamentalmente coma exercicio dunha potestade xurisdiccional que se ten en exclusiva. Por iso mesmo, a participación dos cidadáns na Administración de Xustiza límitase á acción popular, ao xurado e aos tribunais consuetudinarios e tradicionais. Home, para ser un poder que emana do pobo, pouco significa o que se lle recoñece ao pobo

como actor, non no proceso do exercicio da potestade xurisdiccional mais si no deseño da organización do servizo.

O goberno do poder xudicial. Correspónelle ao Consello Xeral do Poder Xudicial que se institúe para facer basicamente dous cousas: garantir a independencia dos xuíces maxistrados polo que se lle reserva a aplicación do estatuto orgánico dos xuíces e maxistrados e unha longa serie de materias que todas teñen unha maior ou menor vinculación coa garantía da independencia. E a continuación, unhas facultades de inspección, de xulgadores e tribunais... Ben, isto é o vello aparello burocrático que se deseña na lei e nos regulamentos, e a continuación sométese a un exercicio de inspección como consecuencia do que se eleva unha memoria e se espera que a memoria produza cambios basicamente normativos. Isto é unha concepción burocrática e moi corporativista do servizo de xustiza ao cidadán. Non se corresponde co que é a cultura dos cidadáns nunha sociedade democrática que quere ser avanzada. Co tempo fórone engadindo elementos da nova xestión pública, indicadores diversos, mais teño a sensación de que os problemas van seguir. E se non mudamos cara unha reconceptualización, pois seguiremos nesas xeremiadas do desgobierno dos xuíces, pobre consolo de todos os cínicos, quizais bos pais de familia mais convencidos de que nada pode facerse.

Entón, que pode aportar a gobernanza? Termino co seguinte: cando estamos nun servizo público que pode ser perfectamente previsto por unha autoridade central, que pode ser perfectamente lexislado, regulamentado ou planificado, que a autoridade central ten todo o coñecemento necesario para facer unha boa lexislación, regulamentación ou planificación e decidir cal é a prestación que vai recibir todo cidadán en calquer lugar do territorio español, cando estamos nesas condicións, non hai nada mellor que unha boa burocracia. Exemplo: a Axencia Española de Administración Tributaria, unha excelente burocracia, que ademais manexa indicadores, ten un uso excelente das tecnoloxías de información e coñecemento, e o que pensamos é que os membros da axencia española de administración tributaria o que teñen que facer é deixarse de creatividade e de innovación e aplicar estreitamente as leis e os regulamentos. E podemos medilos incluso nos seus resultados, mais a partir de como aplican as leis e os regulamentos. Para isto a burocracia é fantástica.

Agora ben, nas nosas sociedades, poucas veces se dan esas condicións. Se pensamos en servizos de saúde ou en servizos de educación, pois xa a situación é diferente. A lei non pode pretender prever todas as circunstancias do servizo, do seu procedemento e da súa prestación. A realidade muda, e a realidade é demasiado multiforme; os países cada vez somos máis multisociais e a maneira en que aprenden ben uns nenos nun barrio dunha cidade non é a mesma para aprender ben, uns nenos e nenas nunha zona rural, ou con inmigración. Entón, necesitamos abrirnos ao que aportou a xerencia en relación á burocracia. O recoñecemento de que a lei xa non pode programar a realidade e que o regulamento non pode completar en moitos ámbitos do actuar público a programación da lei. O regulamento non pode innovar mais resulta que a lei cada vez é más unha lei programa, unha lei marco. Entón, que temos que facer? Abrirnos á discrecionalidade dos xerentes públicos; e os xerentes públicos para que non se desate a corrupción han de responder por algo: haberán de responder por resultados. Claro, con iso podemos realmente mellorar algúns servizos, mais a maioría dos servizos do noso tempo, pensen vostedes por exemplo en como prevemos a seguridade ciadá ou os servizos de saúde, ou a inmigración, ou por que non, os servizos de xustiza á ciadánía.

Resulta que en todos estes casos, pensar que hai alguén que sabe todo o que hai que facer para facer ben as cousas, normalmente é infundado. A información está fragmentada, e aínda que temos máis información que nunca, a verdade é que traballamos con coñecemento limitado. O que para un bo servizo de xustiza ao cidadán hai que facer, non o poden saber só os xuíces e maxistrados: tamén os fiscais, os avogados e procuradores, a policía xudicial, os secretarios, os médicos forenses, os oficiais e auxiliares, os axentes, outros... e as asociacións da ciadánía para a realización dun dereito á boa

Administración de Xustiza. Cada un destes ten unha parte da información e á vez, é un actor coas súas propias expectativas e intereses. O que non podemos tocar é o específico do servizo que é a independencia, a inmobilidade, con responsabilidade, dos xuíces e maxistrados. Mais podemos limitar o concepto de goberno do servizo ás funcións que hoxe se lle asignan ao poder xudicial? Ou teremos que reconceptualizar o que é o goberno do servizo introducindo ideas de gobernanza que implican recoñecemento de redes de actores, xestión de redes, e isto implicaría unha redefinición do papel, non só do Ministerio de Xustiza, senón tamén das consellerías de Xustiza ou equivalentes das Comunidades Autónomas. Implicaría unha redefinición do papel dos cidadáns, en relación a unha boa administración do dereito da Administración de Xustiza, que eu vexo, máis que como un dereito individual, coma un dereito colectivo que esixe a organización e a acción colectiva por parte das asociacións dos cidadáns.

Temos unha oportunidade, que é a posibilidade dunha concepción renovada do goberno do servizo, a partir da creación dos consellos xudiciais das Comunidades Autónomas. En fin, non me meto eu nestas cuestións, mais si insistir sinxelamente, en que a xustiza do século XXI, cunha globalización disparada onde a xénesis dos problemas está en un lugar, os impactos noutro e as estruturas reguladoras encóntranse ás veces noutros lugares; o dereito transformouse, e coa transformación do dereito, o servizo de xustiza da cidadanía tense que transformar totalmente. Eu non podo avanzar agora máis. Sinxelamente, quería no frontispicio destas xornadas, agradecerles a posibilidade de poder seguir conversando con vostedes sobre este tipo de cuestións e outras más prácticas que nos ocuparán.

Moitas grazas.

MESA REDONDA. O PAPEL DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Autora

Begoña Santos Fernández
Directora xeral de Xustiza da Xunta de Galicia

25

m

A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIUDADÁN

Moitas grazas Enrique. En primeiro lugar, gustaría me saudar a iniciativa da Escola Galega de Administración Pública na persoa do seu director e amigo Carlos Suárez Mira, pola celebración dunhas xornadas sobre a Administración de Xustiza ao servizo do cidadán, porque teño o convencemento que a achega dos diferentes puntos de vista que poidan aportar cada un dos relatores nos levarán a unha reflexión e a buscar unhas mellores solucións na Administración, por así dicilo, desta, dentro do papel que nos corresponde a cada un dos axentes. Mais tamén estou convencida, que este ano, esta lexislatura, porque así o vimos na comparecencia do Ministro de Xustiza no día de onte, que será a lexislatura, esperemos, da modernización da xustiza, o que repercutirá, esperemos, nunha axilización desta, e a dotación dunha maior garantía para quen demanda a súa intervención. E dito isto, e de maneira moi breve, imos falar un pouco do papel que representamos as Comunidades Autónomas na Administración de Xustiza, e para iso seguindo un pouco coa intervención anterior espléndida de Joan Prats, efectivamente temos que facer un pouco de historia, non moi longa, senón moi corta, en relación ás competencias transferidas desde o Estado a cada unha das Comunidades Autónomas. Como sabemos, falei tamén do poder xudicial e da Constitución. O título cuarto da Constitución española leva por rúbrica do poder xudicial. Trátase dunha expresión que non se utilizaba desde as Constitucións de 1837 e 1869, e cuxo emprego na nosa, de 1978, en substitución doutras contidas nas anteriores da xustiza ou da Administración de Xustiza, trata a recuperación desta rúbrica, por así dicilo, de poñer de relevo de forma inequívoca que o poder xudicial constitúe un dos tres poderes do Estado ao igual que os outros dous: o lexislativo e o executivo. Sen prexuízo de que, como sabemos tamén, o poder xudicial non admite a súa distribución horizontal nas Comunidades Autónomas; porén, iso non significa que a configuración do Estado como un estado autonómico teña o seu reflexo, a autonomía, en distintos aspectos da organización xudicial. Se ben por unha parte, a Constitución garante a independencia dos xuíces e maxistrados, e recoñece o seu autogoberno, considera tamén que o Estado ten competencia exclusiva sobre a Administración de Xustiza, é o artigo 149.1º, paréce-me, que parágrafo 5 das competencias do executivo debe de limitarse á xestión de medios materiais persoais e auxiliares, necesarios para o funcionamento dos órganos xurisdicionais. Mais, o certo é que cando se publicou este recoñecemento na Lei Orgánica do Poder Xudicial, xa se tiñan aprobado diferentes Estatutos de Autonomía. Propúxose, como sabedes, ante o Tribunal Constitucional a posíbel constitucionalidade das cláusulas de concesión de competencias ás Comunidades Autónomas nunha serie de, por así dicilo, atribucións onde tiñamos poder entre comiñas sobre o poder xudicial. Sabedes que o Tribunal Constitucional rexeitou os recursos presentados por sentenzas, a 56 de 1990, e a 62 de 1990, e procedeu, que isto é, por así dicilo, o inicio da intervención das Comunidades Autónomas no poder xudicial, distingue entre a Administración de Xustiza, cuxo contido está com-

posto polo exercicio da función xurisdiccional e o governo do poder xudicial como competencia exclusiva do Estado, e por outra parte, a administración da Administración de Xustiza, expresión reservada para os medios persoais e materiais que, sen formar parte do núcleo esencial da Administración de Xustiza, sitúanse ao servizo daqueles e é onde cabe a actuación das Comunidades Autónomas. Este é, por así dicilo, a exposición da historia ou de onde partimos as Comunidades Autónomas para poder falar das competencias que temos na Administración de Xustiza.

Como consecuencia disto, e trala Lei Orgánica do Poder Xudicial, esta realidade autonómica produce na Administración de Xustiza, diversas consecuencias. Por unha parte, o pluralismo lingüístico, que ten o seu recoñecemento xa no artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, con arranxo ao que, ademais do castelán os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demás funcionarios dos xulgados e tribunais poderán usar tamén as linguas oficiais propias da Comunidade Autónoma onde estean destinados. Por outra parte, tamén, na organización xudicial, os tribunais superiores de xustiza, supoñen xa o máis alto órgano xudicial dentro da comunidade, e na composición da súa sala civil e penal, participan as Comunidades Autónomas propondo unha terna da que o Consello Xeral do Poder Xudicial haberá de escoller algúns; é o artigo 3.30º da Lei Orgánica.

Por outra parte, tamén inflúe que as Comunidades Autónomas determinan a capitalidade dos partidos xudiciais e participan só na determinación da demarcación xudicial, e onde máis participa a comunidade autónoma é na xestión dos medios, tanto materiais precisos para que os xulgados e tribunais desenvolvan a súa función con independencia e eficacia e asuman as funcións que corresponden ao Ministerio de Xustiza, tanto nas relacións co persoal ao servizo da administración. Isto é a base, por así dicilo, da relación que ten a Comunidade Autónoma de acordo coa aprobación da Lei Orgánica Xudicial onde podemos ter, ou se nos limita, a intervención en relación ao poder xudicial. Mais en base a esta previsión legal que era o que tiñamos, unha vez que se fixeron as transferencias, o artigo 20 do Estatuto de Autonomía, é o que recolle as facultades, ou ao que lle corresponde, por así dicilo, á Comunidade Autónoma a facultade que a Lei Orgánica do Poder Xudicial e do consello recoñeza ou atribúa ao Estado, fórone promulgando unha serie de Decretos na nosa comunidade, de transferencias por unha parte, de traspaso, en primeiro lugar, de medios materiais e económicos cunha serie de decretos que comezamos co Decreto 2166/1994 que é a primeira transferencia a Galicia, en concreto, de funcións da Administración do Estado en materia, como digo, de provisión de medios materiais e económicos, para o funcionamento da Administración de Xustiza, completando cunha serie de decretos durante o ano 1995, 1996, 1997 e 1999, todos eles, referidos, volvo dicir, a medios materiais e económicos, e o Decreto 2397/1996 onde se traspasan os medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza con eficacia a partir do 1 de xaneiro de 1997 e ampliado por outros Reais Decretos. Polo tanto, Galicia ten intervención por así dicilo, ou na Comunidade Autónoma temos un papeliño, porque non podemos dicir que é máis que un papeliño..., porque é moi difícil a gobernanza con tres cabezas visíbeis como vemos desde a Dirección Xeral de Xustiza que nos encontramos, que todos salvo o tema de medios materiais, persoais, infraestruturas, formación e outras cantas que vos direi..., encontrámonos que todo hai que conxentalo con dúas cabezas visíbeis: por unha parte, co Ministerio de Xustiza como órgano máximo no tema do persoal dos secretarios xudiciais e co Ministerio Fiscal, e por outra parte, o Consello Xeral do Poder Xudicial como órgano xestor, por así dicilo, dos xuíces. Polo tanto, encontrámonos que as persoas que forman toda a administración ao servizo do ciudadán dentro da xustiza que forman todos os operadores xurídicos sen contar os colectivos independentes, senón os que forman os distintos grupos de funcionários temos tres cabezas visíbeis e ningunha representativa, por así dicilo, porque cada un temos unha responsabilidade sobre uns corpos determinados. Pois á vista disto, a Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da dirección que represento, ten atribuídas unha serie de funcións que veñen recollidas no Decreto 37/2007 no que se establece a estrutura orgánica entre

as que se destacan expresamente as competencias que corresponden á Xunta de Galicia, ben estatutariamente ou ben por transferencia relativas á promoción, ao desenvolvemento do dereito civil noso, ao dereito civil especial, á demarcación xudicial, notarial, rexistral, ao acceso do cidadán á xustiza en igualdade de oportunidades, que é onde se regula a quenda de oficio e asistencia ao detido, a dotación de medios de soporte, normalización lingüística e cooperación da Administración de Xustiza, a xestión dos médicos forenses e do persoal.

En exercicio, as competencias concretas, veremos unhas que son as ordinarias que son as relacións co poder xudicial, o Ministerio de Xustiza e as demais institucións relacionadas co ámbito xurisdiccional, mais tamén se establece no decreto de transferencias as competencias particulares, por así dicilo, ou cada unhas das competencias que en particular corresponden á lección de xustiza en virtude das transferencias efectuadas nos decretos aos que aludín e que despois se vos entregará copia de toda a documentación que temos en relación ás transferencias efectuadas polo Estado á Comunidade galega.

Dentro das competencias da lección de xustiza, temos todo o que son os recursos económicos e materiais, a xestión do persoal, o pulo da lingua galega na Administración, a ordenación e dirección da Xestión administrativa de Asistencia Xurídica gratuita, a presentación de propostas, sempre presentación de propostas, non? Sobre a decisión da demarcación e da planta xudicial, demarcación notarial e rexistral, convocatoria de prazas vacantes de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, e eleva a nomeamento unha vez que sexan para a nosa comunidade, os nomeamentos de notarios e rexistradores. A proposta que nunca... a decisión do cadro de persoal ao Servizo da Administración de Xustiza, así como as súas modificacións de conformidade co previsto na Lei Orgánica do Poder Xudicial e demais normativa vixente. A organización e supervisión do Instituto de Medicina Legal, e a programación de actuacións para o establecemento de sistemas de xestión de calidade nos seus servizos ou ben para o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a avaliación das necesidades de formación, deseño de programas, accións formativas do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, e a colaboración coas institucións, o exercicio ou as competencias para o funcionamento da xustiza de paz de todos os Xulgados de Paz, a autorización da nómina referente ás retribucións do persoal da Administración de Xustiza, e o exercicio das potestades disciplinares que se nos atribúen en concreto en relación co persoal ou en relación con exclusivamente cos médicos forenses.

Como a dirección de xustiza estaba concentrada na dirección para unha maior axilidade, en relación a nomeamentos do persoal, que nos viñan atribuídos por unha Resolución do 7 de febreiro de 2006, procedeuse á delegación de competencias en materia de medios persoais e materiais ás diferentes provincias, a través das delegacións provinciais da Consellaría de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza, tendo en conta o volume de xestión administrativa que xurdiu a partir destas transferencias. Todo é xestión, polo tanto, para axilizar, por así dicilo, a determinación do nomeamento tanto de interinos como nomeamentos de medios materiais..., procedeuse a través desta resolución a unha delegación en cada unha das provincias. Mais, a Comunidade galega non está contenta coas transferencias limitadas que temos, e esta preocupación da Comunidade Autónoma Galega, por conseguir unha xustiza de calidade coas comunidades e poder resolver problemas que moitas veces se nos escapan porque non están ao alcance das nosas mans como son, por exemplo, a creación de unidades xudiciais, a creación da oferta pública de emprego non depende de nós, e moitas veces estamos atados de pés e mans porque Galicia, como sabedes, por exemplo, na creación de unidades xudiciais temos unha presión dos medios de comunicación de que son insuficientes as unidades xudiciais e nós representamos o 5,9% en base aos criterios que o Ministerio de Xustiza ten para a adxudicación de unidades xudiciais tendo en conta a litiosidade, tendo en conta a poboación e tendo en conta a proporción de xuíz por persoa. Precisamente, desde Galicia púxose de manifesto que estos criterios obxectivos non poden ser tidos en conta para determinar a necesi-

dade, por exemplo, de unidades xudiciais que teñen que crearse na nosa comunidade, primeiro porque non responden á realidade do noso peculiar territorio, efectivamente, temos en contra que nós si podemos dicir que temos máis xuíces por habitante mais temos unha dispersión de persoas que fan imposible que sexa efectivo, por así dicilo, o funcionamento dos xulgados dos partidos xudiciais, E por que dicimos isto?: comparando, temos 47 partidos xudiciais e se falas, Andalucía ten 80 e pico, en realidade ves a extensión dunha comunidade e de outra e ficas sorprendido, o que pasa é que nós temos unhas unidades xudiciais ou uns partidos xudiciais moi pequenos no sentido de que nos encontramos cun xulgado, dous xulgados en moitos deles, o 20% dos partidos xudiciais de Galicia son dun ou de dous xulgados o que supón que hai unha interinidade que non é normal e, polo tanto, estamos de acordo que os módulos de entrada non son suficientes moitas veces para determinar a creación dunha nova unidade xudicial nese partido xudicial, mais o colapso, a situación endémica do colapso de resolucións e de execucións é unha medida que non se ten en conta á hora da creación, ou á hora de procura de solucións e encontrámonos que desde o ano 2003 somos os segundos ou os terceiros en falta de resolución, por así dicilo, de asuntos nos nosos xulgados, tanto pola interinidad dos xuíces que concorren aos partidos xudiciais e tan pronto poden ascender, abandonan porque estamos falando de partidos xudiciais onde están cunha garda permanente onde só hai un xulgado, cunha xurisdicción tanto civil, penal como da violencia de xénero e entendemos que cunha situación que efectivamente non se pode comparar co estar prestando os servizos ao ciudadán nunha capital de provincia ou noutro sitio en que existan máis órganos xudiciais. Todo iso nos levou a expor moitísimas desconformidades que temos ao fin de que o Ministerio de Xustiza neste ano, pois como está elaborando os orzamentos estea..., que efectivamente cando en Galicia non poidamos solicitar unidades xudiciais nalgúns dos casos atendendo aos criterios obxectivos que establece o Ministerio de Xustiza para o módulo de entrada, si podemos facer un plan de actuacións para que dentro dos orzamentos prevexan unha parte importante para xuíces de apoio. Para xuíces de apoio porque entendemos que ás veces, non é necesario a creación dunha unidade xudicial, senón da dotación de medios persoais necesarios por parte da administración a un xuíz de apoio que poida vir. De todo isto, esta preocupación de procurar unha xustiza de calidade xa foi obxecto e o meu compañeiro de mesa xa o coñece porque creo que xa formaba parte da Dirección de Xustiza cando se fixo a comisión coordinadora das Comunidades Autónomas, para facer un foro e debater propostas e procurar solucións conxuntas de todas as Comunidade Autónomas con competencias transferidas e onde reivindicar ao ministerio unha serie de melloras, unha serie de peticións para que puidermanos facer efectiva moitas veces as demandas da nosa comunidade. Criamos que o primeiro era facer realidade por parte do ministerio, o compromiso adquirido xa no ano 2003 de implantar o novo modelo da oficina xudicial. Seguimos pedindo e requirindo a urxente reiniciación da tramitación parlamentaria desta reforma procesual. Considerabamos tamén imprescindíbel, con independencia de que o poder xudicial se considerara como un poder independente, a implicación ou incluso a obrigación de implicar ao Consello Xeral do Poder Xudicial na implantación desta nova oficina xudicial. Solicitabamos a modificación dunha serie de artigos da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da Lei de Demarcación, para que se recoñecera o carácter vinculante para o goberno das propostas de demarcación e planta xudicial e para a creación de unidades xudiciais dentro da planta programada legalmente. É dicir, nós, o Ministerio de Xustiza volvemos insistir un pouco, establece cantas unidades xudiciais se crean para toda España, representamos e críanse como o ano pasado 149 unidades xudiciais, representamos o 5,9%, polo tanto, consideránnos..., son 7 unidades xudiciais que dentro do atasco e das preferencias que poidamanos ter pois hai que tomar os datos necesarios para ver onde é más urxente o problema e nunca vai saturar, por así dicilo, as necesidades de Galicia. Polo tanto, dicímos, que unha vez que eles determinan, porque non só nos determinan as unidades xudiciais, eles nos din as sete unidades ou as oito ou as dez mais a Comunidade Autónoma ten que dotar a infraestrutura, o persoal, os medios materiais, os medios persoais...pois nada, nós ao único que se nos

adxudicará no seu momento, que nos mandarán será un xuíz para esa unidade que se cree e o secretario, mais despois todo o demais, a apostar en funcionamento do xulgado, da unidade xudicial que se cree é a costa da Comunidade Autónoma, sen poder ter más voz, por así dicilo, que solicitar un número de unidades, contentarnos, discontentarnos por suposto coas que se crean e ter que facer nun ano todas as obras e a achega de medios materiais necesarios para que estea en funcionamento no día que se decida por parte do ministerio.

Por outra parte, tamén pediamos a transferencia plena en relación aos secretarios xudiciais, aos médicos forenses e ao resto de persoal ao Servizo da Administración de Xustiza, coas cautelas e sempre, volvo dicir, con todas as cautelas de vida en relación aos dereitos consolidados e en particular co derecho da mobilidade estatal. Tamén se solicitou ao ministerio unha xestión independente da oferta de emprego público e os concursos de traslado, así como a capacidade regulamentaria da Comunidade Autónoma para a ordenación e o arquivo de autos que xa non penden da actividade xudicial, o expurgo de arquivos, a regulación, e o destino de pezas e obxectos intervidos en rexistros xudiciais xa fenecidos.

Por outra parte, esixíamonos un pouco a participación na conta de depósitos de consideracións xudiciais ou os seus rendementos e o poder dicir algo sobre as cantidades incautadas na nosa comunidade, e poder, por exemplo, poder destinalas a unha mellora da Administración de Xustiza na nosa propia comunidade, instar ao Consello Xeral do Poder Xudicial, por outra parte, que estableza un regulamento ou que eleve a regulamento o código de conduta para usuarios de equipos e sistemas informáticos na Administración de Xustiza, porque moitas veces nos encontrabamos coa negativa por parte dos xuíces a utilizar os medios informáticos necesarios para unha boa actuación. Moitísimos más protocolos de actuación en grandes catástrofes, vítimas, a especialización profesional, a relación co corpo de médicos forenses, promover un desenvolvemento progresivo dentro do Instituto de Medicina Legal das unidades de avaliación integral en materia de violencia de xénero e montón de peticións para poder realizar, por así dicilo, con efectividade, o traspaso de competencias que se nos atribuíron.

E en relación a medios persoais, xa para terminar e para deixar intervir un pouco ao meu compañeiro, polos decretos e as resolucións que vos acabo de comentar e que os porei á vosa disposición. Temos o proceso nomeamento de persoal interino para cubrir os postos de funcionarios, dos corpos xerais ao servizo da Administración de Xustiza, xestores, tramitadores, auxilios e médicos forenses, e a forma de provisión de prazas por funcionarios de novo ingreso porque nós lles enviamos a nosa oferta pública de emprego ao Ministerio de Xustiza, quen a través do Ministerio de Administración Pública, publica a oferta de emprego público, toda vez que, pese á transferencia da xestión de todos estes funcionarios, as Comunidades Autónomas seguen sendo, como sabedes, corpos nacionais. Todos os xestores, tramitadores, e auxilios. Só temos esa competencia que vos digo, que é enviar a oferta pública para que sexa aprobada no seu momento, e unha vez que se aproba, pois destinarnos os funcionarios que se determinaran. Debemos destacar o esforzo, eu creo sobre todo nestes últimos tres anos ou catro no relativo ás competencias assumidas en materia de medios materiais, ao esforzo en TIC realizado para conseguir a modernización da xustiza na nosa comunidade.

E só dicirvos, que efectivamente espero que esta lexislatura sexa a lexislatura da modernización. Hai moitas propostas e, de feito, creouse unha Dirección xeral de Modernización da Xustiza, dentro do Ministerio cunha Secretaría Xeral, e convencida de que efectivamente a xustiza é unha peza central do estado social e democrático de dereito e que do panorama é esperanzador, espero que así sexa, e, sobre todo, desde esta Dirección de Xustiza colaboraremos para que así o siga sendo, afrontaremos as necesidades más inminentes na liña de progresión que xa nos vimos de marcar.

Nada máis. E despois no debate veremos as cousas que queirades.

MESA REDONDA. O PAPEL DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

33



Autor

Joan Maurí Majós
Secretario xeral do Departamento de Xustiza
da Generalitat de Catalunya

Bos días a todos. En primeiro lugar, quixera agradecer á Escola Galega de Administración Pública o seu convite para participar neste acto, e a Enrique Orts a súa amábel presentación e dicirlles que non lles vou facer unha conferencia ao uso, eu creo que lle aburriría e non pretendo aburrilles. Gustaríame trasladarles tres ideas relativamente simples.

Eu a primeira idea que lles quero trasladar, e dígoo con toda sinceridade, é a de cansazo. Despois de dous anos de xestionar a Administración de Xustiza en Cataluña, eu non estou esperanzado; estou terribelmente canso. Quérolle dicir que a miña experiencia administrativa é ampla. Eu traballei en urbanismo, no momento máis álxido do urbanismo salvaxe, cando había que frear a urbanización ilegal e a propiedade especulativa, ***trabajé en el vicerrectorado*** da miña universidade en materia de profesorado e en materia de ***personal de administración y servicios***, dirixín a Escola de ***Policía*** de Cataluña, e participei nun proceso de ***despliegue*** de Mossos d'Esquadra, e cando cheguei ao Departamento de Xustiza, e á xestión da Administración de Xustiza, tiven a impresión de que nunca temos invertido tanto esforzo para lograr tan poucos resultados. E esa é a miña sensación de cansazo. E esa é a idea que lles quero trasladar. Quéroa trasladar porque eu creo que o problema básico na Administración de Xustiza é que o sistema institucional é altamente ineficaz. É un sistema ***compartimentado*** de carácter relacional, e as Comunidades Autónomas temos, como dicía Begoña, dous interlocutores: o Ministerio de Xustiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial e temos tamén un sistema de comisións co que día a día, mes a mes, temos que traballar. Temos una comisión mixta, co Tribunal Superior de Xustiza, coa Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza da nosa comunidade; temos unha comisión de coordinación coa fiscalía da nosa comunidade, temos unha comisión de ***coordinación cos los responsables territoriales del gobierno de los*** secretarios xudiciais. O noso poder é relacional. A nosa capacidade de xestionar un servizo público depende da nosa capacidade de relacionarnos cun sistema de actores moi complexo.

Digámolo claramente, a nosa capacidade de relacionarnos cun entramado corporativo que ademais está avalado por unha serie de principios constitucionais, que non son de menos calado, ***es un elemento esencial de nuestra estrategia de gestión***. Polo tanto, este non é un servizo público como o tradicional. Focalizalo así sería un erro. Este é un servizo público onde a concertación está á orde do día. Hai que negocialo todo ***y lo que es peor con todos***. E un individuo só, pode frustrar unha operación de modernización na que se investiron extraordinarios esforzos. Un individuo só pode frustrar unha nova oficina xudicial, cando o xuíz dun xulgado unipersonal decide que os seus auxilios xudiciais non van ao servizo común. E a partir de aí, hai que comezar toda unha cadea para remover obstáculos e para conseguir que esas situacións se fagan efectivamente. Un individuo só, pode deci-

dir que non vai pasar os controis de seguridade, e a partir de aí pode hipotecar toda a política de seguridade dun pazo de xustiza. Un individuo só pode decidir que a súa dignidade require unha determinada instalación, por exemplo, un aparcadoiro gratuito, e a partir de aí pode **complicar extraordinariamente** a ocupación dun novo edificio de xustiza que **supone una considerable inversión pública**. Iso sucede. Dicir outra cousa é enganarnos. Este é o mundo da Administración de Xustiza, e só hai unha maneira de xestionalo, que é concertando. Non hai o recurso á xerarquía, non existe o recurso á autoridade. A negociación é permanente, e ás veces é case individuo a individuo, persoa a persoa, xulgado a xulgado, xuíz a xuíz, secretario a secretario. Isto é así. Até aquí chegou a independencia do poder xudicial. Sexamos claros. Até aquí chegou a independencia do poder xudicial. E até aquí chegou tamén a dignidade ou a potestade xurídica e xurisdiccional de facer xulgar ao executado, que é o que di a nosa Constitución. Eu dixen sempre, por activa e por pasiva, que a única maneira de xestionar o Servizo administrativo da Administración de Xustiza é cun esforzo de lealdade e obxectividade no exercicio da competencia allea. E esa é a máxima que seguimos no noso departamento. Iso non nos ten feito máis razoábeis. Iso tenos cansado extraordinariamente. Por iso quero comunicarles ese sentimento. Falamos moitas veces de ideas; falamos de conceptos, falamos de grandes teses. A realidade é outra. A realidade é que pode chamarte a xuíz decana de **un** partido xudicial e dicirche: 'Secretario, é que non podo abrir este xulgado porque o auxilio xudicial que depende do outro xuíz non está no seu posto porque decidiu que non forma parte do servizo común. Fai algo'. E ti disle: 'Non, fai algo ti. Ti es o xuíz decano. Fai algo ti.' E fixádevos, que estou expondo un conflito micro..., estou expondo un conflito simple mais esta é unha das realidades cotiás que vemos na Administración de Xustiza. Este é un tema que eu lles quero propor. Esta é unha administración enormemente difícil. Ou simplificamos o sistema institucional deste servizo público, e traballamos todos cun esforzo de lealdade ou obxectividade ou é moi difícil ter un bo Servizo de Administración de Xustiza.

A segunda sensación que eu lles quero explicar, un sentimento que comeza a ser, eu diría que case xeral nas Comunidades Autónomas. As Comunidades Autónomas estamos xestionando nestes momentos os servizos públicos, somos entidades xestoras dos servizos aos cidadáns, e Madrid é outra cousa. Madrid é outra cousa; os ministerios son outra cousa. Mais coidado, os ministerios son os que definen as políticas e os que crean os marcos reguladores. E sucede, a mi succédeme cada día máis, quero falar persoalmente, que a miña axenda non coincide coa axenda ministerial. A miña axenda de preocupación, non é a axenda de preocupacións do Ministerio de Xustiza. A comparecencia do ministro, eu teño aquí o borrador, pois expreso unha serie de proxectos, de políticas. Alí hai algunas que me preocupan que non me aparecen, por que non falamos da asistencia xurídica gratuita? Ese é un problema sensacional. As Comunidades Autónomas xestionamos o servizo de asistencia xurídica gratuita que hoxe é un servizo social, un dos primeiros servizos sociais do Estado, e aí están pasando moitas cousas. Os procedementos administrativos están crecendo cada ano nun 362%, e os de asistencia ao detido nun 37%, e a miña Comunidade Autónoma hai catro anos invertía en asistencia xurídica gratuita 30 millóns e nestes momentos imos investir 56. Ningún nos compensou iso. Que está pasando? Pois sinxelamente que hai unha poboación emigrante que é un grande usuario do servizo de xustiza gratuito. E aquí estamos seguindo preitos diante do Tribunal Superior de Xustiza e do Tribunal Supremo cando o emigrante regresou ao seu país e está en paradoiro absolutamente desconecido. Ese dereito subsiste e esa obriga de preitar subsiste e ninguén di nada. Mais non o saben, mais non o din porque non o saben. Porque non o detectan. Porque non forma parte da súa axenda. Falemos doutras axendas, falemos, por exemplo, do funcionamento do estatuto orgánico da que está tan satisfeita o Ministro de Xustiza. Si señor, adaptamos o Estatuto Orgánico ao Ministerio Fiscal ao Estado das Autonomías e xurdiron unha serie de institucións novas que concretamente desde a vertente autonómica nos fan feliz; a mi faíme feliz ter un fiscal superior da miña comunidade autónoma. Mais ese señor precisa dunha estrutura. E ese señor precisa duns funcionarios. Ese señor pre-

cisa duns locais e precisa duns medios. Entón, un descobre que o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal aprobou sen memoria económica, e as nosas relacións coa recentemente nomeada Fiscal superior da Comunidade Autónoma estanse a enrarecer. Por que? Porque a Fiscal superior da Comunidade Autónoma non pide recursos ao Ministerio de Xustiza. Pídeos á comunidade autónoma. E dinos, ‘déame vostede un cadro de persoal mínimo que eu estimo en corenta e catro funcionarios para que isto funcione’. E nós contestámoslle “non temos isto”. Ninguén o preveu. E aí estamos rescatando funcionarios dos últimos recantos da terra para proporcionar á nova fiscal superior da comunidade autónoma o mínimo equipo imprescindible para que a institución bote a andar, agora o Ministerio de Xustiza fixo unha grande operación e adaptou a Fiscalía Superior do Estado, ao Estado das autonomías. Fixo unha grande operación. E déixenme acabar cun último tema, eu non quero pelexarme con outras Comunidades Autónomas polas súas unidades xudiciais. Négome. Négome. Estamos vivindo unha psicose, ímola vivir todos a través dos Tribunais Superiores de Xustiza e das Salas de Goberno de que fan falta xuíces. E coidado, estamos vivindo outra psicose. Ninguén quere ser responsábel de que faltan xuíces. E ninguén quere ser responsábel de que saia outro caso Mari Luz. E polo tanto: que fan as salas de goberno? Pedir xuíces. Mais estamos pedindo xuíces ou unidades xudiciais? Non é o mesmo. Eu non podo estar de acordo con que faltan xuíces. Por que non? Podo estar de acordo. Depende de onde, mais eu podo estar de acordo con que faltan xuíces. Mais eu o que non teño tan claro é de que falten xulgados. É esa discusión **fundamental**. Porque se cada xuíz vai acompañado do seu xulgado, que quere dicir espazo físico, dos seus oito funcionarios, e dos seus medios informáticos, coidado, porque se eu traslado os cálculos e non é por establecer unha comparación que acaba de facer a directora da miña comunidade, a min tócanme vinte e catro, e eu dígollelles xa e de antemán unha cousa, ninguén pode soportar un servizo que vai crecendo da maneira en que pode crecer este.

E quero falarlles dunha terceira cuestión. E é que onte, nese debate houbo dous parlamentarios que dixerón frases que eu quero recordar. Chamoume a atención unha frase de Olabarria, eu cópiolla, eu creo que copiar é bo cando o que se copia é tamén bo, que reproduce a Lucrecio, e polo tanto, a frase é de Lucrecio, di: ‘en materia de Administración de Xustiza, nada está escrito na natureza das cousas, nin sequera o principio unitario’. Joan Ridau, un parlamentario de Esquerra Republicana que intervui onte, díxoo doutra maneira, e é que o papel que debe asignarse ao Estado e ás Comunidades Autónomas en materia de xustiza, é unha cuestión de decisión política. Na nosa Constitución non está o modelo da Lei Orgánica do Poder Xudicial. É un dos modelos posíbeis. É outra cuestión. Fíxense vostedes e vanme permitir que me estenda neste problema, que me parece absolutamente esencial, que o punto do que partimos é moi coñecido. Na nosa Constitución que hai? A definición constitucional do poder xudicial como un poder único. Iso está na nosa Constitución: eu afírmoo. E iso comprende a potestade de xulgar e de facer executar o xulgado, coa atribución do goberno dese poder, tamén único a un Consello Xeral do Poder Xudicial. Iso está na nosa Constitución. Gústenos ou non nos guste; mais está aí. E ese poder xudicial detén unha competencia reservada aínda que limitada sobre o estatuto individual dos xuíces e maxistrados, e sobre a inspección e o control dos xulgados e os tribunais. Iso está aí. Que máis hai na nosa Constitución? A reserva ao Estado dunha competencia exclusiva sobre a lexislación orgánica xudicial. A lexislación orgánica xudicial comprende en principio a regulación lexislativa da Constitución, organización e funcionamento dos xulgados e tribunais, e o establecemento do estatuto do persoal do Servizo da Administración de Xustiza. Ese é o punto de partida. E no seu momento, sobre ese punto de partida, os Estatutos de Autonomía de primeira xeración que aínda non coñecían a Lei Orgánica do Poder Xudicial fixeron fronte a ese baleiro regular a través dunha cláusula, que chamamos a cláusula subrogatoria. E a cláusula subrogatoria era moi sinxela de explicar. Todo o que nun futuro atribúa a Lei Orgánica do Poder Xudicial ao Ministerio de Xustiza, pódese subrogar en favor das Comunidades Autónomas, o que se atribúa. Na nosa Constitución hai algo máis. Si que é certo o que afirma que o poder xudicial é un poder único, mais

tamén se afirman dúas cousas máis. Afírmase, por exemplo, que o Tribunal Superior de Xustiza como instancia que culmina a organización xudicial no ámbito territorial da comunidade autónoma ten un papel, e afírmase tamén para as Comunidades Autónomas que teñen que participar na organización das demarcacións dos seu territorio. Ese é o esquema inicial. Que sucedeu aí? Ái sucedeu que no seu día se fixo unha Lei Orgánica do Poder Xudicial e coidado, porque iso xa non está na nosa Constitución; iso está na Lei Orgánica do Poder Xudicial, que é distinto. E obedece polo tanto a un desexo do lexislador orgánico xudicial, que é o lexislador estatal, que tamén é distinto. E nese momento, que se fai? Que fai o lexislador orgánico? O lexislador orgánico transmuta ou traslada o principio do poder xudicial único á Administración de Xustiza. E faino co chamado criterio de esencialidade. E que é o criterio de esencialidade? É moi simple. Todo o que sexa elemento esencial da función xurisdiccional, considérase competencia estatal, e quen di o que é elemento esencial da función xurisdiccional é o Estado. Iso é o principio de esencialidade. E a partir de aquí, dise algo máis: que aquilo que é esencial pode ser atribuído na súa xestión ao goberno do Estado, porque é necesario para manter un modelo uniforme de Administración de Xustiza. Esa é unha afirmación que, coidado, está na Constitución mais non é o único que se pode derivar da Constitución. Maticemos ese concepto porque a min me parece absolutamente transcendente. Que se fixo más no seu momento? Fíxose outra operación; afirmouse que todos os corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza eran corpos de funcionarios estatais. E ao afirmar o principio da estatalización do corpo de funcionarios, díxose algo moi sinxelo, que o único que os podía regular era o Estado. E derivouse a regulación deses corpos aos regulamentos orgánicos, que, coidado, fixérонse antes os regulamentos orgánicos coma onte recoñecía o Ministerio de Xustiza, que o propio desenvolvemento da Lei Orgánica Xudicial. Manda narices. Antes de desenvolver a Lei Orgánica do Poder Xudicial, desenvolvamos os regulamentos orgánicos dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza. E o Estado fixose unha xenerosa, xenerosísima, autohabilitación regulamentaria, e se un repasa os regulamentos orgánicos dos corpos de funcionarios ao Servizo da Administración de Xustiza, sinxelamente as Comunidades Autónomas non estamos. E se estamos, é para exercer funcións que no mellor dos casos poden ser definidas como funcións de mordomía, é dicir, de auxilio e complemento do Estado que exerce a función principal. Que más fixo? Fíxose outra cousa, eu quero dicir porque me parece moi importante, e é que se crearon institucións estatais de carácter autónomo, dependentes do goberno do Estado, a través dos que se exclúía a competencia das Comunidades Autónomas. Así, creouse o Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, ou así se creou o Centro de Estudos Xurídicos da Administración de Xustiza, ou así se ten dito que os Institutos de Medicina Legal dependen, na súa constitución e funcionamento, do Estado. A miña Comunidade Autónoma quixo elevar o rango orgánico ao Instituto de Medicinal Legal de Cataluña, quíxoo converter nunha Dirección Xeral. Queriámolo modernizar, queríamos investir recursos e medicina legal. Parecíanos importante. Díxosenos que non. Que quen regulaba a organización e o funcionamento do **Instituto** de Medicina legal era o Estado. E que a concepción do Estado, o director do Instituto de Medicina Legal era un subdirector. E seguiu sendo un subdirector. En medio disto, perdimos un magnífico profesional que pasou ao sector privado e que está gañando moitísimo diñeiro no sector privado. En medio deste proceso, porque ao final este proceso ten estas derivadas tamén. Quero deixar a circunstancia que estes foron os elementos de saída, de fuga, da cláusula subrogatoria a través dos que o Estado potenció o seu papel na Administración de Xustiza.

E en que situación estamos agora? Eu creo que estamos noutra situación, eu dixen que os estatutos de primeira xeración nos que se empregou a cláusula subrogatoria, non tiñan un modelo autonómico para a xestión da Administración de Xustiza. Non eran sistemáticos. Recollían cláusula subrogatoria, aquilo que o Estado lles quería ceder. E para min, o cambio transcendental que fai o Estatuto de Autonomía de Cataluña mais non só o Estatuto de Autonomía de Cataluña. Eu creo que agora hai que ler con moita atención o Estatuto de Autonomía de Andalucía ou o Estatuto de Autonomía de

Valencia, ou o Estatuto de Autonomía balear porque nos catro se produciu ese fenómeno. Non nun, nos catro. O que hai agora, e coidado porque iso é moi importante, é por primeira vez un modelo de Administración de Xustiza, descentralizado para o Estado español construído de maneira sistemática. E nese modelo que hai? Cales son as pezas esenciais dese modelo? En primeiro lugar, a consideración do Tribunal Superior de Xustiza, como última instancia xurisdiccional, de todos os procesos iniciados na comunidade autónoma de acordo coa Lei Orgánica Xudicial e as leis procesuais. E polo tanto, o que hai nos estatutos de autonomía é a afirmación do Tribunal Superior de Xustiza, que non os esquezamos, é un órgano do Estado. Non é un órgano da comunidade autónoma. O que fai a comunidade autónoma é afirmar o papel principal dun órgano do Estado no seu territorio. Non está construíndo nada. Está afirmando o que fixo a Constitución e está afirmando o papel dun órgano do Estado no seu territorio. A segunda cousa que facían os estatutos de autonomía, prever esa figura da que falaba antes: un fiscal superior de cada comunidade autónoma. Isto fíxoo o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, aí se produciu esa adaptación. A terceira cousa é crear un Consello de Xustiza na comunidade autónoma como órgano descentralizado do goberno do poder xudicial. Que son os Consellos de Xustiza? Os Consellos de Xustiza intentan recoller as competencias que teñen nestes momentos as salas de goberno dos Tribunais Superiores de Xustiza, ou as funcións chamadas gobernativas, que teñen estas salas de goberno, e estes órganos, son órganos complementarios do poder xudicial. Ningún o negou nunca. A segunda cousa que intentan os Consellos de Seguridade de Xustiza é servir de vehículo de desconcentración de funcións ao Consello Xeral do Poder Xudicial. Polo tanto, digámolo con toda claridade, os Consellos de Xustiza terán as competencias que quixeran dar-lles o Consello Xeral do Poder Xudicial. E esas terán. E non terán outras, e se non se llas quere dar, competencias, non as terá. E polo tanto, o que se está intentando comunicar ao Consello Xeral do Poder Xudicial é que ten que facer un esforzo de adaptación ao estado autónomo. Tamén o goberno dos xuíces ten que se adaptar ao principio autonómico do Estado. E a terceira cousa, os Consellos de Xustiza son unha operación de amplísima xenerosidade por parte das Comunidades Autónomas. O que fan as Comunidades Autónomas é ceder competencias en favor dos Consellos de Xustiza. E coidado, en todos os Estatutos de autonomía coñecidos até o momento, afírmanse dúas cousas, sexamos claros, que a maioría dos Consellos de Xustiza, teñen que estar integrados por membros da xudicatura. E que a presidencia do Consello de Xustiza correspónelle ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza da comunidade. Non hai ningunha veleidade aí. O que se afirma tamén é un principio de participación do parlamento autonómico. Nomea a un número de vogais que procederán obviamente de ámbitos xurídicos e que sempre serán inferiores ao número de vogais procedentes da xudicatura. Faise iso. Iso é estralo a organización do poder xudicial?. Eu dicíalle á miña conselleira, o día que haxa un Consello de Xustiza en Cataluña o departamento de xustiza da Generalitat mandará menos. Mandaremos menos. Por que? Porque lle teremos que trasladar unha serie de competencias que nestes momentos estamos resolvendo, se queremos que a institución teña substancia e identidade. E ese é o xogo. Nós xogamos a ese xogo. Por iso digo: algún viu **otra intención?** Eu non. É un intento de adaptación do goberno do poder xudicial ao Estado autonómico.

En materia de persoal, eu creo que en materia de persoal temos visto de todo. Non se pode gobernar un sistema de función pública que non ten un empresario claro. Entón, ou o empresario somos as Comunidades Autónomas ou o Estado. Eu chegou un momento que me dá o mesmo. ***Si conviene deberíamos plantearnos un proceso de retorno de las competencias en materia de persona, como estan concebidas es una*** competencia inútil. Porque non podo facer nada. Podo facer unha cousa, recibir todas as labazadas que se escapen. Iso si o podo facer. Mais eu quero un empresario serio no Servizo da Administración de Xustizante. Noutra vida, o que eu fun foi xefe de persoal, e levo moitos anos, e cástame moiísimo domesticar os tigres. E cando me sento en Madrid cos directores xerais de relacóns coa Administración de Xustiza, ou cos directores xerais de modernización que proveñen da carreira fiscal ou que proveñen da carreira xudicial, eu chego a unha conclu-

sión. Xamais serán uns bos xestores de persoal. O xuíz non é un bo xestor de persoal. O xuíz é un pai, un patriarca, mais non é un bo xestor de persoal. Quen pode chegar a ser un bo xestor de persoal quizais sexan os secretarios xudiciais, se melloramos as súas capacidades xerenciais, se investimos no secretariado xudicial. Mais hoxe por hoxe...eu o que pido é un empresario único e responsábel, alguén que lles faga fichar, alguén que lles controle o horario, alguén que lles controle o réxime de vacacións, o sistema de situacións administrativas, os complementos retributivos, as horas sindicais, as condicións de traballo. Alguén que saiba algo de seguridade e saúde laboral. Un empresario responsábel. E eu ofrézome. Eu estou disposto a ser o empresario, mais eu só, por favor. Eu só. Non me fagan compartir a responsabilidade cun señor que non sei o que opina, que non sei o que quere facer, **y que desconoce las reglas esenciales de un sistema de relaciones laborales.** Por favor un empresario único e responsábel, e un sistema articulado. Eu pido desde aquí unha cousa moi sinala, moi doada: que se aplique aos corpos de funcionarios do Servizo de Administración de Xustiza o Estatuto básico do empregado público. Iso é unha norma do Estado. E que se aplique o Estatuto básico do empregado público no sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Na Administración de Xustiza, fixémolo para todos os corpos de funcionarios, fixémolo para os secretarios interventores de concellos, para os inspectores de traballo, para os corpos docentes, para os **personal sanitario**. Non o podemos facer para o corpo de auxilio xudicial? Alguén pode explicarmo? Porque é absurdo, porque non ten sentido.

Falemos doutra cousa, da participación na xestión nas contas de depósitos e consignacións xudiciais e nas taxas xudiciais dos seus rendementos. Eu non o entendo. Non entendín que uns recursos que se xeren territorialmente sexan recursos da facenda central. Se eses recursos se xeren nos tribunais de Cataluña eu os quero para Cataluña, e entenderei perfectamente que os recursos xerados nos tribunais de Galicia se queden en Galicia, igual que entenderei que os recursos xerados polos tribunais dependentes dos órganos do Estado se quede con eles o Estado. Entendereino. E iso é tan doado como coordinar interadministrativamente o tema a través dun convenio de conferencia episcopal.

Falemos da oficina xudicial. Alguén fixo a oficina xudicial? Veña, levantemos o dedo: cantos fixemos oficina xudicial? Nós levamos desde o mes de novembro facendo oficinas xudiciais en Cataluña, a labazadas. Primeiro, a labazadas co Estado, porque cada vez que tivemos que crear un servizo común procesual, houbo que ir en rogatoria a Madrid, a pedir un secretario, e estivemos con edificios novos pendentes de traslado e sen secretario nomeado. É dicir, olla, como os trasladamos? Coas unidades xudiciais?, cos servizos comúns?, aparecerá un secretario? Teremos que facer o que fixeron os vascos? Que acabaron por nomear técnicos de xestión? Por favor, que alguén diga algo.

En materia de oficina xudicial, eu quero unha competencia razoábel para as Comunidades Autónomas e aí pido hoxe, dígo con toda sinceridade, que os secretarios coordinadores e os secretarios de goberno dependan das Comunidades Autónomas. Non podemos facer modelos de oficinas xudiciais cando os secretarios xudiciais están traballando en grupos de traballo co Estado facendo uns determinados protocolos e nós estamos traballando con outros grupos de secretarios facendo outros protocolos.

Acabo xa con dúas referencias moi breves: a primeira referencia, desapareceu do proxecto lexislativo a xustiza de paz e a xustiza de proximidade, a xustiza de primeiro nivel xa non está. Que pasou? Imos facer algo en xustiza de proximidade e en xustiza de paz? Non? É unha pregunta.

E por último, de todo isto esquecémonos constantemente dos cidadáns, dos cidadáns. Eu unha das cousas que me preocupa máis é que sempre que falo de xustiza, nunca falamos dos cidadáns. Nunca. Prats daba antes unha cifra. Eu teno outra: de cada catro cidadáns en Cataluña, un ten sido obxecto dun proceso de vitimación e tivo que comparecer diante dos tribunais. Ben, temos outra enquisa, moi recente e moi curiosa: dinos que o grao de satisfacción do cidadán coa Administración

de Xustiza diminúe na medida en que se incrementa o número de contactos con ela. É interesante. E aquí hai un tema moi importante. Fixemos un extraordinario esforzo, eu non o discuto, en materia de violencia de xénero. Mais algúñ díá imos ter unha política para as vítimas? A min paréceme ben que se atenda ás vítimas de violencia de xénero, mais, e aos menores? E aos incapaces? A eses non os atendemos? Por exemplo. E quen paga iso? Acabo coa anécdota tamén: estase a discutir nestes momentos nun congreso unha modificación da lei de axuizamento criminal, que non é menor, porque obriga a asistir psicoloxicamente a todos os menores que declaren diante dun tribunal. E estamos todos felices, ímolo aprobar. Nós avaliamos o que vale iso en Cataluña, nove millóns de euros. Claro, porque ademais para que o menor compareza ante o xuíz terá que ter un informe dun psicólogo. E se non, non vai poder comparecer. Ben, podemos orixinar un problema sensacional. Os xuíces diranlle aquilo: ‘que mo traian!’, e que alguén lles diga: ‘é que non o podemos traer porque non hai informe do psicólogo.’

Alguén vai ter que crear servizos técnicos de asistencia aos tribunais penais. Quen? As Comunidades Autónomas. Nove millóns de euros. Eu non os podo pagar. Eu creo que o Estado cre que a financiamento das Comunidades Autónomas crece espontaneamente nas árbores das Ramblas de Barcelona. E por favor, eu pido unha cousa. Cada vez que fagamos unha reforma (tremo ante a reforma do Código Penal) que alguén faga unha memoria económica.

Moitísimas grazas pola súa atención.

MESA REDONDA. RELACIONES ENTRE XURISDICIÓN CONSTITUCIONAL E XURISDICIÓN ORDINARIA

Autor

José Ricardo Juan Sánchez
Profesor titular de Dereito Procesual da Universidade de Valencia

43

m

A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIUDADÁN

Bos días. Eu en primeiro lugar tamén quixera comezar cuns agradecementos tanto á Escola Galega de Administración Pública como ao seu director Carlos Suárez e ao coordinador destas xornadas, o profesor Enrique Orts, que creo que lle debo bastante ao que hoxe eu estea precisamente aquí. Tamén quixera agradecer as amábeis palabras que tivo a moderadora da mesa, Inma, respecto do meu *curriculum*, que creo que un pouco quizais si que o esaxerou. Como ela mesma apunta, o tempo se nos botou enriba e vou tratar de ser breve, sintético e vou ir ao gran no que é a exposición das ideas principais que eu quería poñer sobre a mesa. Imos ver, trátase de falar das relacións entre a xurisdición constitucional e xurisdición ordinaria, e principalmente centrada esta última no Tribunal Supremo. Eu vou comezar aí con dúas ideas chave que son as que en definitiva vou tratar un pouco de xustificar na argumentación, no fío argumentador que vou seguir a continuación. Tamén me vai permitir ser rápido, e evitar facer comentarios dalgúns datos que levo e facer referencia a mencións específicas a unhas sentenzas..., o feito de que no material que segundo me comentan todos vostedes terán á súa disposición. Se non me equivoco, mañá. Aí vén con todo detalle case todas as sentenzas en que se viu... en todas aquelas sentenzas tanto do Tribunal Supremo como do Tribunal Constitucional, que motivaron ou provocaron ese roce, ese conflito, ese enfrentamento entre ambos tribunais. Así como tamén unha ampla relación de autores que dedicaron o seu tempo, atención e bastante esmero na análise desta cuestión, e isto é precisamente a primeira das cousas que quería comentar, que se trata dunha cuestión moi tratada a nivel doutrinal, nun aspecto que ten sido tratado abundantemente con meras figuras tanto do dereito procesual como do dereito constitucional; e non digo máis, remítome á documentación que se lles facilitará. E de aí, extráense dúas conclusóns, que eu as fago miñas, mais non son miñas, é dicir, que eu non vou dicir nada que sexa estritamente orixinal, da miña colleita propia, senón que vou dicir cousas que, en definitiva, da lectura destas referencias bibliográficas se poden extraer doadamente, que son dúas ideas básicas, que o verdadeiro Tribunal Supremo en España é o Tribunal Constitucional. É a primeira idea básica, eu non sei se iso soa moi forte, ao mellor non, ao mellor é algo que xa temos, non sei até que punto, todos asimilado, mais que o verdadeiro Tribunal Supremo en España non se chamou Tribunal Supremo senón que se denomina institucionalmente, Tribunal Constitucional. E a segunda idea é que precisamente o Tribunal Constitucional, é o único que ten capacidade de autodefinir os seus límites. El, el, basicamente. Polo tanto, ten un amplio campo de actuación. Claro, e iso é o que provoca eses posíbeis conflitos. Ben, eu vou comentar, na documentación verán unha serie de datos estatísticos, non os vou comentar todos, mais vaia..., na última memoria do Tribunal Constitucional, a que se pode consultar na web oficial deste tribunal, que é a do 2006, ao menos até estes últimos días, uns datos que nos poden facer idea de cal é o porque do conflito, ou que por que se reitera tanto o conflito. Vexan, no

ano 2006, o 38,53% dos recursos de amparo que chegaron ao Tribunal Constitucional procedían directamente do Tribunal Supremo. É dicir, case unha cuarta parte de todos os recursos de amparo que chegan ao Tribunal Constitucional veñen motivados ou veñen fronte a sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo. Ái tamén hai unha cousa a ter presente, de cousas que se comentaron esta mesma mañá: o cambio social que experimenta a nosa sociedade tamén se ve reflectido neses datos, porque se hai uns poucos anos, a principal sala do Tribunal Supremo que provocaba recursos de amparo ante o constitucional, era a sala segunda, a do penal, hoxe en día xa non é así. Hoxe a maior parte dos recursos que se dirixen contra resolucións do Tribunal Superior de Xustiza, o Tribunal Supremo, recursos de amparo, son contra resolucións da sala terceira, que é a do contencioso administrativo, e ten que ver, precisamente co fenómeno da emigración. Imaxíname que vostedes xa se poden imaxinar por onde van os tiros. Ben, nese mesmo ano, no ano 2006, do total de amparos que se formularon ante o Tribunal Constitucional, isto é tamén moi importante telo presente, o 98,22% xustificábanse, motivábanse na vulneración ou posibel violación do dereito á tutela xudicial efectiva, é dicir artigo 24 ou algúns dos dereitos recoñecidos no artigo 24 no seu punto segundo, que son dereitos de natureza, digamos, procesual. Ben, ese tamén é un dato moi revelador do que está pasando nesas esferas e o terceiro e último dato que vou entregarllles, insisto que os poden consultar doadamente na documentación: nese ano, do total de recursos de amparo que se presentaron para a súa admisión ante o Tribunal Constitucional, desestimáronse o 95,93%, e admitíronse a trámite o 4,07%. Eu non sei se ese podería ser un dos datos dos que se fala de por que o ciudadán se sente con insatisfacción ante a Administración de Xustiza mais non é un dato que teñamos que perder de vista, precisamente. Só o 4% dos recursos de amparo, pois ben, a idea é que eu tratarei de comentar ao final da miña intervención, é que iso aínda pode ser algo que acabe tendo números máis pequenos en relación á visión de recursos de amparo.

Ben, dito isto, temos que ter presente que basicamente, a zona de roce entre o Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional que se suxire é en relación aos dereitos fundamentais. O Tribunal Constitucional ten outros ámbitos de actuación, ten outras competencias respecto das que non teñen comportado ningunha situación de roce ou conflito respecto ao Tribunal Supremo, basicamente son en relación ao Tribunal Constitucional, o que fai son ditar leis sobre a constitucionalidade ou inconstitucionalidade das leis, sobre a interpretación constitucional dunha norma, ou cando o Tribunal Constitucional o que determina en definitiva é establecer cal é a doutrina xurisprudencial sobre calquera outros preceptos da Constitución española. O problema ven cando o Tribunal Constitucional actúa no ámbito do recurso de amparo para a tutela dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Por que? Porque aí a situación do noso panorama é que non existe un monopolio ao respecto da tutela xudicial dos dereitos fundamentais. A tutela deses dereitos, que é unha tutela preferente, é unha tutela sumaria, que ten unhas características extraordinarias, a tutela compártena todos e cada un dos órganos xurisdicionais do que denominamos a xurisdicción ordinaria, mais compártena co Tribunal Constitucional. E é aí onde se propón basicamente o ámbito dun posibel conflito. Claro, óense voces ou mellor, lense ás veces palabras proponendo que se lle restrinxxa, que se lle elimine esa competencia ao Tribunal Constitucional, que en esencia non lle afectaría. Efectivamente, o Tribunal Constitucional na súa configuración teórica non tería por que estar coñecendo deste tipo de axuizamentos, senón que o seu é actuar como un lexislador negativo e basicamente determinar se as normas con rango ou eficacia de lei son axustadas ou non a un texto constitucional determinado. Mais o certo é que non é ese o noso modelo constitucional. A Constitución expresamente, polo tanto, sería de moi dubidosa constitucionalidade se lle extraese ao Tribunal Constitucional, que ao noso Tribunal Constitucional se lle extraese esa facultade de tutelar os dereitos fundamentais. Polo tanto, temos que partir desa situación. A partir desa situación, nun plano teórico, a proposición é praticamente unánime. Os autores estes din: é que teoricamente non tería que xurdir ningunha zona de conflito,

nesa proposición. Desde un plano teórico o Tribunal Supremo debe de limitarse a garantir a aplicación uniforme da legislación ordinaria no ámbito do territorio nacional, mentres que o Tribunal Constitucional deberá ter o dereito a dicir a última palabra no que é a tutela e a tutela e a protección dos dereitos fundamentais. E é así. Deberá ser así e eu tamén participo dessa concepción. Para que vexan até que punto se suxiren de maneira tallante esas expresións, leo unha frase dun catedrático: ‘Un problema legal trátase até..., estamos ante un problema legal e constitucional resolto cunha claridade meridiana e difficilmente rebatíbel’. De tal maneira, por que xorden os conflitos entre o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional? Algúns autores din, pois claro, que o Tribunal Supremo, e leo literalmente, “acaso porque les resulta difícil soportar la situación de ser y no ser supremo”. Claro, ese é o problema. O problema é que a Constitución española en 1978 produce un cambio transcendental, no que era o ser, a razón, a esencia do Tribunal Supremo durante séculos de historia. Claro, o problema é, porque o conflito ainda se presenta..., este mesmo ano pasado houbo sentenzas que provocaron esa tensión entre ambos tribunais. O problema é despois de trinta anos de vixencia da Constitución española en 1978 ainda non asumiou o Tribunal Supremo o rol que efectivamente lle corresponde conforme o texto constitucional? Hai algúns autores, incluso apuntan consideracións de carácter ideológico; outras de carácter corporativo, e ponse sobre a mesa un dato que é tamén cando menos rechamante, porque nin a sala cuarta nin a sala quinta do Tribunal Constitucional, claro, estatisticamente son menos os amparos que chegan respecto dos amparos relacionados con estas dúas salas do Tribunal Supremo.

A partir de aí, para ter unha clara idea de cal é o lugar que lle corresponde ao Tribunal Constitucional e para ver cales son os seus poderes, é interesante, non estritamente necesario mais si se ven algunas diferenzas, é interesante distinguir entre o que é por parte do Tribunal Constitucional a tutela dos dereitos fundamentais de natureza material, polo dereito á vida, polo dereito á liberdade, etc., dos dereitos fundamentais digamos de compoñente ou natureza procesual, basicamente todos aqueles radicados no artigo 24 da Constitución española. Respecto dos primeiros, parece ser que existe pleno convencemento de que o Tribunal Constitucional é o auténtico Tribunal Supremo. En tutela de dereitos fundamentais de natureza material, o Tribunal Constitucional interpreta a constitución e a legalidade ordinaria que desenvolve os dereitos fundamentais recollidos na Constitución. Polo tanto, pode entrar ao fondo e casar as sentenzas do Tribunal Supremo, mais debe reservar sempre aos tribunais da xurisdicción ordinaria un ámbito moi específico que é a fixación dos feitos. A fixación dos feitos a partir dos que subsume normas, extrae consecuencias e declara nos fallos cal é o sentido do recurso de amparo que vai conceder. A fixación dos feitos, se existiu ou non existiu tal feito, que é o que en definitiva, se existiu un feito que poida dar lugar á violación, lle corresponde en exclusiva aos tribunais ordinarios.

A partir deses feitos fixados, a partir da fixación estrita dos feitos por parte dos tribunais ordinarios, o Tribunal Supremo pódese cualificar modificando a cualificación que fixeron os tribunais ordinarios. Pódese cualificar de maneira distinta. Non eliminar os feitos, no seu caso, senón cualificar. O Tribunal Constitucional o que pode facer é incluso a respecto deses mesmos feitos segundo foron cualificados polos tribunais ordinarios, proceder a determinar como se ten que aplicar e interpretar a legalidade ordinaria e por supuesto, a Constitución en relación á maneira de entender esos dereitos fundamentais que están en xogo. Claro, cando o Tribunal Constitucional pretendeu ir máis alá e incluso aínda que sexa implícita e indirectamente, porque explicitamente non se atreveu a facelo nunca, entrou a fixar feitos, e iso só ocorreu en dúas sentenzas. Da relación que das sentenzas más ou menos se manexan para tratar estas cuestións, iso só ocorreu en dous casos. O primeiro foi no ano 94, que provocou un serio conflito que tivo gran transcendencia nos medios de comunicación, que foi o caso en que o Tribunal Constitucional recoñeceu certa eficacia probatoria aos efectos de declarar a paternidade, nun xuízo sobre paternidade. Modificando o criterio do Tribunal Supremo que foi aquel caso que provocou que desde o Tribunal Supremo se apelase a que a súa maxestade o Rei, para que

mediase no conflito proposto. Aí, implicitamente o Tribunal Constitucional chegou a fixar o feito de paternidade. E no segundo caso, más recente, quizais más coñecido, é na segunda sentenza sobre o caso Presley. O caso Presley tivo varias voltas e motivou dúas sentenzas: unha do ano 2000 e a outra do ano 2001. Na segunda sentenza indirectamente o Tribunal Constitucional vén fixar a cantidadade da indemnización que debe percibir a persoa á que se entende que se lle violou o dereito á intimidade, á propia imaxe, etc. O que fai indirectamente, porque o que fai é declarar firme unha sentenza previa ao Tribunal Supremo que é a da audiencia provincial, non sei se era a de Barcelona, agora non lembro cal era. O mesmo fixo coa sentenza anterior: a relativa á declaración de paternidade que o que veu facer é casar, anular a sentenza do Tribunal Supremo e no mesmo fallo da sentenza de amparo declarar firme a sentenza da audiencia provincial correspondente. Iso só o fixo neses dous casos. Se se fai un estudo de análise dos distintos pronunciamentos no fallo do Tribunal Constitucional, salvo esos dous casos, sempre se limita a declarar que se debe de repor o dereito fundamental violado e para iso anula a sentenza do Tribunal Supremo, non se mete noutros ámbitos. Mais claro aí si, el cedeu, porque fixa feitos, fixa feitos. En definitiva, é algo que por suposto non lle debera corresponder mais respectando os feitos, ten liberdade, digamos, absoluta, convértese no auténtico Tribunal Supremo, tribunal que di a última palabra ao respecto. O da fixación dos feitos ten unha única excepción, coa lei na man. O Tribunal Constitucional si pode fixar feitos cando a lei orgánica do Tribunal Constitucional reconoce uns supostos de posíbeis violacións de dereitos fundamentais que se poden recorrer directamente en amparo, é dicir, non hai que pasar pola vía xudicial previa, polo tanto aí o Tribunal Constitucional é dono absoluto, incluso para fixar feitos. Que é o suposto do artigo 42 da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

Ben, claro, en todo isto, en todo este debate, as sentenzas van aparecendo as situacións de conflito van xurdindo, desde unha sentenza de 1981 até o pasado ano 2007, coa sentenza dos Albertos, mais aos poucos meses de que se coñeca e se dite a sentenza dos Albertos, modifícase a Lei Orgánica do Tribunal Constitucional, modifícanse algúns aspectos que nos medios de comunicación tiveron más eco, sobre todo o tema da elección do presidente do Tribunal, etc., mais tamén se modifican outros aspectos que quizais pasaron más ás escondidas, pasaron más silihosamente, e son moi reveladores. Modifícase o artigo 4 da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional, e dinse unhas cousas que non se dicían en absoluto nas súas redaccións precedentes, que como é breve o leo rapidamente. O artigo 4.1º di: "en ningún caso se podrá promover en cuestión de jurisdicción o de competencia al Tribunal Constitucional", iso é o que dicía o texto na súa redacción orixinaria, mais se engade "el Tribunal Constitucional delimitará el ámbito de su jurisdicción", polo tanto, xa temos base normativa para recoñecer legalmente o que doutrinalmente non se recoñecía aquí. O Tribunal Constitucional é o que fixa os seus límites. Agora recoñéceo expresamente a Lei Orgánica do Tribunal Constitucional. O Tribunal Constitucional delimitará o ámbito da súa xurisdición e isto tamén é moi importante, que non sei como se arbitrará e adoptará cantas medidas sexan necesarias para preservala incluíndo a declaración de nulidade daqueles actos ou resolucións que a deterioran. Isto non existía cando se deu o caso Presley. Se volve repetirse a situación do caso Presley, con esta nova normativa veremos como actúa o Tribunal Constitucional mais se lle está dando a potestade de declarar nulo calquera outra resolución posterior á que el diga outorgando un amparo e cazando sentenzas de tribunais ordinarios, para que se considera que van en contra do dito nos seus pronunciamentos, o anulen. O problema é como o van anular. Por que como se arbitra o mecanismo? A lei non o di, e estásé insinuando..., porque o punto 3: "cuando el Tribunal Constitucional anule un acto o resolución que contravenga lo dispuesto en los dos apartados anteriores, lo ha de hacer motivadamente y de previa independencia del Ministerio Fiscal y del órgano actor del acto de resolución". Mais, propoñao de oficio? Non está dicindo se efectivamente se terá que promover novo recurso de amparo, etc., etc. Logo, conclusión, en materia de tutela de dereitos fundamentais de natureza material a situación é, como lin antes, totalmente clara. O Supremo auténtico é o Tribunal Constitucional, ao meu modo de ver.

Que ocorre cos dereitos fundamentais de natureza procesual? Aqueles radicados no artigo 24 que como vimos provoca a grandísima mayoría dos recursos de amparo ante o Tribunal Constitucional. Ocorre unha cousa, que o poder do Tribunal Constitucional é aínda más amplio. É maior, e por que é maior? Por unha sinxela razón: polo modo en que configurou o dereito á tutela xudicial efectiva. Desde as primeiras resolucións nos anos 1981 e 1982 do Tribunal Supremo sobre materia de tutela xudicial efectiva e ao acceso á xustiza, do artigo 24.1º, toda a abundantísima doutrina xurisprudencial que o propio Tribunal Constitucional foi creando, hoxe por hoxe lévalle a poder controlar desde esa perspectiva calquera resolución dun órgano xurisdiccional ordinario. Permítelle controlar calquera resolución, en que sentido? No sentido de se esa resolución non reúne uns canons mínimos para que se entenda respectado o dereito á tutela xudicial efectiva. É dicir, e isto, parémonos a pensalo, no caso anterior, o Tribunal Constitucional pronúnciase sobre dereitos fundamentais e liberdades públicas. Agora, a situación de amparo que lle pode chegar ao Tribunal Constitucional, reside basicamente no artigo 24 mais pode que o dereito que estea en xogo o dereito que provocara en primeira instancia o preito sexa un dereito ou un interese dunha natureza distinta. Non ten por que ser un dereito fundamental. Polo tanto o Tribunal Supremo pode estar casando sentenzas nos tribunais ordinarios aínda que estas non versen sobre dereitos fundamentais. Por que? Porque o Tribunal Constitucional na configuración dese dereito desa tutela xudicial efectiva o que chegou a dicir é que el pode entrar a determinar se existe ou non suficiente motivación, e por iso lle permite dicir, esta sentenza a caso porque non está suficientemente motivada, o como el mesmo di, pode entrar a determinar se esa sentenza contén unha motivación arbitraria ou irrazoábel. E valora a motivación do pronunciamento do xuíz ordinario desde esa perspectiva, se é arbitraria ou irrazoábel. Polo tanto, está exercendo un control respecto de todas e cada unhas das resolucións que lle cheguen en amparo e posteriormente tamén se reserva ao Tribunal Constitucional o control da igualdade na aplicación da lei. O que tamén suxire moitas situacións de roce con respecto ao Tribunal Supremo. Porque o Tribunal Supremo, díxeno antes, se supón que debe de garantir a uniformidade na aplicación da lei en todo o territorio estatal. Polo tanto, eses son os argumentos que nos permiten dicir que o Tribunal Constitucional ten base ou na lei ou na súa propia doutrina para poñerse as portas que queira, os límites que queira e autolimitarse con base a estes criterios. E claro, eses é o que o Tribunal Supremo terá que aceptar.

Quero ir concluíndo. E quería chamarles a atención sobre outro aspecto, en prexuízo e se houber tempo para o debate, tamén sería enriquecedor, que é respecto de novo, da rectificación da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional. Antes comentei o artigo relativo ao artigo 4 que lle concede a facultade de delimitar o seu ámbito de competencia, nada más e nada menos. Polo tanto aí a discrecionalidade é total. Mais queda aínda máis acentuada esa discrecionalidade do Tribunal Constitucional, no que é a reforma do artigo 50, que é xa sede de amparo, precisamente respecto de que criterio debe de manexar hoxe por hoxe o Tribunal Constitucional para admitir a trámite un recurso de amparo, e non esquezamos o dato que din ao principio, de que só se admite aproximadamente entre o 3 e o 4% desde os recursos que se propoñen, co artigo anterior, pois este artigo establece un criterio aínda máis rigoroso e aínda dando más opción ao uso da discrecionalidade, polos maxistrados do Tribunal Constitucional. Leo, aparte de razóns de estrita, de cumprimento das formalidades necesarias para que o recurso de amparo sexa transmitido a trámite, que hai unha consideración máis de contido, que é a letra D do artigo 50 do punto 1, que di que o recurso se xustifique, "que el contenido del recurso justifique una decisión sobre el fondo en parte al Tribunal Constitucional", até aí nada novo, mais engade "en razón de su especial transcendencia constitucional, se ha introducido en la Ley Orgánica del Tribunal Constitucional". En que consiste? Como é o alcance? Como o valoramos? Algo axuda mais non determina con total precisión ese alcance. "Que se apreciará", di, "atendiendo a su importancia para la interpretación de la Constitución, para su aplicación", da Constitución, enténdese, "o para su general eficacia, y para la determinación del conte-

nido y alcance de los derechos fundamentales". Isto ten levado, e a autora á que me estou a referir téñena citada na documentación que poderán consultar, isto levou a que algún autor fale de que se perverteu o recurso de amparo, de que realmente se poñen unha serie de instrumentos en mans do Tribunal Constitucional, para que, áinda cando o Tribunal Constitucional teña a percepción inicial de que poida haber unha auténtica violación ou lesión dun dereito fundamental ou liberdade pública, se o Tribunal Constitucional entende que a continuación non concorren as causas de transcendencia constitucional, é dicir, eu sobre ese asunto non vou dixir nada que dixería con anterioridade nas miñas resolucións, o Tribunal Constitucional podería determinar a inadmisión a trámite, é dicir, polo tanto fechar más a porta de acceso á súa propia sede xurisdiccional. Iso suporía dar más xogo aos tribunais ordinarios? Podería entenderse así. Isto implica que resulta que por outra vía, agora acabamos de definir o Tribunal Constitucional como un tribunal encargado de cumplir cunha función que sempre foi asignada historicamente aos tribunais supremos, como é a función nomofiláctica. Autores xa van comezando a dicir cousas nese sentido. O Tribunal Constitucional, hoxe por hoxe, estase, depende da lectura que se faga, dese artigo terá esa función. É o verdadeiro delimitador da maneira de interpretar a Constitución, os dereitos fundamentais, sempre e cando considere pertinente, co que pode que áinda estea solapando más a función do Tribunal Supremo.

Unha última consideración, para abundar, do Tribunal Supremo dise que se trata dun tribunal en busca da súa identidade. Que o Tribunal Supremo, realmente despois de entrar en vigor a Constitución española perdeu a súa identidade mais teñámolo presente. Esa identidade do Tribunal Supremo ou a perda ou a crise dese Tribunal Supremo, non só é achacábel ao Tribunal Constitucional. Hai que ter en conta tamén que parte das funcións que historicamente tiveron asumidas o Tribunal Supremo pasan aos tribunais superiores de xustiza. E non podemos perder de vista tamén a presenza cada día maior dos tribunais supranacionais que tamén van privando de ámbito de actuación e de decisión ao propio Tribunal Supremo. Son factores que fan que o Tribunal Supremo realmente teña que ir encontrando o seu lugar en todo ese conxunto de elementos. Non me quero estender e se despois hai ocasión para o debate engadirei algúns datos máis.

Grazas pola súa atención.

MESA REDONDA. RELACIONES ENTRE XURISDICIÓN CONSTITUCIONAL E XURISDICIÓN ORDINARIA

Autor

Jacobo López Barja de Quiroga
Maxistrado do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo

51

m

A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIUDADÁN

Bos días a todos. En primeiro lugar, pois claro agradecerlle a Inma as palabras que me dedicou na presentación, tamén ao director Carlos Suárez por terme convidado e darme a ocasión de volver á Coruña, que é unha das cousas que máis me gustan, porque a cidade é estupenda e porque é a miña cidade e, polo tanto, gústame vir aquí. O tema que nos trae aquí é un tema importante, e é un tema moi polémico. Comezando porque teño que recoller o guante mais é que discrepo moito do que che escoitei.

Comezando polo primeiro que dixo. Dixo: o Tribunal Constitucional é, e repetiu varias veces, o Tribunal Supremo. Claro, se aceptamos esa premisa, xa iso quere dicir que o Tribunal Constitucional é, obviamente, anticonstitucional, porque se ergue no que non está na Constitución. Na Constitución non está como un Tribunal Supremo. O único que leva o nome de supremo é o Tribunal Supremo. E o que leva o nome de supremo aparte de razóns históricas, dentro da Teoría Xeral do Estado, xa desde a época de Jellinek e todos os demás, por exemplo, Kelsen, cando fala do que é un órgano supremo está moi claro o que é un órgano supremo. E o Tribunal Supremo é un órgano supremo, cousa que non leva o nome o Tribunal Constitucional, que leva o nome de constitucional.

O Tribunal Constitucional, que, ademais, sen prexuízo de que despois volva outra vez, tampouco estou de acordo coa análise de Ricardo, porque tamén está baseándose na última modificación da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional, e dicindo que eles poden establecer a súa propia competencia, a súa propia xurisdición, etc., etc. Ben, iso é o que di a lei, mais é que a lei é anticonstitucional. Que lle imos facer se a lei de modificación da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional é anticonstitucional. Claro. Pois moi ben. É que todo é anticonstitucional.

E xa para terminar, e despois se debatemos me parece estupendo, para terminar, dixeches que o Tribunal Supremo ten que encontrar o seu destino, o seu camiño, ten que ver onde se sitúa, etc. Eu creo todo o contrario. Eu creo que é o Tribunal Constitucional o que non ten é rumbo ningún. Non sabe onde vai, nin de onde ven, nin cal é a súa función. É un tribunal que perdeu totalmente o rumbo. Entón, quen ten que organizarse é precisamente o Tribunal Constitucional. Comezando por algo moi claro: e é que na Constitución clarisimamente ao Tribunal Constitucional seguindo as teorías de Kelsen, é un lexislador negativo, é un lexislador para que estableza o que é anticonstitucional, mais os amparos, os amparos é unha xurisdición residual. Se collemos a Constitución, que é no único en que nos temos que basear e non o que diga a modificación esta da lei, que é un disparate absoluto, se nos imos á Constitución veremos que o recurso de amparo é un recurso totalmente residual que di, no seu caso haberá recurso de amparo. E xa a lei establecerá os casos e as formas nas que se establecerá: o 53 e o 161. É moi claro, na Constitución. Que é o que pasou? Que a Lei Orgánica primeira do Tribunal Constitucional cambiou totalmente o sentido, dun sistema alternativo que era o

que establecía a Constitución, a un sistema subsidiario, para comenzar, e para continuar, cada vez ampliando más até iso, que nos explicou moi ben, e estou de acordo desde o punto de vista descriptivo mais non desde o punto de vista valorativo. Desde o punto de vista descriptivo, efectivamente, temos un Tribunal Constitucional que determina os seus límites que interpreta o que se lle pon dianxe, e que fai o que lle dá a gana. Ah, moi ben, se iso é o que non gusta, pois estupendo, mais ese non é o Tribunal Constitucional. Nin está na Constitución nin é o que a min me gusta. Mais é que a cousa chegou xa ao paroxismo da última modificación que ti liches algúns parágrafos mais os que liches, que tes razón, mais a min o que máis me gusta é outro. A min gústame o 40.2º. É precioso. Di: "las resoluciones del Tribunal Constitucional no podrán ser enjuiciadas por ningún órgano jurisdiccional del Estado". Estupendo. Sáeme un taco. Mais é estupendo. Que quere dicir? Lembrádesvos da época de Franco? Ben, sodes moi novos todos mais se colledes unha moeda da época de Franco puña "caudillo de España por la 'g' de Dios", paréceme que dicía algo así... "por la gracia de Dios"... e como respondía Franco? Ante Deus e ante a historia. É dicir, Franco non respondía ante nada. O mesmo que estes señores. Igual. E plásmano nunha lei, e din que isto é constitucional. Isto é un disparate. Todos somos responsábeis. Como pode haber alguén que sexa un irresponsábel absoluto? Iso non pode ser. Que é o que pasou? Que cando lle chamou a sala primeira, puxéronlle unha demanda de responsabilidade civil e chamou a todos os..., con independencia de que teña razón ou non teña razón a sala primeira cando lle puxeron a demanda aquela por unha providencia aos maxistrados do constitucional, que ao final a sala primeira os condenou, sentíronse moi doídos. A eles non se lles pode condenar; non se lles pode xulgar. E para iso poñen isto: nós non respondemos ante nada. Isto, si nalgún momento, hai que xulgar a un maxistrado constitucional porque nalgúnha sentenza prevaricaron, isto se tirará abaixo. É papel mollado. Iso de que non son responsábeis, haberá que velo. E o primeiro, que son responsábeis porque a prevaricación está para todos. E a prevaricación supón ditar sentenzas ou resoluciones inxustas. E eles poñen sentenzas, e polo tanto, poden ser inxustas, e poden ser prevaricatorias. Que é iso de que poden pór unha sentenza prevaricadora non se lles vai poder axuizar? Que é o que di o 40.2º un disparate. Iso é un disparate absoluto.

Ben, cal é a outra cousa que dicía sobre a organización? E despois vou volver outra vez. Pois a última memoria do Tribunal Constitucional que é a do 2007, dinos algo estupendo cando a collemos, ímonos ás estatísticas para ver como vai ese tribunal. E di aquí nun parágrafo que vou ler e é moi curtiño: "los recursos pendientes de resolver, sobre su admisibilidad", é dicir, para que se resolva se é admisible ou inadmisible. Simplemente, se é admisible, despois virá todo o trámite para pór a resolución de fondo. Pois só esperando sobre a admisibilidade ou sobre a inadmisibilidade, na sala primeira hai 6.492 e na sala segunda 5.674, que dá un total de 12.166 recursos de amparo. Se isto é un tribunal... eu creo que é unha desorganización absoluta. 12.166 recursos esperando para ver se é admisible ou inadmissible. Paréceme a min que isto non é un tribunal. Que é o que ocorre? Pois que na Constitución se monta un Tribunal Constitucional para que examine a constitucionalidade das leis. E para iso, por dúas vías. Os recursos de estabilidade que poidan interpor os deputados e senadores, e as cuestións de inconstitucionalidade sobre a cuestión concreta que poidan interpor os xuíces. E despois, residualmente, o amparo. Mais o Tribunal Constitucional, o único que ten que examinar é a constitucionalidade das leis, e iso é o que non examina, xusto iso é o que non fai. O único que fai é un amparo. Se nós partimos da base de que o Tribunal Constitucional, o único que fai son amparos, e se collemos as sentenzas do Tribunal Constitucional todos son amparos, se nós vemos iso, nós chegamos a unha conclusión: para que queremos o Tribunal Constitucional? Se no fondo, é unha instancia máis. Non ten ningún sentido. O sentido que establece a Constitución, que sentido ten? Vostede examine a constitucionalidade das leis que hai, que o resto o farán os tribunais de xustiza. Mais cando o Tribunal Constitucional entra en todo, entón o que cambiamos é todo o sistema.

Isto, ademais, onde se ve? Vese, por exemplo, no que é a vinculación das sentenzas do Tribunal Constitucional. A Constitución di: vincula todas as sentenzas do Tribunal Constitucional en relación

coas cuestiós e os recursos de inconstitucionalidade. E con relación aos amparos, só vincula ao xuíz da causa. Lóxico, mais non ten efectos para os demais. Non vincula os demais. Mais como o constitucional o que quere é erixirse nunha xurisdición única e no intérprete supremo de todo o que hai que interpretar que é o que provocou? A modificación das lexislacións. A Lei Orgánica orixinalmente do Tribunal Constitucional non cambiaba esa vinculación. Aproveitou a Lei Orgánica do Poder Xudicial para cambiar esa vinculación e non falar de todo tipo de procesos, para dicir que a vinculación xa é en todo tipo de procesos. E na última reforma do Tribunal Constitucional, nesta Lei Orgánica de modificación, xa di que vincula o que eles digan en sentenzas e autos, e ademais nos procesos constitucionais, é dicir, digan o que digan, todo é vinculante.

Ben. Iso é o que quixeron realizar co Tribunal Constitucional mais iso non é o que está na Constitución. Polo tanto, o marco constitucional é totalmente distinto ao que temos. Se nós partimos de que dentro dun estado ten que haber división de poderes, até agora tiñamos o lexislativo, o xudicial e o executivo; e agora resulta que a cousa non é así. Non hai división de poderes. Hai unificación de poderes no Tribunal Constitucional, co sistema que están a manter. Só hai un. O que eles digan, onde queira que o digan, como o digan, e refírese ao que se refira. Eu creo que quen ten que buscar a súa identidade, é precisamente o Tribunal Constitucional. Non o Tribunal Supremo. O Tribunal Supremo ten moi claras cales son as súas competencias. O que non o ten nada claro, precisamente por esa amplitude que as leis lle veñen dando, é o Tribunal Constitucional. O que pontifica como lle dá a gana, e ademais invéntase un sistema de interpretación conforme á Constitución, cando ningúén lle deu pé a facelo. En Alemaña hai ríos de tinta sobre o que é a interpretación conforme á Constitución e o propio Tribunal Constitucional alemán é bastante máis comedido que o español. O español, con iso da interpretación..., se estou de acordo con todo o que ti dixeches!. Non é que interprete a Constitución, norma difícil de interpretar, porque é unha norma apolítica, e é o que tiñan que interpretar, o Tribunal Constitucional. Era o que tiña que interpretar en chave política unha norma política derivada dun consenso político e establecer as liñas xerais políticas. Non. Estase dedicando ás cuestiós de legalidade ordinaria. E aí é onde se producen as friccións, onde se producen os choques entre o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional, mais non porque o Tribunal Supremo transvase seus límites, senón porque o Tribunal Constitucional non ten límites, segundo consideran eles, entón como eles non teñen límite poden facer o que sexa e ademais son irresponsábeis, entón se produce esa situación tremenda conflitiva, acabouse a división de poderes, e xa está. No tema da interpretación conforme á Constitución ten ademais outras facetas, por exemplo, unha cousa é que o Constitucional diga 'isto non é de acordo á Constitución', co cal estariamos de acordo, é o seu campo dicirnos o que non é constitucional, mais outra cousa é que nos diga isto é constitucional se se interpreta desta determinada maneira.

Olló, que iso non é o que vostede ten que facer. Vostede dígame si ou non. Mais non me diga o que eu no futuro vou facer, sobre as cuestiós de lexislación ordinaria, porque iso é cousa miña. É como se o lexislador, que ás veces tamén ao Constitucional lle gusta..., nestas poucas veces que cumple a súa función de axuizar unha lei porque iso non é frecuente de facer, de se é constitucional ou non. Nelas ocasións, imaxinen que lle diga ao parlamento: vexa vostede, isto así non me gusta. Vostede na próxima e futura reforma que faga, fágao desta maneira, pois iso é o que está facendo todos os días cos tribunais de xustiza. Isto non me gusta mais se o interpreta desta outra maneira, si me gusta. Mais o que lle guste a vostede ou non, a min impórtame moi pouco. Se é que esa non é a cuestión! A cuestión non é o que a vostede lle gusta, porque vostede non está aí para dicirme os seus gustos, vostede o que me ten que dicir é isto é constitucional ou non é constitucional, e punto. Non se lle pide outra cousa. Claro, que para iso fai falla que se dean conta do que se lles pide, e creo que non captan totalmente a cuestión, e entón por iso derrapan bastante. De maneira que... o tema que nos ocupa, cando falaches antes tamén de se era un problema ideolóxico. Os tribunais constitucionais nacen por un problema ideolóxico. É verdade. Os tribunais de xustiza na época das ditaduras non

teñen funcionado nada ben, evidentemente. Naqueles países en que sufrieron ditaduras, e que sufrieron por exemplo o nazismo, foron más necesarios uns tribunais constitucionais, cópianse algúns, mais ao chegar até o extremo do sistema español, de cargarse ao Tribunal Supremo desa maneira, iso non se chega até eses extremos normalmente. Isto é unha cousa inusitada. Por iso digo, que cando na posguerra se ve a necesidade de... e en España que pasou? En España pasou unha cousa parecida. Despois de que superamos a ditadura, ía dicir caeu a ditadura, ben, non sei, caeu de vello, cando superamos a situación da ditadura, o lexislativo cambiou, claro, cambiou o parlamento. Quitamos todos os deputados polo terzo familiar, polo terzo non sei que, e puxemos un parlamento como deus manda, o executivo pois tamén cambia, claro, e cada catro anos pois imos cambiando, mais o xudicial non se cambiou. Estudouse no seu momento, se fá haber depuracións, se ía cambiar a carreira xudicial, se ía cambiar o Tribunal Supremo. Ao final, decidiuse que non, decidiuse deixar todo á bioloxía, ou sexa que morrera, entón, deixouse todo á cuestión biolóxica e o Tribunal Supremo de agora non é o Tribunal Supremo de entón. Evidentemente. Entón, a cuestión ideolóxica non é necesariamente a que vai resolver. Podíao ter resolto. O que fixo a Constitución, é dicir, ben, o Tribunal Supremo deixámolo como está, mais poñemos o Tribunal Constitucional. Claro, mais como puxo o Tribunal Constitucional a Constitución? Púxoo dunha determinada maneira. Volvo insistir, para que estude a constitucionalidade das leis. É máis, había unha cuestión que paralizaba a entrada en vigor dunha lei. Despois modificouse posteriormente e se dixo, non, que entre en vigor porque se non, a oposición vai paralizar todas as leis, é dicir, faise unha lei no parlamento, a oposición sexa do signo que sexa perdeu, podía interpor o recurso ante o Tribunal do Constitucional, e paralizaba inmediatamente a entrada en vigor da lei. Iso díxose, non iso hai que quitalo. Mais para iso estaba o Tribunal Constitucional. Para axuizar se unha lei é ou non constitucional. E por iso, se lemos a Constitución o que di é que o amparo é unha solución alternativa e moi residual. E se transformou no único que fai o Tribunal Constitucional que é resolver amparos, e entón toda a doutrina, que se as probas ilícitas, que se as entradas e rexistros, que se o tema da prescripción, todo, o tema da Presley, todo é doutrina que nos imos encontrar nos recursos de amparo. É dicir, no que non era vinculante más que para o xuíz da causa e no que era puramente residual. Transformouse nun intérprete único da Constitución e da lexislación ordinaria. Iso é verdade, mais iso é anticonstitucional. Iso non é o que o constituínte no seu día pensou de ningunha maneira.

Os exemplos que se citaron de choques, é verdade. O exemplo da Presley sentenciou dúas veces, a sala primeira sentenciou dúas veces. Era o asunto da aia que contaba cousas sobre a Presley, entón a primeira sentenza, o Tribunal Supremo non lle deu a razón, o Tribunal Constitucional si lla deu, e entón o Tribunal Supremo deu unha indemnización de 25.000 pesetas, e o Tribunal Constitucional deseguida se queixou, que si aquilo era de risa, que lle estaban tomando o pelo, e entón o Tribunal Constitucional no segundo caso Presley lle deu a razón, pois vale, 10 millóns. E esa foi a cuestión. Evidentemente, son cousas de lexislación ordinaria. O tema da prescripción dos Albertos eu aí creo efectivamente que o Tribunal Constitucional está pontificando sobre o que é lexislación ordinaria, sobre o tema da prescripción, creo que a interpretación que lle deu o Tribunal Supremo ao mellor non era a más correcta. Paréceme que a prescripción ten outras formas de resolver a cuestión, mais en calquera caso, é unha cousa de lexislación ordinaria. Claro que todo podemos enganchalo a un dereito fundamental, coa interpretación conforme á Constitución, non hai ningún problema, o que pasa é que ben, pois temos un Tribunal Constitucional que desfai totalmente a división de poderes e se erixe en aquí estou eu, e xa está. Que non me gusta esta lei, pois a cambio, que non me gusta o outro, pois o cambio tamén, que esta sentenza é... pois fai o que lle dá a gana... mais a min non me gusta estar baixo a ditadura do Tribunal Constitucional. Paréceme que as ditaduras, grazas a Deus, as superamos.

Ia dicir algunha cousiña máis, mais olla, despistáchesme, dá igual, xa o deixo e a ver se facemos debate e discutimos amplamente. Nada máis.

MESA REDONDA. ALGUNHAS CUESTIÓNS DA ORDE PENAL: A INVESTIGACIÓN E A DOBRE INSTANCIA

Autor

Juan José López Ortega
Maxistrado. Audiencia Provincial de Madrid

57

m

Ben, moitísimas grazas, quero en primeiro lugar, agradecer ao profesor Orts, aos organizadores, o poder compartir con vostedes estas ideas, estas reflexións, sobre a investigación penal. Quero propor algunas cuestións que se me ocorren en relación á investigación penal e en relación á súa futura reformulación. E para iso, quero comezar referíndome á imputación e ao dereito de defensa e en concreto a un aspecto especialmente, a un problema particular, especialmente importante, ao meu modo de ver, que é a prohibición das inquisicións xerais. Como vostedes saben desde o ano 1998, o Tribunal Constitucional lembra que converter unha investigación penal nunha inquisición xeral á persoa que estableceu a propósito do caso dun personaxe ben coñecido, Juan Guerra, que ese tipo de inquisicións que ese tipo de investigacóns abertas en exceso, vulneran o dereito a un proceso a todas as garantías, e en concreto, o dereito á defensa. Como ben sabemos, a imputación consiste na atribución dunha sospeita razoábel da comisión dun feito delituoso, a unha persoa determinada, e desde ese momento se inicia para o imputado, xorde o dereito de defensa, e por esta razón, a imputación debe de cubrir dous aspectos esenciais, tal e como establece o artigo 779.º Apartado 4º da Lei de Axuizamento Criminal. A determinación precisa do feito puníbel e a identificación da persoa á que se lle imputan estes feitos. Porén, con frecuencia sucede nos procesos complexos que a investigación que se inicia contra unha persoa para investigar un feito, se superpón coa investigación doutro feito que nada ten que ver, e así sucesivamente. A garantía que nestes casos entra en xogo é que ningúén pode ser acusado se previamente non foi imputado. Mais nestes casos problemáticos, o imputado sabe que foi imputado, coñece perfectamente a súa posición, aínda que realmente pode chegar a ignorar durante o desenvolvemento da investigación, por que feito concreto está a ser investigado. Pois ben, para evitar as inquisicións xerais, o artigo 28 da Lei do Xurado do ano 1995, contén unha regulación, ao meu modo de ver más precisa, que debería de servir como modelo para abordar unha futura regulación da investigación penal. Neste precepto, como vostedes saben, obrígase ao xuíz de instrucción, a informar de novo ao imputado, do contido obxectivo da imputación, se das diligencias practicadas, resultan indicios racionais da comisión dun delito distinto ao que é obxecto do procedemento. Na miña opinión, desta forma, queda suficientemente salvagardado o dereito de defensa, pois en todo momento o imputado coñece o alcance obxectivo da investigación. Outras cuestións sobre as que cabería reflexionar, a propósito do desenvolvemento do dereito de defensa durante a investigación penal e só apunta isto, referírase nunha parte na relación do imputado, que como vostedes saben, no proceso penal cumpre unha función ambivalente como medio de investigación e como medio de defensa, mais que na nosa regulación, desde o meu punto de vista, presenta un marcado carácter inquisitivo, por canto é predominante a súa función investigadora en detrimento da súa consideración como dereito de defensa. E desde outro punto de vista, tamén cabería reflexionar sobre a eficacia que na última

década se lle recoñeceu ao dereito ao silencio, permitindo que se valore en contra do reo. En concreto, o noso Tribunal Constitucional a partir de 2000. Tal posibilidade, que por outro lado foi sancionada incluso polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos na década dos noventa, é coñecida no dereito comparado, no Reino Unido e na Alemaña, mais existen outros dos procesuais, como o alemán, nos que se contempla a valoración do silencio do inculpado, dunha forma máis modulada que como se fai no dereito español, distinguindo segundo que o acusado se nega radicalmente a declarar en cuxo caso o seu silencio non poderá extraerse ningunha consecuencia desfavorábel do seu silencio, xa que o outro suposto, no que sometido voluntariamente ao interrogatorio, deixa de contestar algunas preguntas ou dá respuestas evasivas, en cuxo caso ese comportamento, ao que voluntariamente se someteu, si pode ser obxecto de valoración por parte do tribunal.

Referinme, ao falar da imputación, á lei do xurado. Non por casualidade, porque como vostedes ben saben, o noso modelo procesual combina diversos modelos de investigación preliminar que responden a principios radicalmente diferentes. Procedementos ordinarios como o procedemento común por delitos e o abreviado, nos que predomina o principio de investigación de oficio e a investigación descansa, pone en mans do xuíz de instrución. Polo contrario, no procedemento ante o tribunal do xurado, o protagonista da investigación tamén se encontra a cargo do xuíz de instrución, mais rexe o principio de achega de parte, de tal maneira que só excepcionalmente para as dilixencias urxentes ou para completar a actividade investigadora das partes se habilita ao xuíz de instrución para practicar investigación, para ordenar a realización de investigacíons, e por último, como vostedes ben coñecen, o proceso de responsabilidade do menor, no que se deixa a investigación a cargo do fiscal, e ao xuíz de menores, só unha función habilitadora das restritivas de dereitos.

O que unifica, ao meu modo de ver, estes modelos de investigación preliminar son, porén, as amplas facultades que se recoñecen á policía, que se converteu no noso sistema, en ausencia dunha auténtica regulación lexislativa nun verdadeiro poder de investigación autónomo. Por iso, na miña opinión, é un falso debate, un debate desenfocado o discutir se a dirección das investigacións debe encomendarse ao xuíz de instrución, ao Ministerio Fiscal, cando o certo é quen a desenvolve autonomamente é a policía de seguridade, e por iso, e na miña opinión, unha futura reforma lexislativa debería abordar a reflexión sobre a definición do modelo de investigacións, a que órgano director, xurisdiccional ou director do Ministerio Fiscal se encomenda, e baixo cuxa dependencia debe de actuar a policía de seguridade ao tempo de delimitar e definir o alcance das funcións investigadoras da policía de seguridade no desenvolvemento incluso de funcións preventivas. En relación co modelo de investigación existirían outras cuestións que tamén deberían tratarse e que se referirían fundamentalmente á habilitación do proceso. Incluso, á posibilidade de recoñecer a renuncia ao exercicio da acción penal, aplicando criterios de oportunidade.

Mais aquí querería, para non estenderme demasiado, propor outra cuestión. Refírome ás novas formas de inxerencia, e tamén ás novas formas de protección da intimidade, que se produciron nas últimas décadas, na última década, nos últimos anos. Como vostedes saben, primeiro a sentenza do Tribunal Constitucional sentenza 25 de 2005 e despois a sentenza 26 do ano 2007, constitúen dous bos exemplos dun fenómeno ao que me refería anteriormente. A atribución á policía dun auténtico poder autónomo de investigación. Trátase de dilixencias, incorporación de análises clínicas ás dilixencias policiais ou incluso ordenación pola policía xudicial de *motu proprio*, da realización deste tipo de análises. Poder investigador que por outra parte foi sancionado polo propio Tribunal Constitucional nunha ben coñecida e importante sentenza do ano 2002. A sentenza 70/2002 ao propósito da intervención da carta dun sospeitoso no curso dun cacheamento. Ben. En todos estos casos trátase da incorporación á investigación preliminar, como lles dicía, do uso de informacións no caso das sentenzas do ano 2005 e do ano 2006, de análises practicadas cunha finalidade curativa que a policía non

poden ser lexitimadas só poden ser solucións lexítimas desde o momento en que sexan transparentes e motivadas. E con estas premisas podemos xa valorar a actuación do consello? Contribuí aos fins que constitucionalmente ten asignados? Pois como dicían os meus compañeiros, que me precederon no uso da palabra, a resposta non é positiva e o panorama é bastante desalentador. Por que? Pois porque até agora o consello veu comportándose, veu actuando caracterizado por dúas notas: a primeira, o escurantismo, ou falta de transparencia, e a segunda, a falta de motivación. Isto deu lugar a unha, ao menos, apariencia de arbitrariedade, que se traduce en que como se ignora cales son os motivos que levan ao consello a adoptar determinada decisión, sobre todo en materia de nomeamentos, cabe pensar que esa decisión responda á pura e simple arbitrariedade, é dicir, a criterios espurios, á confianza, á amizade ou a calquera outro tipo de cuestións como podemos pensar, cotas partidistas, etc. En que se traduce isto? Pois a apariencia de arbitrariedade vai dar lugar á desconfianza, á desmotivación e á deslexitimación do órgano. Quere decir isto que a existencia do consello, que non ten sentido que exista o consello? Non, eu creo que non podemos chegar aí.

Por que? Porque se analizamos desde o punto de vista práctico, cal é a situación da xustiza en España non só a sociedade conceptúa ademais nunha maioría ademais bastante considerábel que os xuíces actúan con independencia, senón que basta retrotraernos uns anos para poder comprobar que a xustiza española tivo a capacidade suficiente como para axuizar os ministros, como para analizar problemas de financiamento irregular dos partidos, como para sentar nun banco a directores da axencia nacional de intelixencia, etc, etc. Isto rebela que existe unha independencia real, tanto por parte da fiscalía como por parte da xudicatura. Contribuí en algo o consello a esta independencia? Ou non tivo nada que ver? Eu creo que si que tivo algo que ver, ao seu pesar, quizais. Por que? Porque a existencia do consello ao subtraer unha serie de mecanismos que permitirían influír na carreira, está garantindo as bases da independencia. É dicir, está introducindo un benéfico efecto desmotivador de posíbeis intentos de influír, de premer na cadea a través de calquera outros mecanismos. Como xa se recollía na sentenza do Tribunal Constitucional de 1986, ao atribuir todo o que se refire ao estatuto xudicial a un órgano de governo limitado o consello superior do poder xudicial, o que se pretendía en realidade, era apartar do poder executivo as funcións que más lle podían servir para tratar de influír sobre os tribunais. Por un lado, o posíbel favorecemento dalgúns xuíces, a través dos mecanismos de nomeamento e ascensos, e por outro lado, as eventuais molestias ou prexuízos que puideran derivarse dun sistema disciplinario, das inspeccións ou das sancións.

Polo tanto, pese a todo, a existencia do consello, eu creo que é necesaria. Quere decir isto que é suficiente a realidade actual? Pois eu creo que estamos todos de acordo en que non. Quere decir que non ten arranxo? Non, pois tampouco. Efectivamente, eu creo que si que no consello poden adoptarse unha serie de pautas coa finalidade de, partindo da necesidade da súa existencia, para preservar a independencia no exercicio do labor xurisdiccional, mellorar ou conseguir que realmente sirva para contribuír de forma eficaz á consecución deses fins que constitucionalmente ten asignados. Como? Pois moi brevemente, e dada a hora, podemos distinguir dous aspectos. Un, actuando sobre os principios. Dous, actuando sobre a estrutura e funcionamiento do consello. En primeiro lugar, e respecto dos principios, primeiros, debería procederse a unha maior autolimitación diría, dos poderes efectivos decisarios nun dobre sentido. Primeiro, respecto aos partidos políticos e á hora de designar a persoas que forman parte do Consello Xeral do Poder Xudicial deben guiarse por unha serie de perfís previamente definidos nos que o que se destaque sexa a cualificación profesional de cada un dos candidatos para levar a cabo a función que constitucionalmente se lle asigna prescindindo de cotas ou da maior ou menor docilidade da persoa concreta para levar a cabo o que parece que se lle encarga. E nun segundo sentido, a asunción por parte das persoas que van destinadas a ocupar esos postos, do concepto de cargo público representativo, é dicir, a prohibición do mandato imperativo. Trátase de persoas que unha vez nomeadas titulares do órgano teñen que actuar con lealdade constitucio-

nal para levar a cabo as funcións que lles son encomendadas, con esquecemento da lista ou con esquecemento do proxecto ou do partido político chegado o caso que apoiou a súa candidatura para ese posto. Primeiro principio.

Segundo, maior pluralismo no consello. Se ben o pluralismo político é un dos valores superiores do ordenamento xurídico, parece evidente que o Consello Xeral do Poder Xudicial deba recoller na súa composición o que é a diversidade dos valores que nun determinado momento existen na sociedade.

E en terceiro lugar: maior transparencia e maior motivación. A historia do estado democrático é unha loita permanente contra o secreto e a favor da publicidade. Polo tanto, temos que traballar en favor dunha maior transparencia e por suposto da necesidade dunha motivación. A transparencia e a motivación vanse traducir ou van ter un efecto balsámico sobre posíbeis conflitos internos e ademais un efecto lexitimador interno e externo para as persoas que son designadas e en última instancia para o propio órgano. Falábamos de actuación sobre os principios.

E para rematar, actuación das estruturas e funcionamiento do propio consello ao que xa antes aludiou o meu compaño Félix. En primeiro lugar, trataríase de separar o que son as propostas de nomeamentos do consello das propostas de nomeamentos de outros órganos constitucionais, que por moi lexítimos e por moi constitucionais que sexan, moitas veces non teñen nada que ver co consello, que ten unha singularidade especial. Que quere dicir: pois que o que non se pode é designar aos componentes do consello en función de cotas que veñan á súa vez da asignación ou da composición de outros órganos constitucionais cos que nada ten que ver. É necesario separar unhas propostas e outras. E á hora de formular, dentro deste marco, os nomeamentos, pois haberá que atender precisamente ao perfil profesional das persoas que se presenten como candidatas para ocupar esos postos. Persoas que teñen que destacar pola súa cualificación profesional, polos seus méritos, pola súa capacidade para levar a cabo as funcións que constitucionalmente se lle asignan. Nesta orde de cousas, sinalar a necesidade de facer moito máis transparente o proceso de designación incluído no que se refire ao proceso de designación do seu presidente, presidente que loxicamente si está previsto que naza no seu seo, non se pode coñecer días antes, a través dos medios de comunicación de maneira que invariavelmente a realidade, o día sinalado veña a corroborar o que tiñan dito os medios de comunicación, unha semana ou un mes antes, iso xa é partir dun principio deslexitimador desde o primeiro día.

Mais á marxe xa de todo o que se refire ao nomeamento e composición do consello, dentro do que son as estruturas habería que proceder: primeiro, a reducir ou ao menos a reconducir as estruturas, as dimensións e a composición no que se refire á proposición interna que acaba de presentar Félix Pantoja, habería que reconducilo a un punto de vista razoábel. Cal é ese punto de vista razoábel? Cal é unha dimensión razoábel? Pois a que vén dada polas funcións que se lle asignan na constitución: o nomeamento, selección, ascenso, inspección e responsabilidades disciplinarias ao que se lle uniría o relativo ao fomento ou á promoción da calidade e a eficiencia da xustiza. Nada máis. Esas son as funcións que realmente lle corresponden ao consello, e aí se debía reducir a súa actuación.

En terceiro lugar, a necesidade de establecer estándares previos. É necesario definir os criterios con arranxo aos que, o que se vai esixir para que unha persoa sexa designada para desempeñar determinado cargo, e a continuación, unha vez nomeado, unha vez designado haberá que explicar por que nese caso concreto se cumpriron respecto dessa persoa os criterios que previamente e de forma pública foron aprobados.

Finalmente, para concluír xa este tratado e a intervención, habería que ter en conta primeiro a necesidade de organizar o consello cun arranxo ás normas mínimamente lóxicas de racionalización e orga-

nización do traballo, a necesidade de facer un uso máis racional do que é o amparo, praticamente non se utilizou a pesar de que en ocasións foi necesario, incluso houbo veces que aquí o poderán corroborar os vogais que están sentados na mesa, en que en determinadas ocasións desde o propio consello non só se privou do amparo senón que parece terse reprendido a algúñ xuíz por ter solicitado o amparo en determinadas circunstancias que en principio e a entender da carreira estaban sobradamente xustificadas. O mesmo ocorre con todo o concernente á inspección e á responsabilidade disciplinaria, a área de inspección e responsabilidade disciplinaria ten que rexerse por criterios racionais e que están previstos na lei e no regulamento, e non como parece en ocasións, pola pura presión política ou os medios de comunicación.

E para concluír, de nada serve actuar sobre os principios. De nada serve actuar sobre a estrutura se falta o factor humano, se se entende que o acceso ao consello é o primeiro paso no *cursus norum*, é dicir, é o caso para acceder a novos postos de responsabilidade, de relevancia, non temos absolutamente nada que fazer e eu creo que xa nos podíamos ir todos a casa, mais como creo que todos os que estamos aquí pensamos que non é así, e que o que hai que facer é traballar para que a Administración de Xustiza funcione mellor, pois do que se trata é e volvemos ao problema que se propuña con anterioridade de que na hora de seleccionar se busquen persoas que ofrezan un perfil adecuado e que sexan designadas dunha forma transparente motivada de maneira que poida a todos someterse ao que é o control, tanto do público como dos medios de comunicación como, en última instancia, do control xurisdiccional. Moitas grazas.

MESA REDONDA. A OFICINA XUDICIAL

Autor

Alberto Palomar Olmeda
Maxistrado do Contencioso-Administrativo

105

m

A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIUDADÁN

Ben, pois bos días. Moitas grazas por este convite, a estar unha semana máis, no meu caso, en Galicia, pois xa me considero case da praza, non? E, en todo caso, encantado de estar aquí. Moitas grazas polo convite. A min gustaríame dicir que vou centrar a miña intervención nunha última parte do meu *curriculum*, que non leu o moderador e que, polo tanto, lle podemos rifar por isto, e é que eu na realidade, creo que o único título que me lexitima para falar de todo isto é ser profesor de derecho administrativo e a dedicarme ao estudo da xestión pública, e nesa condición de estudoso da xestión pública, é desde a que me gustaría fazer esta intervención.

Eu teño que dicirlles que para quen temos dedicado algunha parte da nosa vida ao estudo destes termos, e dos esquemas da función pública, o modelo da oficina xudicial, o de 1993, o do 2003 ou calquera outro, é un tema absolutamente apaixonante. Mais dito iso, así con carácter xeral, teño que dicir que *a priori* moitos de nós sentimos que a posibilidade de que a oficina xudicial funcione, para os teóricos da xestión pública é praticamente imposible. Eu vou tentar desenvolver esta idea. Primeiro, eu creo que se somos sinceros poderíamos dicir que o modelo da transformación constitucional, da presentación do servizo público da xestión da xustiza, é un modelo que nos pillou a contra man. O esquema no que nos temos movido, basicamente, ou no que se move a Constitución, resultou nun esquema descentralizado e ningunha das normas que desenvolveu o modelo descentralizado adoptou esquemas de xestión pública que sexan capaces de superar as diferenzas do modelo, que eu creo que resultan e quedan aí digamos, bastante claras. Desde esa perspectiva, temos unha primeira dificultade para os teóricos que é quen é o responsable da formulación da política pública da xustiza. Eu iso insisto, ao meu xuízo está trastornado polo modelo, e se hoxe facemos unha referencia e dicimos quen é o responsable desta política pública, encontramos un auténtico baleiro e sobre todo, unha auténtica desorientación. Todo o mundo di é o Ministerio de Xustiza, ou o consello e cando lle imputan ao consello o que lle imputan, o consello non é e probabelmente desenfocamos, e o ministerio que tampouco é, ou éo, mais en todo caso, socialmente perdemos a referencia e nos movemos con convencionalismos que non responden estritamente a ese modelo, mais sobre todo, insisto, desde unha perspectiva absolutamente técnica, non obtemos un responsable da formación da política pública.

Iso que significa? Pois isto significa que cando despois só proxectamos sobre a xestión, encontrámonos con tres cousas que para os xestores son verdadeiramente complicadas. Esta é unha política pública, onde non hai técnicas de coordinación. É dicir, como estabamos pensando nun modelo centralizado, nun modelo único, nun modelo constitucional, nun modelo que procede de onde procede, pois a partir dese momento, ninguén pensou seriamente en dotarse de instrumentos de cooperación

e coordinación. Eu sei que ese é o gran reto do dereito público deste ano, deste século. Mais sendo o gran reto, é certo que noutros ámbitos sectoriais teñen traballado nel, eu creo que por exemplo, todo o funcionamento do consello territorial de saúde que é moi deficiente desde un punto de vista político, mais no entanto, ten claro cales son os instrumentos de coordinación, de como deben operar, e onde debe producirse a interacción entre uns e outros.

E iso ocorre igual, por exemplo, no servizo de emprego, ocorre igual noutros sectores, mais claro, se iso o intentamos proxectar sobre a xustiza, eu creo que sobre a xustiza non existen esos elementos e hai unha profunda descoordinación. Iso xera unha segunda responsabilidade, unha segunda idea. Esta é unha xestión pública na que é difícil identificar as responsabilidades. Por que? Pois porque como non se produciu unha atribución funcional clara, non se sabe quen é o responsábel na formulación cando chega a época da execución e as responsabilidades derivadas da execución, eu creo que nos situamos nun terreo de bastante baleiro. Se me permiten, en termos tamén de xestión pública, diríalles e simultaneamente estamos proxectando un esquema sen obxectivos. Cal é o obxectivo real deste funcionamento? É a calidade, é a cantidade? Quen controla a cantidade? Quen controla a calidade? Como se buscan? Quen vai pór a liña entre o puramente xudicial e o puramente administrativo, que son os servizos? Que son a actividade formalizada? Que non é formalizado? En que estamos falando de cultura de atención en que estamos falando de dereitos relacionais, impugnatorios, procesuais? É dicir, este terreo é un terreo que co contexto no que nos estamos movendo, pois ao meu xuízo resulta bastante cuestiónábel. E finalmente, eu cheguei moito nunha parte da miña vida a estudar un instrumento que é para os publicistas o celme, que é o orzamento. É dicir, o orzamento resulta condicionante da vida pública mais témolo apreciado sempre, o único que sabemos é se se pode gastar ou non gastar, mais as técnicas orzamentarias, a forma de imbuírse, a desconexión entre os obxectivos orzamentarios e os obxectivos..., o sinalamento de obxectivos xenéricos e a concreción dos xenéricos, o apaixonante mundo da lei orzamentaria e os escenarios orzamentarios proxectados pluriannualmente como condicionantes do orzamento. Señores, todo está aí. E aí eu non vexo unha política de Estado, que diga este é o conxunto dos escenarios dos dezasete más un no gasto. Por que? Pois porque as técnicas de descoordinación da xestión administrativa nos levaron a que na realidade só vemos un incremento do gasto que non sabemos onde vai. Sabemos que pagamos más aos funcionarios, mais non sabemos por que. E non digo que non haxa que pagarles, eu son funcionario e vivo encantado de que o estado lle suba os soldos sempre aos funcionários, e non me parecerá mal nunca, mais dito isto, teño que dicir, olle, e desde o punto de vista da pregunta chave, e que gañamos, que sacamos, que obtemos, que mellora do servizo público se produce con tal? E segundo, é necesario subirlle o soldo aos funcionários ou é necesario crear máis unidades xudiciais? Cales son as unidades xudiciais que hai que crear? Son de base ou son de elite? Son da resolución do funil de resolucións ou son de tramitación? Olle, todo iso esixe unha política pública, unha política pública que tal e como quedou o modelo constitucional esixe dezasete más un. Ben, pois dezasete más un é unha nova fórmula de ver a vida, e como é unha nova fórmula de ver a vida, á súa vez, cando despois a proxectamos sobre as decisións de gasto, teremos que saber canto gasta o estado en xustiza, mais claro, como nos facemos trampas en solitario, nestes momentos é absolutamente imposible saber canto gasta o estado en xustiza? Por que? Digo o estado no seu conxunto. Por que? Pois por unha sinxela razón. Pois porque como as partidas orzamentarias e a información orzamentaria non é simétrica, basta con que ti desvíes cousas do seis ao un e do un ao seis, para que ao final, dos capítulos que se establecen, para que ao final esteamos nun sarillo que non sexa nada sinxelo... Claro, neste terreo, cando despois chegamos e dicimos, ben, baixemos á realidade: que pasa coa oficina? Ben. Pois a oficina clara, hai que dicirles pois miren vostedes, a oficina do 2003, a que sexa, a reforma da oficina ten que ter ideas claras. Entón, primeira idea clara: estamos dispostos a romper a estrutura orgánica ou non? E a rompela incluso fisicamente, porque un dos grandes retos da transformación da oficina e a transformación xeográfica e a transformación física, é dicir, temos que pasar a outro

esquema. Segundo, estamos os xuíces en posición de admitir a desposesión e a despatrimonialización do órgano xudicial e traballar cun servizo común innominado, xenérico, estamos dispostos a iso e que te entren en vez de dous, douscentos ou vinte ou quince cada mañá, mellora o servizo ou non o mellora? Pois miren, eu teño que dicir simplemente unha idea. A mi paréceme que o dos servizos comúns, é verdade que non todos son iguais de doados ou difíciles, son para a xestión pública algo absolutamente indiscutíbel, e sobre todo, pójano no servizo común de notificacións. E vostedes din, olle, ou vostede ten un servizo común ou ten vostede toda a xente toda a mañá notificando, entón é case mellor que notifique un por todos que non todos por un, que é o que ao final ocorre. Polo tanto, desde o punto de vista da eficacia do sistema, eu creo que o tema é indiscutíbel. Agora, a pregunta é: somos capaces de entender esa transformación? Esa transformación debe mellorar? Entón eu dígoles, ollen, eu creo que en materias executorias, en materia de servizos comúns, de notificación ou de rexistros, ou de tal, eu creo que aí, xa non hai discusión. Eu creo que todos estamos de acordo. Se queren que lles diga a verdade, á súa vez tamén teño que dicir que o gran reto deses servizos, é ser comúns e eficaces, porque eu poño o exemplo da miña casa, e dicíalle onte a Ricardo, nós agora estamos repartindo a entrada de abril, e son dous pisos de arriba a abaxo, o que quere dicir que algo nos pasou, ou non temos moita xente no servizo ou os expedientes son moi grandes e non se llos poden ler, mais algo nos pasa. Mais en todo caso, eu creo que é absolutamente indiscutíbel, é de verdade, é verdade que aí a apostar, polo servizo de tramitacións é sen lugar a dúbidas, unha aposta ambiciosa e a más dificultosa, mais, digamos, serán dificultosas, mais eu creo que son desde ese punto indiscutíbeis. Mais claro, a gran pregunta aí é: con iso que conseguimos? Home, pois conseguimos transformar unha realidade para facela más operativa. Se ademais conseguimos mellorar os tipos de resposta, mellorar a calidade, enfrentar a cada un coas súas responsabilidades, saber finalmente quen é o responsable de substituír a un que se casou e que ten dous días de vacacións e quere facer os seus números, e quen lle encarga a un que faga os números do outro, esas cousas que son tan difíciles na vida organizativa, non? É dicir, se somos capaces de encontrar elementos de responsabilidade coa xestión, desde logo teremos ganado moito sobre a situación actual, que funciona ben ou mal en función dos propios, da propia responsabilidade dos funcionarios, da propia responsabilidade dos secretarios ou dos xuíces que se involucren ou non no gran tema. Mais é certo que, eu creo que nestes momentos podemos dicir que o gran problema da oficina vén ao meu xuízo, e supono que Ricardo incidirá moito más nisto, de que ese modelo de oficina propón grandes incógnitas, mais incógnitas provocadoras. Por exemplo, nese modelo de oficina ten que caber a figura do secretario tradicional non? É dicir, necesitamos, agora falo en termos de xestión pública, por iso me quería escudar antes na condición de docente ou na condición de tal, en termos de xestión pública, é razoábel que en termos de xestión pública teñamos un grupo A ao fronte dunha oficina? Non hai ningún precedente. Eu dicíache onte [diríxese ao moderador], o maior nivel de responsabilidade por exemplo, é a dirección de enfermería dun hospital, que ao mellor ten 20, 200 ou 300 señores colgados, grupo B. E nós pomos un grupo A a tirar dunha oficiniña, en termos de xestión non digo en termos de volume. Claro, vostedes din, isto é unha revolución. Claro, mais eu non digo que non é unha revolución. Eu o único que digo é nese órgano, agora, é bastante difícil darlle encaixe a que a dirección do sistema sexa unha dirección do grupo. Iso significa afectar aos secretarios? Non, non, non sería capaz de dicir unha cousa desas, o que digo é que probablemente o deseño que fai a lei, unha vez vicexuíces e outra vez vicetramitadores, probablemente vaise quedar en máis vicexuíces que en vicetramitadores, pola propia formación, polo propio sistema, por moitas outras cousas, e probablemente iso é o razoábel e eu creo que ao final a aparición de complementos específicos nas unidades de xestión vai facer que as unidades de xestión teñan líderes naturais que non pertenzan á élite nese esquema. Mais simultaneamente lles diría, olle, mais vostedes cren que está ben trabada a diferenza entre unidades xudiciais e unidades administrativas? Vostedes cren que a diferenza ten que ser corpos nacionais ou corpos autonómicos como único elemento de diferenza cando despois ao final non

sabes para que serve unha oficina administrativa que informa mais que non forma mais que explica, mais que non explicar, pódese acceder, pódese non acceder. Pois non o sei. Eu creo que ese é un modelo “trabado con dificultades”, mais é un modelo que quero remitirme ao que dicía ao principio. Señores, é que isto nos pillou cun modelo constitucionalmente cambiado. Entón, se o modelo cambiou constitucionalmente, e hoxe todos asistimos sen discutir ao fenómeno de que as Comunidades Autónomas van nuclear o servizo de xustiza, haberá que permitir que as Comunidades Autónomas o xestionen. En que nivel? Home, pois se chegamos á convicción de que os xuíces non, pois os xuíces non. Mais eu diríalles que con esa salvidade doso o demais, en termos de xestión pública, non en termos de política, eu nese sentido son un xubilado prematura e polo tanto non vou dicir ningunha referencia en termos políticos, mais en termos de xestións pública diríalles: non hai ningunha discusión en que se un quere tirar deste modelo, este modelo ten que ter unha compoñente autonómica moito máis forte que o que ten nestes momentos, e que probabelmente hai que facelo con más cabeza que como se está facendo noutras cousas, por exemplo, eu non estou convencido de como se resolveu, por pór un exemplo moi simultáneo, de como se resolveu o tema dos funcionarios locais no ámbito do EB. Por que? Porque volvemos xogar ao complexo, mais ao final dicimos, olle, mire vostede, isto ten que ser autonómico. Moi ben, e? Non, mais dáme medo e entón manteño o concurso estatal. Ben mais se vostede mantén o concurso estatal, para que? Non, para nada, porque lle deixo que os perfís dos postos sexan para os autonómicos. Entón, ao final, créaste unha gran dificultade do sistema.

Eu simplemente quixera dicir, que estamos falando polo tanto, sen elementos comúns, estamos falando dunha transformación que hai que pensala, que é moi difícil, eu tiña algunha intervención con Carlos o outro día e eu dicía mais é que a veces isto do derecho transitorio e da situación existente nos impide ver o mundo. É dicir, se ao final resulta que non vas poder facer nada, porque hai funcionarios ou porque hai non sei que, eu creo que as grandes características desta reforma é: ben, proxectemos este modelo e despois pactaremos a disposición transitoria. Mais se xa comezamos dicindo a disposiciones transitoria me condiciona o modelo, pois entón resulta que non vas poder nunca transformar nada, porque sempre hai disposición transitoria. Polo tanto, temos modelo ou non temos modelo? Este modelo pode seguir sendo un modelo fortemente estatalizado na xestión ou é un elemento fortemente estatalizado no deseño cooperativo das políticas públicas. Esta é a gran discusión. Entón, ou evolucionamos a iso, ou lle damos marcha atrás á historia e dicimos que aquilo das cláusulas subrogatorias do Tribunal Constitucional pois era un invento e que nos prexudica moito. Mais situémonos nesta posición. Por que? Porque a partir de aí as técnicas de xestión son diferentes. É dicir, ollen vostedes, eu creo que por exemplo, un dos grandes retos, e vou ser puntual, un dos grandes retos da formación da política pública son os pactos sobre a xestión. Por exemplo: nós en xustiza, como no resto da administración, temos abandonada a información. É dicir, temos abandonada a información. É dicir, teorizamos moi pouco sobre a información. Temos moi pouca...e porén, non podemos facer unha política pública de información, cantes asuntos entran, cantes asuntos se resolven, quen llos leva, quen llos gaña, quen llos perde, cantes veñen con avogado, cantes non teñen avogado. Todo isto non é intranscendente para a xestión pública. Porén, esa información está dispoñible para o conxunto dos actores, que formulan políticas públicas. É dicir, traballamos pouco os elementos comúns. Por que? Porque non nos importou o modelo cooperativo. Nos importou o modelo de xestión de ideas, e non traballamos o modelo cooperativo. Claro, iso que significa? Pois iso significa que nalgún momento ten que haber un plan director aprobado pola conferencia sectorial, que dea as grandes pinzas ou pinceladas do sistema. Que despois as executarán quen as teñan que executar, mais hai que formular un reto sobre este modelo. Eu quixera dicir a partir de aí, que a min me parece que estamos fundamentalmente, ante unha transformación do modelo, que non é só a transformación da oficina. A consecuencia da transformación do modelo é ou debe ser a oficina, que é unha concepción diferente do servizo público da xustiza, entón claro, esa transformación é unha transformación que está moi lonxe

de ser pacífica. Non hai ningunha transformación en xestión pública que sexa pacífica. Non hai ningunha empresa, ningunha organización que acepte os cambios encantada porque sempre hai prexudicados no sistema. Sempre. Entón claro, en que ou cal é a chave? Pois olle vostede, a chave é dimensionar a resistencia e vencela, ou proxectala no tempo ou nos tempos que... claro, iso está estudiado en xestión. En xestión pública, en xestión tal. Como o resolven as empresas? Pois facendo erres cada vez más temperáns, e vencendo a resistencia por idade, mais aquí non temos eses instrumentos, mais a lei, é certo, que permite nestes momentos, en termos de xestión pública, un ou outros cambios. Eu creo que a transformación da oficina é unha realidade, porase en marcha hoxe, non se porá en marcha hoxe, mañá irá acompañada cun verdadeiro programa informático, que lle dea efectividade ao cambio, ou non, porque pensen e isto coincidimos todos, sería un absurdo notábel que se a informática e a tecnoloxía non se pon ao servizo do modelo cooperativo da xustiza, se iso non ocorre, a transformación física e meter todos os expedientes nunha mesma sala, probabelmente é a maior loucura que se nos vai ocorrer. É dicir, que se imos transformar o sistema de xestión, é porque o imos transformar de verdade, e que polo tanto, todo isto que acaba de poñernos en marcha a lei de acceso aos servizo públicos, o expediente electrónico, todas estas cousas que están na lei do 2007, e que son absolutamente apaixonantes, por exemplo, a de non entregar os expedientes nos órganos xudiciais, poñélos á súa disposición, permitirilles que os consulten, é dicir, toda esa transformación, explicaría unha nova oficina, de outro século, probabelmente.

Creo que cumpro co horario. Grazas.

MESA REDONDA. A OFICINA XUDICIAL

Autor

Ricardo Bodas Martín
Maxistrado do Social

113



Bos días. En primeiro lugar, agradecer á Escola Galega de Administración Pública que me convidara a estas xornadas, tamén, particularmente a Carlos Suárez Mira, e como non, ao meu amigo Ángel Judel. Da súa presentación, hai algo que é irrebatíbel e é a miña idade, que efectivamente é impre- sentábel; outra, eu si creo que é rebatíbel porque si hai un modelo de oficina xudicial. Eu creo que ese modelo, presencialmente se fixo na primeira fase da lexislatura como vostedes saben, onte o ministro de xustiza, ou antonte, para ser más exactos, fixo a presentación do seu programa e todos os desenvolvimentos, de iniciativas que se puxeron sobre a mesa, estaban construídos na primeira parte da lexislatura. Neste período, sacou adiante a orde de estrutura básica das unidades procesuais de funcionarios, as reformas procesuais, que aceptaron nada menos que a vinte e nove normas pro- cesuais, e que están exclusivamente pendentes da súa aprobación polas cortes, teñen que pasar novamente polo consello de ministros, mais non se tocou unha coma, polo que eu sei. Púxose en marcha un plan director que afectaba en territorio ministerio a once grandes cidades, e nada menos que a 2.500 funcionarios que comportou a posta en funcionamento de reformas importantes das ofi- cinas xudiciais, e quero asegurarllles que isto é caza maior, introducíronse reformas importantes en materia informática, xa saben que está en vigor LESNET, que é unha ferramenta que vai permitir a transmisión telemática de documentación e tamén vai garantir notificacións fiábeis pos este sistema, o MIG, que era un módulo de intercambio xenérico entre as diferentes unidades: unidades procesuais e unidades de apoio directo e os servizos comúns, e polo tanto, eu creo que si pode afirmarse que había un modelo que ademais tivo un feche ao meu xuízo, importante, e é que o Consello Xeral do Poder Xudicial o aprobou antes de que nós saíramos do ministerio. Non puido despregarse porque non houbo posibilidade de conseguir consensos nas reformas procesuais. E tamén quero asegurarllles que había un acordo do 95% co grupo parlamentario popular, non? Non había acordo na parte importante das reformas procesuais, que por iso se separaron, non o había en materia dos consellos autonómicos, nin tampouco en xustiza de proximidade, mais si o había en materia dos consellos autonómicos, nin tampouco en xustiza de proximidade, mais si nas reformas procesuais que afectaban á dobre instancia penal, ao recurso de casación e a materia de oficio. Parece que agora se van poñer novamente en marcha, e todo apunta, creo eu, a que sexa posíbel alcanzar acordos básicos nesta materia, en onde eu creo que non hai razóns para que os grandes partidos non teñan puntos comúns esenciais, entre outras razóns porque ambos participaron neste proceso, eu creo que cun nivel protagonista moi parelo, moi similar, polo tanto hai espazos importantes para que a esquerda e a dereita debatan en materia de xustiza, mais eu creo que moi poucas para que o fagan no servi- zo público. Sinceramente, creo que deberían pórse de acordo neste debate. Ben, pois eu creo que non descubro o Mediterráneo se digo que a oficina xudicial actual, a que leva funcionando moitís-

mos anos é incualificábel, é un disparate. Está absolutamente desordenada. Nestes momentos, temos unha dispersión tremenda de oficinas, tantas como órganos xudiciais, á marxe de cal sexa a carga de traballo, pois encontrarre, por exemplo, a oficina do TSJ da Rioxia, onde todos os anos fechan co recorde guines de non ter posto unha soa resolución e no entanto, teñen unha oficina completa, mentres hai órganos xudiciais absolutamente sobrecargados e incapacitados de atender á demanda social de xustiza, que teñen que resolver diariamente. Polo tanto, dispersión, desorde, en relación á dirección. Antes o dícia con moita claridade Alberto. Evidentemente, non se sabe quen manda na oficina, moi pouca capacidade de aproveitamento de todos os corpos, particularmente do corpo de secretarios, que estamos falando dun corpo extremadamente cualificado, ao que non se lle dá rendibilidade, mais non só aos secretarios, estamos falando dos xestores, que son titulados universitarios intermedios, que nestes momentos, calquera que coñeza a oficina xudicial, sabe que se reparten o traballo a partes iguais cos tramitadores, e en ocasións, cos auxiliares, e non é estranho que haxa tramitadores más competentes e más eficaces que xestores. Non hai protocolos organizados de traballo, dispersión de inmobles que todo o mundo coñece. Explosión de tecnoloxías informáticas. Cada administración autonómica, menos Galicia, que asumió a competencia inmediatamente, puxo en pé a súa propia aplicación informática, enriquecendo ás empresas do sector, mais nestes momentos, xerando unha dispersión tremenda que en moitas ocasións non é compatíbel. Mais o elemento central que ao meu xuízo xustifica a reforma da oficina xudicial, é que nestes momentos, o índice da eficacia e da eficiencia da oficina xudicial é a capacidade resolutiva dos xuíces. Nestes momentos hai 55.000 funcionarios, más ou menos, en todas as administracións de xustiza, 4.000 secretarios e 4.400 xuíces dos que, e isto me parece que é importante destacalo, 675 son substitutos, e entran diariamente todos os días do ano, pois a oficina axusta a súa capacidade produtiva á capacidade resolutiva dos xuíces, por desordenada que poida imaxinarse a organización de 55.000 funcionarios, más 4.000 secretarios, a súa capacidade produtiva a súa potencialidade produtiva é infinitamente maior que a capacidade resolutiva que teñamos os xuíces. Hai unha proba de nove nesta materia, que eu creo que coincidirán comigo, non se cumple o horario, praticamente, ningunha das administracións, estamos falando de xornadas de presenza de 25 horas semanais, e ninguén protesta. Por que non se protesta? Por razóns obvias, porque a capacidade resolutiva se axusta a unha xornada destas características. Se os xuíces estivéramos en capacidade e disposición, mais iso xa é outro problema, de sacar máis traballo do que sacamos, con toda seguridade esa oficina tería que traballar de maneira diferente. O Consello Xeral do Poder Xudicial, no ano 1999, fixo un estudo con respecto ao que suparía o cumprimento da xornada na oficina xudicial, e o eu equivalente era nada menos, entón, que 350 novos órganos xudiciais, con isto creo que está practicamente feito.

Ben, cal é o modelo que propón a Lei Orgánica, a lei 19, a lei do 2003? Pois eu creo que identifica de maneira precisa o problema, imos racionalizar medios materiais e persoais, imos facer que os xuíces fagan o que teñen que fazer, que é xulgar e facer executar o xulgado, e racionalicemos todo o demais. Para iso se definen dúas grandes unidades, que son as que conforman a oficina xudicial. Primeiro, unidades procesuais de apoio directo, que son uns órganos cuxa finalidade, é apoiar todas as resolucións que sexan competencia do xuíz. E polo tanto, esa vai ser a oficina más próxima, más relacionada inmediata co xuíz. E servizos comúns procesuais que son órganos de xestión e apoio que desenvolven normas procesuais, e vou sublinhar algo aquí que me parece importante: as mesmas normas procesuais en todo o estado, as mesmas. Non hai diferenzas entre uns sitios e outros. Polo tanto, sobre eses dous eixes, a idea sería reducir ao máximo as unidades procesuais de apoio directo, de maneira que aproveitemos esa capacidade produtiva non utilizada ou infrautilizada do conxunto de funcionarios e do conxunto de secretarios, para que os crecementos futuros da planta, xa non sexan órganos xudiciais enteros, senón que sexan unidades procesuais de apoio directo, co cal nos pegaríamos moito máis ao terreo, teríamos moita más capacidade de acerta en relación á definición da planta. Con moitos problemas. Problemas que non se lle escapan a ninguén, e onte ou antonte pro-

puxo o ministro, non? Un sistema de acceso, volvo repetir, 675 xuíces interinos entran todos os días do ano. A escola xudicial está en condicións de sacar un máximo de 150 novos xuíces cada dous anos, que á súa vez, se tiveron que tirar unha media de cinco ou seis anos para formarse. Polo tanto, non só é a cuestión de ordenar as unidades procesuais de apoio directo, senón de ter servidores capaces de poder atender á demanda de xustiza que teña que tramitarse a través das mesmas. E en terceiro nivel, as unidades administrativas que xa non forman parte da oficina xudicial, mais que van facer funcións de dirección, de xestión e posibilitan tamén a posta en funcionamento de oficinas comúns que non poidan ser atendidas polos funcionarios que competen organicamente á administración, á Administración de Xustiza.

Onte, por exemplo, entre outras cousas curiosas, tiven un preito nesa materia, non? Relacionado con Madrid e co que eles chaman oficinas xudiciais en onde, digamos, un equipo que eles chaman psicotécnico, que é avogado é psicólogo e é un traballador social, pois resulta que o que fixeron é contratar convenios, cos colexios profesionais, e están ocupando prazas en unidades administrativas cando a Lei Orgánica de maneira rotunda di que están reservadas exclusivamente para persoas da administración en xeral ou para persoal das administracións autonómicas. Mais ben, para que todos vexamos cales son as complexidades desta cuestión.

Seguinte punto que quero pór sobre a mesa: a Lei Orgánica propón un ou varios modelos? Eu entendo que un nada máis. Se realmente queremos cumplir os obxectivos aos que me referín con anterioridade. A lei nesta materia o que vén dicir é que as unidades procesuais de apoio directo teñen que ter unha estrutura básica común, de aí a orde á que me refería anteriormente, que se consensou na conferencia sectorial con todas as Comunidades Autónomas, con competencias na materia, e despois establece de maneira significativa a obligación de todas as administracións, de poñer en pé servizos comúns que todos eles nos soan entre outras razóns, porque a maioria deles rodaron xa, rexistros reparto, notificacións, auxiliamento xudicial, xurisdicción voluntaria e execución de resolucións xudiciais. Salvo xurisdicción voluntaria e execucións como servizo común propriamente, aínda que se os coñecemos como xulgados de execucións, mais é outro esquema de funcionamento, pois xa eran coñecidas e todas estas teñen que facerse obligatoriamente por todas as administracións. Tamén cabe a posibilidade que as xuntas de xuíces, ou o propio consello propoñan servizos comúns, mais onde está o quid da cuestión aquí e onde nos temos enredade e nos temos complicado extremadamente a vida, foi no servizo común de ordenación do procedemento, porque este é potestativo, mais non só é potestativo, senón que a lei resérvalle ao Consello Xeral do Poder Xudicial, a facultade para autorizar que haxa un servizo común de ordenación do procedemento. Xa lles dicía eu anteriormente, que antes di irnos nós, pasáramos a nosa proposta de organización xunto coas relacións de postos de traballo desas once ciudades, desas once experiencias piloto, que afectaban a 2.500 funcionarios dos 10.000 que ten o Ministerio, e isto non era realmente experiencias piloto, era case pois o antícpio da organización de todo o procedemento, tíñao que aprobar o consello. Ao mesmo tempo, a lei di pois isto se vai aplicar de forma sensíbel, cada administración vaino poder facer como queira, mais temos que asegurar que o proceso final é homoxéneo, e a quen damos a responsabilidade da homoxeneidade, dunha parte ao Ministerio de Xustiza, que é quen vai validar as relacións de posto de traballo, ou que faga cada administración pública, se ben e de maneira expresa a propia lei o que vén dicir é que só poderán denegarse as RPTS que propoñan as administracións autonómicas cando vulneren a legalidade. Polo tanto, iniciativas ou alternativas de carácter organizativo que poidan ser diferentes. E finalmente, o propio Consello Xeral do Poder Xudicial. Hai que homoxeneizar todos os servizos comúns, con dous límites, non se pode entrar en materia de xurisdicción que podería ser de outra maneira, nin tampouco se pode entrar nas competencias das administracións, e isto se reflexionamos un pouco, é un círculo vicioso. Olle, vostede pódese facer como lle pareza, eu homoxeneizo mais non me podo meter nas súas competencias que tampouco me podo meter en materia de

resolución ou xurisdición. Mais o que realmente me pareceu más nefasto, e que complicou enormemente a vida, eran os prazos que estableceu a propia Lei Orgánica na súa disposición adicional décimo quinta, que dicía que o día 15 de abril do ano 2005, se acordan... eu era más novo entón, xa tiña que estar a oficina. Isto sobre o papel era materialmente imposible. Pónolle simplemente a título de exemplo a realización das obras, é que iso é..., desde o ano 2003, cando se aproba a finais do ano até o mes de abril de 2005, era materialmente imposible iso, era materialmente imposible o deseño da oficinal, as relacións do posto de traballo que non só é negociais, que vive deus que é extremadamente complicado. O problema é despois desenvovelas, ordenas a todo o persoal, recalcificar postos, o proceso é extremadamente complexo. Claro, na medida en que se estableceron uns prazos irrealizábeis, isto xerou expectativas que se foron frustrando, xerou como vostedes saben, pois unha conflitividade brutal e evidentemente acabamos de vivir unha folga no chamado territorio ministerio de corenta e sete días, un fiscal amigo meu dicíame unha folga de corenta e sete días faise contra un golpe de estado, non? Non por dez euro ao mes, non? Mais sucedeu, non? Sucedeu. E por que sucedeu? Pois porque o sistema retributivo, áinda que hai moita xente que considera que non, é a ferramenta organizativa principal, para pór en pé, para pór en funcionamento, calquera organización, calquera institución. Ben, pois as Comunidades Autónomas só teñen dous conceptos retributivos, libres ou propios. O complemento específico, que como o seu nome indica, retribúe ás características concretas, propias, de cada posto de traballo, complexidade técnica, responsabilidade, perigosidade, que están contempladas expresamente na lei e retribucións variábeis. E vostedes saben que todos os conflictos que se veñen producindo tiveron que ver, hai un momento dicíao Palomar, con, ben, equiparacións, temos até corpos nacionais que non entender e é razoábel, cárganse de razón, é lóxico, que diga, por que eu vou gañar trescentos euros menos ao mes que o xestor do País Vasco que fai exactamente o mesmo ca min? Pois evidentemente se xerou unha situación de conflitividade grande que encareceu extremadamente este proceso, sen contrapartida algúns. E agora cando se poña en marcha todo este despregamento pois nos volveremos a encontrar con toda probabilidade situacións de conflitividade que teremos que lidar dunha maneira ou outra.

Dicalles que o servizo común de ordenación do procedemento, converteuse sen dúvida, na pedra de todo, non? Que cando... eu lembro que cando cheguei ao ministerio a información que a mi me deron é que creo que era pública, a Lei Orgánica do Poder Xudicial, non se consensuara globalmente, salvo a oficina. En fin, estábamos todos de acordo, todo o mundo, desde as diferentes administracións, todos os partidos políticos, os sindicatos, as asociacións profesionais... claro, cando se asume a responsabilidade se comproba que iso non é certo. Que hai modelos diferentes, que hai expectativas profesionais distintas e difícilmente constábeis co obxectivo global, ben, realmente o proceso foi complexo, viñeron administracións autonómicas, é certo que minoritarias, que non apostaban polo despregue do servizo común de ordenación do procedemento, desde o inicio. Eu sempre recusei este tipo de propostas porque me parece que é como aquilo que dicía o conde da Lampedusa, non? Que todo cambia para que non cambie nada, non? En definitiva, se nós a nova oficina ao que imos facer é despregar os chamados servizos comúns procesuais coñecidos, coa única variante das execucións e a xurisdición voluntaria no futuro, pois o que imos facer é reproducir exactamente o que temos agora mais con crecementos xeométricos de todos os corpos. Se a ordenación do procedemento non sexa residencia, non sexa do xuízo común do ordenamento do procedemento hai que residenciala na unidade directa de apoio directo, e se iso é así en cada unidade de apoio directo ten que haber un secretario, e pensen que ao igual que lles dicía antes que hai seiscientos cincuenta e cinco xuízes que entran en calidade de substitutos todos os días, pois hai catrocentas cincuenta prazas de secretarios ocupadas tamén por secretarios substitutos, co cal, a posto en pé de todo ese proceso pois escuso dicirlles que é extremadamente complexa. Mais non só iso, cos funcionarios pasaría exactamente igual, e ademais se lles privaría a ambos corpos en materia de xestión de oportunidades, de competencias de responsabilidades importantes que poden xerar apoios e consensos importantes para

poder sacar o proceso adiante. Que dicir dos edificios xudiciais? Se nós agora estamos falando de unidades procesuais de apoio directo bastante similares ás actuais oficinas xudiciais, porque só imos sacar o persoal de execucións, teríamos que facer edificios que se axustasen a esa estrutura, e cando no seu momento chegue o servizo común, cando se produza o salto de advento do mesmo, nese momento haberá que volver reordenar organizativamente esas estruturas edilicias, exactamente o mesmo coas aplicacións procesuais, e son extremadamente complicadas de desenvolver. Non pode ser que fagamos aplicacións informáticas para que se residencia o impulso do procedemento na unidades procesual de apoio directo se pasado mañá teremos que dar o salto ao servizo común de ordeñación do procedemento.

Polo tanto, ideas forza que ao meu xuízo hai que manexar para pór isto en marcha, porque para min, sinceramente, o modelo paréceme que é bo, vou deixar para o final o que eu opino dos secretarios e do papel que lles corresponde. A min paréceme que o modelo pode funcionar, vai ser complicado, vai haber resistencias, son resistencias que se poden vencer, e ademais pódense vencer desde o consenso, creo que todos os operadores debemos de convencernos que vivimos nun campo de minas, a Administración de Xustiza está nestes momentos nunha situación complicada, ou somos capaces entre todos de buscar solucións, de facer que este sexa un poder gobernado e no que todos participemos de maneira operativa para contribuir a resolver os problemas dos cidadáns e non a ser o problema, como nestes momentos se visualiza por moiísima xente, o realmente eu creo que podemos encontrarnos con situacións moi complexas no fondo. Como xa dixen anteriormente que as leis procesuais están en marcha, parece que hai un consenso básico, xa o había anteriormente, por, en fin, razóns que non veñen agora a conto, todos sabemos que a lexislatura anterior nesta materia foi complexa, parece que agora se abre unha posibilidade seria, de que haxa consenso nesta cuestión. Eu creo que hai que pór en pé unha conferencia sectorial moiísimo máis sólida moiísimo máis firme na que realmente se fagan valer os acordos. Eu podo asegurarles que na conferencia sectorial, se tomaron acordos nos aspectos esenciais. O que pasa é que á hora da súa execución, á hora do seu desenvolvemento, pois cada un fai do seu un pandeiro e cada un fai o que lle pareza.

É absolutamente fundamental que todos traballemos xuntos, está claro, anteriormente o dicía Alberto e eu coincido con el. Eu creo que estamos nun estado das autonomías, sen dúbida algunha a administración das administracións de xustiza, pois o trazo autonómico ten que ter un peso decisivo, mais eu neste sentido, apostaría por desenvolver todo o que nos une más que o que nos separa, porque dá a impresión que en moitas ocasións isto se ve como unha especia de competencia: a ver quen é primeiro, a ver quen é máis listo de todos os demás. Non se trata diso, se é que temos que desenvolver as mesmas normas procesuais. Se organizamos os servizos comúns dunha ou outra maneira o que acerte como é natural, vai ser copiado polos demás e o que se equivoca corrixirá. Se isto é así de sinxelo, de maneira que teremos que intentar facer un esforzo entre todos para garantir que isto funcione. Creo que hai que pór e dar moiísimo máis peso, na miña época, que foron tres anos tivemos só unha reunión da comisión 'trista', chamábase así, a que estaba o Consello Xeral do Poder Xudicial, Ministerio de Xustiza e Comunidades Autónomas. Eu creo que isto hai que revalorizalo enormemente porque claro, non se trata só de acertar en relación á ferramenta instrumental ou auxiliar que é a oficina xudicial, senón asegurar que os que temos que resolver, o facemos de maneira axustada a esa nova organización na medida en que os xuíces imos ser liberados de maneira radical, de calquera competencia que non teña que ver con xulgar e facer executar os xulgados, de maneira que isto ten que notarse e temos que chegar a consensos básicos entre todas as administracións responsábeis cunha idea común, que é probablemente o que brillou pola súa ausencia neste período e é potenciar un servizo público e de calidade que repito todos estamos interesados.

E remato, creo que axustándose tamén ao tempo co papel dos secretarios. Sobre este tema, vostedes saben que houbo un debate importante houbo cuestiós de todo tipo, houbo moitas caricias na chepa do corpo de secretarios, para despois, na práctica baleiralos de contido. Eu creo que o corpo de secretarios merece e os cidadáns deste país merecen tamén o darles unha oportunidade para xogar un papel que se acomode á súa condición dun corpo superior xurídico, como realmente é, para que a formación importantísima que teñen os secretarios xudiciais en materia procesual, pois realmente se despregue na súa calidade de técnicos procesuais. Anteriormente, Alberto, puña en cuestiós e cando Alberto o fai non é fútil, porque probablemente sexa un dos máximos expertos en materia de organización da función pública. Puña en cuestión que servizos comúns se dirixan por secretarios. Eu aí matizaríalle, creo que o elemento novedoso ou que cualifica a estes servizos comúns é que desenvolvemos normas procesuais, e como desenvolvemos normas procesuais eu creo que é importante que ao fronte deses servizos comúns haxa técnicos procesuais. Outra cuestión é que ade más desa condición de técnicos procesuais sexamos capaces de formarlos como xestores, porque non só teñen que saberse que normas procesuais teñen que desenvolver, senón que tamén teñen que xestionar oficinas complexas de cuxo acerto ou desacerto vai depender o funcionamento da Administración de Xustiza.

Hai outro aspecto que a Lei Orgánica do Poder Xudicial introduce nesta materia, no artigo 453 e se desenvolveu en todas as reformas procesuais ás que me referín con anterioridade, é dar un novo papel, como persoas que van formar parte da área de resolución, cousa que até agora non viñan facendo. De maneira, que van impulsar o procedemento, van ser os responsábeis da execución, sen outra limitación, ao igual que no impulso do procedemento, que os eventuais recursos que poidan proporsi ante os xuíces con respecto a aquelas resolucións que sexan recorribéis porque non todas as partes van ter responsabilidade en materia de mediación e de conciliación, van ter responsabilidade en materia de xurisdicción voluntaria, co que fecharíamos o círculo. Xa vimos anteriormente que nos encontramos un corpo xigantesco, elefantiásico e unha cabeza resolutiva moi pequena. Ben, pois imos reordenar todo iso para que a cabeza vaia crecendo a través de unidades procesuais de apoio directo e que os secretarios pasen a formar parte de quen resolven, e iso é unha inxección non fútil. Estamos falando de catro mil funcionarios que van entrar á fase de resolución, nos aspectos que loxicamente non competen aos xuíces, non? Isto nos corresponde facer executar mais non executar materialmente. Nesa fase de execución, os secretarios teñen que xogar un papel determinante. Eu creo que hai que romper unha lanza por ese corpo, hai que apostar por eles e apostar ademais sen reserva, eu creo que eles son moi conscientes, dígoos con coñecemento porque estiven moi preto deles, e creo que ese reto o van encarar con responsabilidade e con ilusión e con toda probabilidade eu creo que imos conseguir acerto. Moitas grazas.

CONFERENCIA DE CLAUSURA. PODER XUDICIAL E PRINCIPIOS CONSTITUCIONAIS

Autor

Tomás Salvador Vives Antón
Catedrático de Dereito Penal da Universidade de Valencia

121

m

A ADMINISTRAÇÃO DE XUSTIZA COMO SERVIZO AO CIUDADÁN

[...] intervencións cun agradecemento, vostedes verán que teño moiísimo que agradecer que teño moi bos amigos, e un dos mellores sétase agora ao meu lado, de modo que tomen as súas palabras, como as palabras dun amigo, e agradezo tamén aos organizadores, á fundación, á Xunta, e moi especialmente, á Escola Galega de Administración Pública, e ao seu directos este amábel convite. Eu non vou dar unha conferencia de clausura ortodoxa, senón que lles vou propor unha reflexión que vai quedar moi por debaixo do que o profesor Orts dixo de mí. Eu creo que a xustiza ten moitos problemas, e a maioría foron tratados, mais eu vou propor un que afecta ao modelo e que polo tanto, afecta a todos, e vouno subdividir en partes.

Para organizar o que chamamos unha Administración de Xustiza, necesitamos saber que é iso da xurisdición. A xurisdición, o poder de dicir o dereito era definido no libro clásico da división de poderes, como o poder nulo. E era definido como poder nulo porque debería estar atribuída, segundo a idea de Montesquieu, a xuíces ocasionais, xuíces que foran escollidos en función de casos, ou por períodos curtos. No máximo, por períodos curtos. Dese modo, ao entrar a desempeñar o poder xurisdiccional e diluirse despois no pobo, o poder xurisdiccional era un poder sen suxeito, e por iso, un poder en certo modo, nulo. Mais Montesquieu, engadía algunas outras ideas que acababan de perfilar esa idea do poder nulo, que viña perfilada porque os xuíces debían actuar aplicando normas moi precisas que determinaran praticamente de modo absoluto a súa conduta, e se prohibía especificamente, prohibíase Montesquieu, conceptualmente, o mesturar poderes, o que un poder calquera desempeñara funcións xurisdicionais, lexislativas e executivas.

Entón, esta idea de poder nulo, eu creo que é a idea da que hai que partir, para definir o modelo de xuíz que establece a constitución democrática. Poder nulo significa neutralidade. Porén, a constitución fai unha opción, unha opción, en parte, inevitábel, e en parte evitábel, por unha estrutura burocrática dos xuíces. Os xuíces estrutúranse burocraticamente. Hai unha carreira xudicial. De modo que fronte á idea de Montesquieu de xuíces, digamos momentáneos, de xuíces que se desvanecen no horizonte, aparece esa estrutura burocrática, que non se conforma por persoas extraídas do pobo, de modo que o poder xudicial, di el, tan terríbel entre os homes, ao non estar atribuído nin a un certo estado nin a unha certa profesión, deveña nulo, senón que se atribúe a unha profesión estruturada como unha carreira. Entón, claro, as burocracias, xeran unha serie de intereses propios que as apartan normalmente dos fins atribuídos ás propias burocracias. De modo que a burocracia ten un fin mais acaba sendo un fin en si mesmo, acaba actuando como un deses sistemas autopoieticos dos que fala Luhmann.

Entón, isto lle ocorre efectivamente ao poder xudicial. Eu lembro ademais que na época en que apareceu a Constitución, cambiando o modelo, etc, se felicitaban os xuíces e moita más xente, polo feito de que por fin se falara dun poder xudicial, de que por fin o poder xudicial aparecese equiparado ao legislativo e ao executivo na súa natureza de poder, mentres que o poder xudicial non tería por que conceptualmente estas equiparado. O que falar da potestade xurisdiccional é moito más xusto que falar de poder xudicial, porque o poder xudicial non é algo que sirva ou que debera servir, que sirva desde logo, que debera servir, nada más que para solucionar os conflitos por medio de normas, por medio da aplicación de normas. Eu creo que esa idea de sistema fechado en si mesmo, que asume o seu poder, como un poder que lle é propio, e que por dicilo dalgunha maneira, fai con el o que quer, dunha maneira un pouco brutal, por dicilo dunha maneira un pouco radical, produciu algunas malformacións na Administración de Xustiza, moitas malformacións tamén na idea que os xuíces teñen de si mesmos, e da súa propia función. Eu voume referir a unha patoloxía concreta, que é a patoloxía que se orixina na idea de que o Tribunal Constitucional invade as función do poder xudicial. E realmente, iso non parece posibel; como naquel chiste machista de que o que manda na casa son eu, nos asuntos importantes mando eu mais quen decide o que é importante é a miña muller, ben pois aquí, a xurisdicción fai o mesmo, fai o mesmo, di, non, nos asuntos importantes manda o Tribunal Constitucional, mais quen decide o que é importante son eu. E claro, iso non parece que sexa admisbel.

Para poñerles o caso máis, non direi dramático, porque eu creo que más ben que drama é comedia, referireime á sentenza do 23 de xaneiro de 2004, e vou contar con algunha extensión no caso porque paga a pena: un litigante diríxese ao Tribunal Constitucional mais como se sente..., diríxese en amparo, mais como sente que o Tribunal Constitucional vai ser parcial fronte a el porque impugna un acto gobernativo realizado polo tribunal, pois entón, diríxese ao Tribunal Constitucional, constituído na forma da sala do artigo 61 do Tribunal Supremo. Recíbese ese amparo no Tribunal Constitucional, e remítese á sala do artigo do Tribunal Supremo, que ben, se el fala do Tribunal Constitucional constituído así, pois parece que a sala do artigo 61 é a que debe resolver. En principio, a sala do artigo 61 resolve dicindo que ela non é competente en cuestiós constitucionais, devolve o tema e o amparo arquívase, arquívase porque non se pode constituir o tribunal na forma da sala, do artigo 61 senón tal e como está constituída. Mais entón volve á carga, o mesmo litigante; e propón a cuestión que entendo, que se dirixe ao Tribunal Constitucional mais que todos os seus maxistrados teñen que abssterse e o que ten que resolver o amparo, é un tribunal que propoña o presidente do goberno, constituído de forma que sexa absolutamente imparcial, e entón o tribunal, nunha providencia, dille, olle, ese tribunal ao que vostede se refire non somos nós e o que vostede pide non é un amparo senón unha xestión administrativa co presidente do goberno, fága a vostede mesmo. Mais ou menos, esa era a resposta. Entón, el recorre ante o pleno e o pleno do tribunal dálle unha fundamentación amplísima, porque para contestar a un disparate pois ás veces fan falla moitas páxinas, contestar punto por punto a cada razoamento dun disparate. Fan falla moitas páxinas dicíndolles que nin iso é un amparo nin o pleno o pode resolver.

E entón el vai á sala do civil, do Tribunal Supremo, exercitando unha acción de responsabilidade civil, individual contra cada un dos maxistrados do tribunal. De modo que hai aquí unha primeira causa que é un acto do pleno, é entendido como un acto particular de cada un dos maxistrados. E en segundo lugar, un acto do pleno do Tribunal Constitucional que acaba toda xurisdicción nacional se remite para o seu axuizamento á sala primeira do Tribunal Supremo do civil, que o axuiza. O axuiza saltándose a inviolabilidade dos maxistrados, saltándose a inviolabilidade do pleno, saltándose o feito de que o pleno é, digamos, o final de todas as instancias e que non pode haber outra despois, dividindo o acto do pleno en actos particulares dos maxistrados, e dicindo finalmente, que son responsables civilmente porque non fundamentaron a resposta, porque a resposta non ten fundamentación xurídica. E claro, que é unha fundamentación xurídica, que outra fundamentación cabía dar? Iso non

o di. E condenan a cada un dos maxistrados a unha multa. Ben a unha pequena indemnización. Ben, velaí aquí un exceso de poder manifesto porque sen ter ningunha das potestades necesarias para facelo resolven un asunto e ademais o resolven cun argumento absolutamente falaz.

Isto eu creo que foi dunha exasperación da burocracia que se contempla a si mesma, e que contempla as invasións externas ao que ela cre o seu poder, que non é senón o poder de aplicar o dereito mais a burocracia cre no seu poder e na que se demostra que quizais ao configurar a carreira xudicial como burocracia, e ao configurala como unha carreira que se nutre por coaptación; e ao configurala como unha carreira que ademais cuxa pirámide coincide coa pirámide xurisdiccional, etc, etc, non se tomaron as cautelas debidas. Non se puxeron medicinas fronte a eses vicios inherentes ou posíbeis dunha burocracia.

O segundo tema que hai que abordar desde a perspectiva de Montesquieu, é que se poder nulo, está limitado porque ten que seguir regras, porque ten que seguir regras precisas. De modo que non deben aplicar, di Montesquieu, sen un texto preciso da lei, do contrario, na potestade xurisdiccional, se acumularía a lexislativa, producíndose un sistema indesexábel. Ben, é moi difícil formar regras precisas, regras precisas para todos, mais na actualidade rexé a idea de que todo é interpretación e ademais que a interpretación é libre. Naturalmente, naturalmente a interpretación é libre para os profesores, os profesores poden dicir o que quieran, mais poden facer o mesmo os xuíces? E pode sostense a idea de que todo sexa unha interpretación? No número 201 das investigacións filosóficas, di Liechtenstein que se todo fora interpretación non habería regra porque todo podería facerse concordar coa regra ou discrepar da regra. De modo que o que desaparecería é a regra. Ten que haber unha aplicación da regra, que non requira interpretación. E iso sucede como boa parte das regras. Boa parte das aplicacións das regras non requiren interpretación, mais si a maioría deixan zonas dubidosas. Como proceder entón? Pois procédese intentando solventar as dúbidas mediante conceptos, as zonas escuras mediante conceptos claros, ou se pode proceder intentando diminuir as dúbidas cando prácticas claras. Eu creo que solventar as sombras dunha regra mediante conceptos claros, é un camiño que para mim se demostra inviábel, finalmente. Porque os conceptos dependen das nosas opinións, as nosas opinións difiren consideravelmente, e o panorama da dogmática pono de manifesto con toda claridade. É dicir, que a solución dos problemas mediante conceptos non se logra nin sequera no plano teórico, canto menos cando esa dogmática chega aos xuíces. Entón, eu creo que se melloraría o ordenamento cun sistema de [...], que melloraría o ordenamento fomentando a cultura da autorestrición, etc, etc, e non camiñando por onde camiña, que é cara a carencia de regras, porque eu non sei dun colega o suficientemente sabio como para poder predicir unha decisión xudicial nun caso concreto, no estado actual do noso país. Entón, non sei de que nos serve o noso saber, cando se di este sabe penal, non se sabe ben que é o que sabe.

Claro, o problema do poder nulo é o problema da imparcialidade, e a imparcialidade é unha esixencia paradoxal fronte ao xuíz, porque como poder alguén que está inmerso nunha sociedade ser imparcial nos conflitos que se propoñen nela? Evidentemente, se é un problema, e é un problema moi difícil de resolver. Recentemente, dedicou Joan Fix, nun libro dedicado ao poder xudicial unha serie de consideracións en relación das mil dificultades da imparcialidade, que eu non vou reproducir, mais eu creo que o noso ordenamento é que nin sequera abordou o problema da imparcialidade. Fíxense vostedes que na Constitución non aparece a palabra imparcialidade referida ao xuíz, senón referida á administración. É pintoresco cando as esixencias de imparcialidade do xuíz son moi superiores ás da administración. Eu creo que na época de redacción da constitución, se pensaba que había unha especie de panacea que era que o xuíz fora independente do executivo. Ben, pois unha vez o xuíz é independente do executivo non se solucionaron ningún dos problemas da xurisdicción. Os problemas entendo, comezan, non terminan aí. Dírla que, para poñerles dous exemplos, como está

regulada a recusación? Pois resulta que na Lei Orgánica do Poder Xudicial, as recusacións as resolve o xuíz do lado. É unha cousa absoluta, que se resolve e di que o outro ten que abstenerse, a causa vai para el. Ben, olle, é unha cousa absolutamente de tolos. E ao que propon unha recusación se lle sanciona, se a recusación non prospera. Ou sexa, que se desalentan as recusacións porque se pensa que a imparcialidade, digamos, vai incluída na condición de xuíz, ou que os xuíces poden ser imparciais e que toda sospeita de imparcialidade é indelébel. Eu creo que iso non se sostén coa doutrina do tribunal europeo nin coa do propio Tribunal Constitucional español. Mais incluso na doutrina do tribunal europeo e na do Tribunal Constitucional español, hai un mito en relación da imparcialidade, por exemplo, dise que o xuíz profesional e iso o repiten o tribunal europeo de dereitos humanos e o Tribunal Constitucional, é inmune á influencia da prensa. Ben, cando os estudos norteamericanos amosan exactamente o contrario. O que é bastante inmune é o xurado, non totalmente, mais bastante inmune, mentres que o xuíz profesional, en absoluto. E ben, é que conceptualmente non pode selo porque desde o momento que hai unha campaña de prensa nun determinado sentido, o xuíz xa non sabe que falla, se falla porque ese é o seu criterio ou falla porque é influído polo conflito no que está inmerso. De modo que eu creo que para reformar a Administración de Xustiza, e parece que tocan reformas, este tema, o tema da imparcialidade, é un tema central. É constitucionalmente central, e eu creo que tamén pragmaticamente central. Eu diría que como se opta pola solución conceptual das zonas escuras, entón se opta pola motivación. De modo que a motivación é hoxe un cabalo de batalla e digamos é o centro de moitos debates sobre a xustiza.

Xa vimos que naquela sentenza que eu non sei se atribuír á ignorancia, ou á mala fe, e non sei que é peor para os que a ditaron, se pensar que a ditaron por ignorancia ou que se ditou por mala fe, eu preferiría, sinceramente, que a ditei por mala fe, que non por ignorancia, era a motivación, eh? Entón a motivación é o centro da resolución, e ben, unha tendencia que se di importada de Alemaña, constitúese no cabalo de batalla, do modelo xudicial. Mais se esquece que non todo se pode motivar. Esquécese ademais que os procesos de motivación teñen un final, que chega un momento en que ben, isto fágoo así por isto e xa non hai ulterior, porque se non, a motivación deviría nun proceso inacabábel porque si se ten que motivar isto e o outro e o outro, e o de máis alá, e o que motiva ou o que non motiva, pois encontrámornos co paradoxo do principio da razón suficiente.

Entón, esquécese iso, esquécese que hai moitas cousas que non teñen motivacións, que teñen que darse por supostas, e que aí se acaba, que son os fundamentos de toda argumentación, e que os fundamentos non poden remitir á súa vez, a fundamentos porque senón, non acabamos nunca. Esquécese, por exemplo, que algúen nun tribunal crea unha testemuña e non a outra e pode dar razóns até certo punto, e non razóns incontestábeis, non, esas razóns non son incontestábeis. E cando se fala da motivación, claro os tribunais esgrímena contra todo aquilo que lles limita, a miúdo. Un exemplo característico é o caso do xurado. O xurado está sendo menoscabado polo incumprimento do deber de motivar a absolución, incumprimento que vai máis alá de que o xurado diga que todas esas probas que se practicaron lle deixan unha dúbida razoábel, incluso se expresa a dúbida razoábel. Ten que motivar máis. Esa motivación non é suficiente. E esquécese por exemplo a presunción de inocencia.

Outras veces, no axuizamento de actos discretionais, ben se esquece que hai cousas que son moi difíciles de motivar ou imposíbeis de motivar, cando o consello nomea a un presidente, un presidente de sala, pois haberá un control de arbitrariedade, mais hai tamén un control de máis alá do control, de arbitrariedade? Hai un deber de motivación de onde vaia máis alá de decir este nomeamento non é arbitrario? Pois resulta que si, segundo o Tribunal Supremo, resulta que si porque como os principios que rexen o acceso á función pública, son os de mérito e capacidade pois hai que motivar até o final o mérito e capacidade para ser presidente, é dicir, para ser non...presidentes non é, a presidencia non

é un cargo da carreira xudicial, a presidencia é un cargo gobernativo entón a mi me parece moi discutíbel, que non digo que sexa unha sentenza tan bárbara como a que comentei ao principio mais paréceme moi discutíbel a esixencia dese deber de motivar ao xurado. De modo que eu creo que hai que ser conscientes dos límites da motivación, e que esixir a motivación más alá dese límites, é unha perturbación da xustiza e do funcionamento da Administración de Xustiza. Produce sentenzas fargalleiras, que digamos consumen un tempo e un traballo absolutamente innecesario.

Dicía que estamos en tempo de reformas, e que nese tempo de reformas hai que saber a onde se vai. O primeiro que temos que facer é elixir o modelo de potestade xurisdiccional que queremos porque na época de creación da constitución, o modelo que rexía era o modelo do xuíz comprometido, querían un xuíz, eu non sei se incluirme ou non nese grupo dos que querían un xuíz comprometido cunha serie de valores, mentres eses valores sexan os valores do ordenamento, pois así debe de ser, mais eu creo que as pretensión ían más alá. Crían un xuíz comprometido coa xustiza, con maiúscula, e ese xuíz é moi perigoso, porque a xustiza é o que o dereito di, e o que o dereito non di non é xustiza, e que haberá que cambiar o dereito mais esa non é a función do xuíz.

De modo que o primeiro que haberá que facer será elixir o modelo de potestade xurisdiccional que queremos. En segundo lugar, creo que haberá que simplificar a burocracia xudicial. Tocárонse aspectos sobre a oficina xudicial, e non entro neles mais desde logo é un tema que necesita dunha simplificación, polas diversas e contrapostas potestades que tal e como está configurada inciden na oficina xudicial, e probabelmente tamén, polas súas disfuncionalidades que aquí se puxeron de manifesto.

Mais refírome a simplificar a burocracia xudicial, de maneira que ás veces a acumulación de garantías, por exemplo, a acumulación de instancias, produce unha falta de garantías. Porque ao final a seguridade xurídica se desvanece nun horizonte temporal onde xa non nos serve de nada.

Haberá que simplificar, tamén, creo o ordenamento, porque se un contempla os produtos lexislativos que chegan ao consumidor, son produtos inacabados, son..., é dicir, a norma non pretendeu mandar, senón pretendeu deixar ao xuíz espazos discretionais e cada vez más espazos discretionais, co que a práctica do ordenamento se fai más complexa. O ordenamento, por outra parte, oriéntase ás consecuencias, co que ao orientarse ás consecuencias con conceptos discretionais non manexábeis xuridicamente, dogmaticamente, se produce unha sorte de proceso de diferenciación do dereito. O dereito confúndese coa política e eu creo que ese espectáculo o estamos presenciando todos os días. O dereito fúndese coa política na mentalidade dos políticos e desgraciadamente tamén na mentalidade dalgúns xuíces. E ese proceso de diferenciación do dereito é un proceso que afecta ao fundamento mesmo dos nosos sistemas democráticos. Sen ese proceso de diferenciación, o dereito moderno non existe e todos os nosos principios constitucionais perden sentido.

Por último, eu diría que ao ver que facemos todo iso, temos que resignarnos a que as normas deixan espazos insatisfactorios, a que podemos ter a xustiza que temos, que non podemos ter toda a xustiza que queríamos porque, entre outras cousas, imperativos económicos pois o impiden, mais tamén imperativos da propia sociedade humana. Se tivéramos tanta xustiza como desexamos, ao final acabaríamos oprimidos por esa xustiza. Eu creo que, polo que á xustiza penal respecta, temos que conformarnos con que se cometan delitos e delitos moi graves, algúns ás veces, sen que iso desate as nosas iras contra o sistema, etc, porque como dicía moi ben Durkheim, a delincuencia é un fenómeno normal, e é anormal a súa falta. Cando o grao de axuste dunha sociedade é tal que desaparece a delincuencia, entón é que está pasando algo moi grave, ou unha guerra, ou unha ditadura totalitaria, etc., etc., está pasando algo más grave que a propia delincuencia.

De modo que, eu creo que temos que acostumarnos a convivir coa delincuencia sempre que se manteña dentro duns límites, claro, sempre que non todo sexa delincuencia, e despois temos que pensar, tamén, que a liberdade que todos queremos ten uns custos en seguridade materia, ou sexa, o que non queira pagar a liberdade en seguridade materia, pois naturalmente é que non quere liberdade. Naturalmente é moito más doado gobernar e digamos manter materialmente quieto e tranquilo un sistema social cunha ditadura que cunha democracia. A ditadura ten uns mecanismos tremendos incluso de ocultación do que pasa que fan que a sociedade estea tranquila. E desculpade que incida sobre un tópico, o tópico da alarma social. A alarma social non é ningún criterio. O Tribunal Constitucional español dixo que pola alarma social non se poden incrementar as penas, que é un criterio inconstitucional, porque a alarma social se fabrica, como se fabrica a tranquilidade, eh? Ou sexa, o que a xustifica e pensa é o dano ou o perigo para os bens xurídicos, e que a xente se asuste diso non significa nada.

Querería dicir, por último, que con este ordenamento tan complexo que temos e con esta maneira tan complexa que temos de xulgar, e con esta burocracia tan complexa que temos, o derecho dise tarde; aparte de dicirse discutiblemente ben, dise tarde. E entón cando o derecho se di tarde, o que impera é o señorío dos feitos sobre o derecho. Eu creo que esta situación debemos de afrontala e temos que afrontala con seriedade, e creo que temos que chamar a atención sobre poderes públicos e tamén a atención sobre os chamados medios de comunicación de masas, que deberían ser os vehículos do pluralismo e da reflexión, e son, a miúdo, moi outra cousa, sobre a responsabilidade que teñen e sobre a responsabilidade que un día se lles pode esixir. E nada más.

CLAUSURA DAS XORNADAS

Autor

José Luís Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas
e Xustiza da Xunta de Galicia.

129



Si, moitas grazas, bo día. A verdade que o desenvolvemento dunhas xornadas sobre a Administración de Xustiza como servizo ao cidadán, non pode máis que conceptuarse como oportuno, porque en todas as enquisas, en todas as sondaxes de opinión, a xustiza aparece no noso país como un dos servizos públicos, quizais como servizo público, que ten menos recoñecemento respecto do cidadán, ou se se quere ver no senso contrario, o servizo que produce máis insatisfacción aos cidadáns. E as razóns, coñécenas todos os participantes destas xornadas como profesionais das distintas áreas do dereito; as razóns teñen que ver con varios problemas distintos, de aí, a dificultade de manter unha situación que se ven arrastrando desde hai xa demasiados anos e onde por razóns que non paga a pena agora entrar nelas, non foi posíbel mentres cambiaban, a percepción doutros grandes servizos públicos, non foi posible porén, cambiar esa percepción no ámbito da xustiza. Os cidadáns non comprenden como é posíbel, por citar casos concretos, que aquí en Galicia, o sumario que afecta a máis persoas na historia xudicial de Galicia, e probabelmente, un dos que afecta a máis persoas na historia xudicial española, como é o sumario do *Prestige*, estea sen unha data clara de conclusión, e estea sometido a vicisitudes que non teñan que ver co obxectivo de impartir a xustiza, co obxectivo de resarcir nos cidadáns, co obxectivo de determinar as responsabilidades si é que as houber. E non o comprenden porque teñen que soportar actuacións de carácter organizativo, ou de carácter procesual, que non son doidas de comprender. Non é doado comprender se hai unha necesidade estrutural, por que non se pode resolver con celeridade, como se fai en calquera outra área da vida pública: na seguridade social, na axencia tributaria, na administración civil, en calquera das grandes áreas de administración moderna, cando existe un problema singular, adóptanse medidas singulares, de medios humanos, de medios económicos, de instalacións, do que faga falla. E grazas a iso, precisamente, funcionan as sociedades. iso non ocorre no ámbito da xustiza e os cidadáns non o comprenden porque non é doado de trasladar que existan razóns obxectivas na altura do século XXI, que dificulten levar adiante iso. Por exemplo, as circunstancias sobre as que os medios de comunicación inciden con frecuencia en relación con asuntos penais que producen especial alarma, por citar un tema concreto, os relacionados por exemplo coa violencia de xénero, e as dificultades para exercer un seguimento sobre determinadas persoas, etc.

Son, en definitiva, situacións fronte ás que os cidadáns dunha sociedade avanzada como é a España actual, teñen a plena percepción de que se non se resolve, é sinxelamente, porque non se poñen os medios para resolvelo. Isto está producindo algo que creo que é negativo. É negativo, desde logo, para todos os que traballan no ámbito da xustiza e é negativo para todos os que temos responsabilidades directas ou indirectas no funcionamento da Administración de Xustiza, que é unha producción incesante de novas, nos medios de comunicación, que de xeito continuado, abundan nesa percepción de mala

imaxe. É rarísimo atopar, nun medio de comunicación, unha información que poña en valor, un xeito de producir xustiza, de producir sentencias, axeitadas en asuntos que teñen especial relevancia. Isto, normalmente, non se produce, e no entanto, temos unha sucesión praticamente diaria, praticamente cotiá, de noticias negativas. Cre este goberno, cre este conselleiro e así estamos a traballar nesa dirección, que debemos abordar tres cambios fundamentais, ou tres tipos de cambios fundamentais e paralelos os tres.

En primeiro lugar, sen dúbida, cambios normativos. Se trata de modificar un número elevado de leis, más de vinte, que teñen que ver con distintos aspectos procesuais, con aspectos relativos ao procedemento, algunas que están vixentes, por sorprendente que poida parecer os leigos en dereito desde o século XIX, e que no entanto, constitúen a base do procedemento penal, por exemplo. Trátase de producir eses cambios normativos, mais desgraciadamente, eses cambios normativos teñen en moitos casos rango de Lei Orgánica e necesitan un acordo político nas cortes, entre as grandes formacións estatais que non se ten dado, agora parece que se albiscan algunas posibilidades de cambio, mais creo que hai que ser razoabelmente prudente, antes de poñer prazos a eses cambios e en todo caso, até que produzan efectos en bastante tempo. Hai un segundo bloque de cambios, sobre os que tamén estamos a incidir, aínda na próxima semana teremos a oportunidade de discutilo de novo co equipo do ministerio, que son os cambios relativos ao marco de competencias en materia de xustiza. As Comunidades Autónomas xulgamos extraordinariamente insatisfactoria, a situación actual. Non ten sentido que comunidades que temos capacidade normativa, capacidade organizativa, recursos económicos, e sobre todo, vontade de abordar os problemas, en materia de xustiza esteamos limitados exclusivamente, ás funcións dominicais, ás funcións propias do caseiro, por dicilo coloquialmente, ás funcións de prover edificios e os servizos inherentes para eses edificios e pouco máis: de informática e cuestiós parecidas. Nin sequera podemos modificar algo tan sorprendente tamén aos ollos dos leigos, como é a incomunicación informática entre a fiscalía e o poder xudicial.

É dicir, as aplicacións non compatibles entre si. Non temos capacidade de producir aplicacións propias. Esa situación non ten parangón en ningunha área da administración. Cremos que se debe de modificar e introducir no ámbito de competencias das Comunidades Autónomas plenas competencias organizativas. É dicir, sobre a oficina xudicial, sobre o persoal, sobre todos os sistemas que teñen que ver co desenvolvemento cotiá do traballo sen menos cabo da autonomía propia da decisión xurisdiccional. E cremos que iso se debe producir con rapidez, porque existen os recursos para facer fronte mais a situación actual non permite tomar as decisións necesarias. E cremos, ademais, que iso non pon en risco senón polo contrario, melloraría razoabelmente o funcionamento operativo das distintas unidades xudiciais e isto inclúe evidentemente, a plena competencia sobre a demarcación e planta. A responsabilidade da creación de novas unidades xudiciais cando son necesarias, non pode radicar nun lugar lonxe, non do Ministerio de Xustiza, que ao final, non ten máis capacidade que efectuar unha distribución dun determinado número de xuíces porque o resto dos custos van ser asumidos polos poderes públicos. Cremos que unha maior proximidade da decisión da demarcación e planta, permitiría actuar con celeridade precisamente cando se producen disfuncións relacionadas co número de casos, coa dependencia, e cos demais parámetros que se utilizan.

E hai una terceiro grupo de problemas, e con isto remato, aos que creo se debe producir unha reflexión distinta que é o goberno da xustiza, o goberno do poder xudicial, para ser concretos. O sistema actual ten derivado cara unha situación moi conflitiva e mesmo me atrevería dicir, moi delicada. Que o goberno da xustiza non debe ser un goberno exclusivamente corporativo, probabelmente está no fondo dos debates dos últimos anos; mais substituílo por un goberno de extracción parlamentaria, ou un goberno supeditado aos pactos, aos compromisos ou ás loitas cotiás, habituais no mundo da política, non está producindo nin bos resultados, nin está producindo unha boa imaxe da xustiza. A

situación de estabilidade na que se atopa, por exemplo, o Consello Xeral do Poder Xudicial, non é más que a punta dun enorme iceberg, porque forman parte dese mesmo proceso de negociación política o nomeamento de maxistrados no Tribunal Supremo, e o nomeamento de distintos cargos que afectan o funcionamento cotiá. Por poñer un caso que teño explícito en numerosas ocasións, é incomprensíbel e desde logo, para o goberno de Galicia, inadmisíbel que a presidencia do tribunal superior, máximo órgano de goberno da xustiza nesta comunidade, leve vacante máis de dous anos, e non teña unha data de cobertura. E a razón pola que está vacante, a pesar de haber cualificados candidatos que esperan ocupala, é un desexo vehemente na carreira e na administración, para que se cubra esa vacante, a única razón pola que está vacante é porque esta presidencia é moeda de cambio, moeda de troque nesas complexas negociacións, é dicir, ningunha razón que teña que ver coas necesidades obxectivas da xustiza en Galiza, coas necesidades obxectivas da mellora do servizo público da Administración de Xustiza. En definitiva, este é un debate moi fondo, é un debate complexo, mais é un debate que creo que nestas alturas a sociedade española non pode continuar adiando, sobre todo, porque os novos estatutos de autonomía están creando os consellos de xustiza autonómicos. Eses consellos serán nunha realidade inmediatamente. O propio ministro de xustiza así o anunciou na súa comparecencia en cortes nesta mesma semana. E esos consellos de xustiza corren o risco de reproducir mimeticamente condutas que vimos de ver no Consello Xeral do Poder Xudicial. Significan unha oportunidade, evidentemente, significan unha oportunidade de introducir distintas formas de gobernar nos territorios con participación e con maior proximidade, mais presentan tamén un risco evidente.

En definitiva, estes son os problemas que lles quería transmitir, os problemas que nos preocupan aos que temos a responsabilidade nada más que da administración da xustiza, e para facerles fronte e non laiarnos excesivamente, teño que anunciarles que a próxima semana iniciaremos formalmente os traballos para a elaboración dun libro branco da xustiza en Galicia, temos convocado a máis de corenta expertos de todos os sectores vinculados á xustiza, xudicatura, fiscalía, asociacións profesionais, colexios de avogados, da procura, e outros colectivos para e tratar de conseguir e ao longo dun período de tempo determinado unha diagnose da situación da xustiza en Galiza mais sobre todo, un abano de medidas que poidan axudar a que os cidadáns teñan unha percepción distinta dessa administración; en definitiva, o que nos debe guiar é conseguir máis consenso nas reformas e levar un nivel do debate arredor dos problemas da xustiza fuxindo do caso concreto, do caso particular, e buscando principios más xerais, e en definitiva, conseguir por esta vía indirecta ese pacto social, ese pacto profesional que nos poña a todos na dirección oportuna para conseguir canto antes que o servizo público da xustiza teña o mesmo rango na percepción dos cidadáns que teñen os servizos públicos más estimados hoxe en día en España.

Máis nada. Moitas grazas.

